



Concello de Vigo

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 21 de marzo de 2018

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. Carlos López Font
D. Cayetano Rodríguez Escudero.
D^a. Olga Alonso Suárez
D. Angel Rivas González.
D. Jaime Aneiros Pereira.

NON ASISTEN:

D^a M^a. Carmen Silva Rego
D. David Regades Fernández
M^a José Caride Estévez
D^a. M^a. Isaura Abelairas Rodríguez

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e oito minutos do día vinte e un de marzo de dous mil dezaoto e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Alonso Suárez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o secretario do Pleno, Sr. Riesgo Boluda, por ausencia da titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, e o interventor xeral, Sr. Escariz Couso.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(268).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

2(269).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS E ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO PATROCINIO PUBLICITARIO DA GRAN GALA DO DEPORTE DE VIGO E A SÚA COMARCA-2018. EXPTE. 15878/101.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 20/03/18, dáse conta do informe-proposta asinado con data 20/03/18 pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (RLCSP) no que no se opoña ó Real Decreto Legislativo 3/2011
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que no se opoña ó Real Decreto Legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas que rexerán o procedemento negociado sen publicidade para a contratación do patrocinio publicitario da “Gran gala do deporte de Vigo e a súa comarca 2018” organizada por FARO DE VIGO, S.A.U.
- Prego de prescricións técnicas particulares que rexerán o procedemento negociado sen publicidade para a contratación do patrocinio publicitario da “Gran gala do deporte de Vigo e a súa comarca 2018” organizada por FARO DE VIGO, S.A.U.

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión do 5 marzo de 2018 adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Aprobar a contratación polo procedemento negociado sen publicidade, consonte ó disposto no artigo 170.d) TRLCSP, para o contrato de patrocinio publicitario da GRAN GALA DO DEPORTE DE VIGO E A SUA COMARCA 2018, a mercantil Faro de Vigo SAU, como organizador exclusivo da Gala.

Segundo.- Aprobar o Prego de prescricións técnicas particulares, redactado polo Xefe do Servizo de Deportes – Director deportivo, de data 26 de febreiro de 2018.

Terceiro.- Aprobar o Prego de cláusulas administrativas particulares, redactado pola Xefa do Servizo de Contratación con data de 28 de febreiro de 2018.

Cuarto.- Autorizar o gasto por importe máximo de base á negociación de dun total de 70.000,00 euros (IVE incluído), sendo o importe do IVE a cantidade de 12.148,76 euros.

- *O gasto imputarase a aplicación orzamentaria 912.0.227.99.05 (Programas Alcaldía)*
- *O valor estimado do contrato, de conformidade co disposto no artigo 88 TRLCSP, é de (57.851,23 €).*

Quinto.- Abrir o procedemento licitatorio para selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente de acordo o procedemento negociado sen publicidade.

Sexto.- Exceptuar de someter ao control da Mesa de Contratación o procedemento negociado sen publicidade por razón de ser un contrato privado non requirindo



Concello de Vigo

ademais a consulta a ningunha outra empresa por ser un operador único, ao ser potestativa a súa constitución segundo artigo 320.1 do TRLCSP”.

Segundo.- En data 13 de marzo de 2018 o Servizo de Contratación cursou unha invitación para participar no citado procedemento a FARO DE VIGO, S.A.U., titular dos dereitos de exclusiva da “GRAN GALA DO DEPORTE DE VIGO E A SÚA COMARCA 2018”, concedéndolle un prazo de 5 días hábiles para a presentación da correspondente oferta.

Terceiro.- O 15 de marzo de 2018 FARO DE VIGO, S.A.U. presentou a súa oferta no Rexistro Xeral deste Concello, dentro do prazo concedido para o efecto.

Cuarto.- O 16 de marzo de 2018, reunidas na oficina de contratación a xefa de Área de Xestión Patrimonial e Territorial, D^a. Marta Riobó Ibáñez, responsable do contrato, e a técnica de Administración xeral do Servizo de Contratación, D^a. Ángela Fernández López (por delegación do 16 de marzo de 2018 da xefa do Servizo de Contratación), procedeuse á apertura da oferta presentada polo licitador invitado a participar.

En primeiro lugar, cualificouse a documentación administrativa. Segundo consta na acta da sesión *“Cualificada a documentación administrativa, e comprobado que esta é conforme co esixido nas cláusulas 7.2 e 9.6 do PCAP, acórdase admitir a FARO DE VIGO, S.A.U. neste procedemento”*. A continuación, abriuse o “SOBRE B: PROPOSICIÓN TÉCNICA E ECONÓMICA”, da que se lle deu traslado ao servizo xestor para que comprobase se a proposta se axusta aos pregos e sobre a procedencia ou non de adxudicar o contrato ao licitador, conforme ao disposto na cláusula 10^a.5 do PCAP.

Quinto.- Con data do 16 de marzo de 2018, a xefa de Área de Xestión Patrimonial e Territorial emitiu informe no que se indica “A xuízo da técnica que subscribe o presente informe a oferta presentada polo Faro de Vigo SAU, axústase aos requisitos esixidos no Prego de cláusulas administrativas particulares e no Prego de prescricións técnicas particulares, e a súa oferta económica responde ós límites concretos para este contrato, establecendo como prezo do contrato o importe de 70.000 euros incluído o 21% de IVA. O importe do IVE é de 12.148,76 euros”.

Sexto.- O 16 de marzo de 2018, o Servizo de Contratación comunicou ao licitador a admisión da súa oferta e iniciou a fase de negociación, concedéndolle un prazo de tres días para a reformulación da súa oferta ou a súa ratificación, segundo a cláusula 11^a do PCAP.

Sétimo.- O 16 de marzo de 2018, D. Pedro Nuno Días Da Costa, en nome e representación de FARO DE VIGO, S.A.U., representación que consta acreditada no expediente, ratificouse na oferta presentada.

Oitavo.- Con data do 20 de marzo de 2018, a xefa de Área de Xestión Patrimonial e Territorial, á vista do actuado, propón que o órgano de contratación realice a clasificación neste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- Unha vez valoradas as ofertas presentadas nun procedemento de contratación conforme os criterios de adxudicación sinalados no prego de cláusulas administrativas particulares (artigo 150 TRLCSP), o órgano de contratación clasificará, por orde decrecente, as proposicións presentadas e que non sexan declaradas desproporcionadas ou anormais conforme ao sinalado no artigo 152.

Segundo.- Clasificadas as ofertas por orden decrecente, o órgano de contratación requirirá ao licitador que presentou a oferta economicamente máis vantaxosa para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, presente a documentación xustificativa de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social ou autorice ao órgano de contratación para obter de forma directa a acreditación, de dispoñer efectivamente dos medios que se comprometeu a dedicar ou adscribir á execución do contrato conforme e de constituír a garantía definitiva que sexa procedente.

No entanto, neste caso non resulta preciso realizar este requirimento por canto o licitador xa presentou coa documentación persoal as certificacións acreditativas de atoparse ao corrente nas súas obrigas tributarias co Estado, coa CCAA de Galicia, así como coa Seguridade Social. O certificado de estar ao corrente co Concello de Vigo foi solicitado polo propio Servizo de Contratación. Así mesmo, neste procedemento non se esixe a constitución de garantía definitiva, a teor do disposto na cláusula 13ª do PCAP.

Á vista destas circunstancias, procede realizar simultaneamente a clasificación e a adxudicación do contrato.

Terceiro.- O órgano de contratación ten a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Con relación á motivación desta adxudicación remitímonos ao informe da xefa de Área de Xestión Patrimonial e Territorial, de data 16 de marzo de 2018, de valoración da oferta técnica e económica de FARO DE VIGO, S.A.U., no que manifesta que esta se axusta aos pregos que rexen esta licitación.

Revisada a documentación presentada polo licitador, e comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Cuarto.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao anterior, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:



Concello de Vigo

“1º.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego de cláusulas administrativas particulares, a proposición admitida no procedemento negociado sen publicidade para a contratación do patrocinio publicitario para a “Gran gala do deporte de Vigo e a súa comarca 2018” organizada polo Faro de Vigo, S.A.U. na seguinte orde descendente:

- *FARO DE VIGO, S.A.U.*

2º.- Adxudicar a FARO DE VIGO, S.A.U., o procedemento negociado sen publicidade para a contratación do patrocinio publicitario para a “Gran gala do deporte de Vigo e a súa comarca 2018” organizada polo Faro de Vigo por un prezo de 70.000 euros IVE incluído, sendo a cota correspondente o IVE de 12.148,76 euros.

Todo iso de acordo coa oferta presentada e os pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares que rexen esta licitación”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(270).- REQUIRIMIENTO A PUENTES Y CALZADAS GRUPO DE EMPRESAS, S.A., PARA A XESTIÓN DA CONCESIÓN PARA A CONSTRUCCIÓN E EXPLOTACIÓN DE APARCADOIROS SUBTERRÁNEOS NAS RÚAS ROSALÍA DE CASTRO, JENARO DE LA FUENTE E AVDA. CASTELAO. EXPTE. 636/449.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 20/03/18, asinado pola xefa do Servizo de Contratación, a xefa do Servizo de Transportes, o concelleiro-delegado da Área de Contratación e a concelleira delegada de Transportes, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- a) Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).
- b) Real Decreto Legislativo 2/2000, de 16 de xuño, texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas (LCAP).
- c) Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).
- d) Directiva 2004/18/CE, de 31 de marzo de 2004, sobre coordinación dos procedementos de adxudicación dos contratos públicos de obras, de subministro e de servizos (Directiva 2004/18/CE).
- e) Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- f) Real Decreto - Legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).

g)Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais (RS).

h)Lei 22/2003, de 9 de xullo, Concursal.

i)Prego de cláusulas técnicas e administrativas do concurso para a xestión mediante concesión de servizo público de aparcadoiros subterráneos de uso mixto en diferentes lugares da cidade aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local do Excmo. Concello de Vigo de data 14 de agosto de 2006 (PCAP).

j)Prego de prescricións técnicas que rexerá no concurso para a adxudicación por procedemento aberto dun contrato de xestión de servizos públicos con execución de obra para a construción e posterior explotación, en dous lotes de tres, de seis aparcadoiros mixtos (rotatorio e residentes) en diferentes lugares da cidade de Vigo (PPT).

k)Real Decreto de 24 de xullo de 1889, polo que se aproba o Código Civil (CC).

ANTECEDENTES

Primeiro.- En data 21 de maio de 2007, por acordo da Xunta de Goberno Local (no sucesivo XGL), adxudicouse a PUENTES Y CALZADAS GRUPO DE EMPRESAS, S.A. (en adiante PUENTES), a concesión de servizo público para a construción e explotación de aparcadoiros subterráneos de uso mixto nas rúas Rosalía de Castro, Jenaro de la Fuente e Avenida Castelao.

O adxudicatario manifestou na súa oferta a súa intención de constituír unha sociedade unipersoal para a xestión da concesión en caso de resultar adxudicataria (Memoria incluída no sobre 2, apartado 3, do Plan Económico Financeiro, subapartado 3.2). Consecuentemente, unha vez adxudicado o contrato, a entidade adxudicataria do contrato constituíu unha sociedade anónima unipersoal, COCHERAS OLÍVICAS DE PUENTES, S.A. (no sucesivo COCHERAS), e solicitou á Administración a autorización de formalización do contrato con esta sociedade.

En data 6 de agosto de 2007, a Xunta de Goberno Local, en resposta a solicitude do concesionario mencionada no parágrafo anterior, adoptou o seguinte acordo:

“Entender que o acordo adoptado pola Xunta de Goberno local de 21 de maio de 2007 polo que adoptouse a adxudicación da concesión do servizo publico de redacción de proxectos de construción e explotación dos aparcamentos subterráneos do denominado lote 2 a Puentes y Calzadas S.A. é extensivo a Cocheras Olivicas de Puentes S.A. (Unipersoal) por asi constar na proposición gañadora do concurso”

Segundo.- En auto de data 20 de abril de 2017, o xulgado do mercantil número 1 de A Coruña, declarou en concurso voluntario de acredores á mercantil COCHERAS OLÍVICAS DE PUENTES S.A. No mesmo auto nomease administradora concursal á sociedade RIVAS & MONTERO BUFETE DE ABOGADOS, S.L.P. (agora denominada ARISTEIA ABOGADOS, S.L.P., en adiante, ARISTEIA ou a administradora concursal).



Concello de Vigo

En auto de data 7 de xuño de 2017, o citado xulgado acordou, no seo do procedemento concursal, a apertura da fase de liquidación do contrato.

Terceiro.- En data 20 de xuño de 2017, D. Cristina Pedrosa Leis, en nome e representación de ARISTEIA, insta a este Concello a que proceda á resolución administrativa e liquidación da citada concesión, de conformidade coa lexislación de aplicación. Así mesmo, pon os aparcadoiros a disposición do Concello, requiríndolle para que os reciba canto antes, e en todo caso, no prazo máximo dun mes.

Cuarto.- En data 10 de agosto de 2017, a XGL acordou denegar a solicitude de resolución do contrato mencionada no antecedente anterior.

Quinto.- En data 28 de setembro de 2017, a administradora concursal interpón recurso contencioso-administrativo contra a resolución a XGL de 10 de agosto de 2017 denegando a resolución do contrato, actualmente en tramitación no Xulgado do Contencioso-administrativo nº 1 de Vigo.

Sexto.- En data 5 de outubro de 2017, a Xunta de Goberno Local, acordou:

“Requirir á PUENTES Y CALZADAS GRUPO DE EMPRESAS, S.A., titular da concesión de servizo público para a construción e explotación de aparcadoiros subterráneos de uso mixto nas rúas Rosalía de Castro, Jenaro de la Fuente e Avenida Castelao, por acordo da Xunta de Goberno Local (no sucesivo XGL) de data 21 de maio de 2007, para que, no prazo dos quince días seguintes á recepción do presente escrito, manfeste se en caso de liquidación da actual sociedade instrumental que xestiona o contrato, COCHERAS OLÍVICAS DE PUENTES, S.A.U., continuará xestionando directamente a citada concesión ou ben constituirá unha nova sociedade instrumental”.

Sétimo.- En data 7 de novembro de 2017, D. Carlos M. Paz Costas, en nome e representación de PUENTES Y CALZADAS GRUPO DE EMPRESAS, S.A., manfesta que a citada mercantil non é a titular da concesión, senón que “La concesionaria – que no sociedade instrumental – es COCHERAS OLÍVICAS DE PUENTES, S.A.U.”.

Oitavo.- En data 5 de decembro de 2017, D. Carlos M. Paz Costas, en nome e representación de PUENTES Y CALZADAS GRUPO DE EMPRESAS, S.A., achega, como complemento do escrito citado no antecedente anterior, un ditame do Catedrático de Dereito Administrativo da Universidade Autónoma de Madrid, D. Francisco-Javier Jiménez de Cisneros Cid.

Noveno.- En data 19 de febreiro de 2018, recibíuse auto do Xulgado do Mercantil nº 1 de A Coruña, de 16 de febreiro do mesmo ano, acordando o cese da actividade empresarial de COCHERAS OLÍVICAS DE PUENTES, S.A.U., e o peche das oficinas, establecementos ou explotacións de que fose titular.

Décimo.- En data 1 de marzo de 2018, a XGL acordou “Requirir á PUENTES Y CALZADAS GRUPO DE EMPRESAS, S.A., titular da concesión de servizo público para a construción e explotación de aparcadoiros subterráneos de uso mixto nas rúas Rosalía de Castro, Jenaro de la Fuente e Avenida Castelao, por acordo da Xunta de Goberno Local (no sucesivo XGL) de data 21 de maio de 2007, para que no prazo dun mes a contar desde a recepción da presente resolución, continúe coa xestión da citada concesión, apercibiéndole de que en caso contrario, esta Administración procederá a resolución do contrato por incumprimento grave das súas obrigas esenciais ou a declarar a caducidade da mesma, segundo proceda”. Este acordo foi notificado ao concesionario en data 2 de marzo.

Undécimo.- En data 16 de marzo de 2018, a Administradora concursal comunicou por correo electrónico a esta Administración o peche dos aparcadoiros en data 31 de marzo de 2018, en cumprimento do citado auto do xulgado do mercantil número 1 de A Coruña de 16 de febreiro de 2018.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

A concesión de servizo público para a construción e explotación de aparcadoiros subterráneos de uso mixto nas rúas Rosalía de Castro, Jenaro de la Fuente e Avenida Castelao, adxudicada por acordo da Xunta de Goberno Local (no sucesivo XGL) de data 21 de maio de 2007 á PUENTES Y CALZADAS GRUPO DE EMPRESAS, S.A. (en adiante, PUENTES ou o concesionario), pode cualificarse como contrato de xestión de servizo público.

Resulta preciso determinar en primeiro lugar, a lexislación á aplicar a este contrato. Os contratos se rexen, en canto ós seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no Prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento en que foron celebrados (disposición transitoria primeira do TRLCSP e disposición transitoria segunda CC), é dicir:

l)Real Decreto Legislativo 2/2000, de 16 de xuño, texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas (LCAP).

m)Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).

n)Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais (RS).

Este contrato é definido pola lexislación contractual que resúltalle de aplicación como aquel mediante o cal as Administracións Públicas encomendan a unha persoa, natural o xurídica, a xestión dun servizo público (artigo 154.1 LCAP).

A súa regulamentación específica está contida no título II do libro II da LCAP e no Regulamento de servizos das corporacións locais.



Concello de Vigo

-II-

O contrato que nos ocupa foi adxudicado a un grupo empresarial, PUENTES Y CALZADAS GRUPO DE EMPRESAS, S.A.. O adxudicatario manifestou na Memoria incluída no sobre 2 (apartado 3), no Plan Económico Financeiro (subapartado 3.2) a súa intención de constituír unha sociedade unipersoal para a xestión da concesión en caso de resultar adxudicatario. Consecuentemente, unha vez adxudicado o contrato, a entidade adxudicatario do contrato constituíu unha sociedade anónima unipersoal, COCHERAS OLÍVICAS DE PUENTES, S.A., cun capital social de 61.000 euros e solicitou á Administración a autorización de formalización do contrato con esta sociedade.

A lei permite que o adxudicatario dunha concesión de servizo público ou de obra pública poida constituír unha sociedade ad-hoc para a explotación da mesma. Esta posibilidade foi introducida pola Lei 13/2003, de 23 de maio, reguladora do contrato de concesión de obras públicas, nos artigos 230 e 232.3 do TRLCAP, é resulta aplicable as concesións de servizo público a teor do artigo 156.a. do mesmo corpo legal. En consecuencia, tal e como se recolle no antecedente primeiro deste escrito, a XGL tomou razón da constitución deste sociedade instrumental.

A sociedade instrumental creada pola concesionaria, Puentes y Calzadas Grupo de Empresas, S.A., para a xestión da concesión, COCHERAS OLÍVICAS DE PUENTES, S.A., foi declarada en concurso voluntario en auto de data 20 de abril de 2017, do xulgado do mercantil número 1 de A Coruña.

Liquidada a sociedade instrumental, o Xulgado, en auto de 16 de febreiro de 2018, declara o cese da súa actividade empresarial e o peche das oficinas, establecementos ou explotacións de que fose titular. En consecuencia, liquidada a sociedade instrumental, o concesionario, PUENTES, deberá xestionar a concesión.

En data 7 de outubro de 2017, requiríuselle para que manifestase se en caso de liquidación da actual sociedade instrumental, COCHERAS OLÍVICAS DE PUENTES, S.A.U., continuaría xestionando directamente a citada concesión, ou ben constituír unha nova sociedade instrumental, concedéndolle ao efecto un prazo de quince días. O concesionario non respostou a este escrito en prazo. Se ben, presentou no Rexistro Xeral sendos escritos en datas 7 de novembro e 5 de decembro. No primeiro manifestou que o concesionario era a extinta sociedade instrumental e no segundo limitouse a aportar un ditame dun catedrático de dereito administrativo sobre a improcedencia de considerar ao Grupo Puentes concesionario deste contrato.

En data 2 de marzo de 2017 requiríuselle de novo para que continuase coa xestión da citada concesión, apercibíndolle de que en caso contrario, esta Administración procedería a resolución do contrato por incumprimento grave das súas obrigas esenciais ou a declarar a caducidade da mesma, segundo procedese, outorgándolle ao efecto o prazo dun mes.

No entanto, no transcurso deste prazo, a Administradora concursal comunicou por correo electrónico de data 16 de marzo a esta Administración a súa intención de proceder ao peche dos aparcadoiros en data 31 de marzo, en cumprimento do auto do xulgado do mercantil número 1 de A Coruña de 16 de febreiro de 2018. Polo tanto, non resulta posible agardar á

S. ext.urx. 21/03/18

contestación de PUENTES, por rematar o prazo concedido ao efecto con posterioridade á data prevista de peche. En consecuencia, é preciso requirirle de novo, para que manifieste, a súa intención de continuar ou non coa prestación do servizo de aparcadoiro.

O servizo de aparcadoiro é un servizo público, que se encadra nas competencias municipais en materia de tráfico, estacionamento de vehículos e mobilidade (artigos 25.2.g da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local -en adiante LBRL- e 80.2.b da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia- en adiante LALGA-).

,Ao tratarse dun servizo público, o Concello ten que garantir a continuidade do mesmo, sobre todo, tendo en conta que o concesionario ten celebrado contratos de cesión de uso de prazas de aparcadoiro e de abonos mensuais. En consecuencia, se o concesionario non continúa coa xestión dos aparcadoiros, o Concello deberá adoptar medidas para continuar coa mesma e evitar o seu peche. Neste senso, o artigo 127.1.3ª RSCL, outorga a corporación concedente a facultade de asumir temporalmente a execución directa do servizo nos casos nos que o concesionario non o prestase ou non o puidera prestar, sexa por circunstancias imputables, ou non, ao mesmo. Así mesmo, compre recordar ao concesionario que o cese na xestión da explotación da concesión pode considerarse como unha infracción moi grave das súas obrigas esenciais, que de producirse sería causa de resolución, ou de caducidade da concesión, por causa imputable ao mesmo.

-III-

A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

“Requirir á PUENTES Y CALZADAS GRUPO DE EMPRESAS, S.A., titular da concesión de servizo público para a construción e explotación de aparcadoiros subterráneos de uso mixto nas rúas Rosalía de Castro, Jenaro de la Fuente e Avenida Castela, por acordo da Xunta de Goberno Local (no sucesivo XGL) de data 21 de maio de 2007, para que no prazo dos tres días seguintes á recepción da presente resolución, continúe coa xestión da citada concesión, apercibíndolle de que en caso contrario, esta Administración procederá a adoptar as seguintes medidas:

1º.- Asumir temporalmente a execución directa do servizo, consonte ao disposto no artigo 127.1.3ª RSCL.

2º.- Incoar expediente para determinar se procede declarar a resolución do contrato por incumprimento grave do concesionario das súas obrigas esenciais, ou, no seu caso, declarar a caducidade da concesión”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



Concello de Vigo

4(271).- BASES XERAIS E ESPECÍFICAS REGULADORAS DA CONVOCATORIA DE PROCESOS SELECTIVOS PARA A COBERTURA DAS PRAZAS VACANTES INCLUÍDAS NAS OFERTAS DE EMPREGO PÚBLICO DOA ANOS 2014, 2015 E 2016. EXPTE. 31295/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 20/03/18, dáse conta do informe-proposta do 19/03/18, asinado pola técnica de Admón. Xeral de Recursos Humanos, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e o concelleiro delegado de Persoal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- A Xunta de Goberno Local, en sesión do día 30 de decembro de 2014, aprobou a oferta de emprego público municipal para o ano 2014, (publicacións oficiais no BOP 22/12/2015 e no DOG do 24/12/2015.)

Así mesmo, a Xunta de Goberno Local, en sesión do 30/12/2015, aprobou a oferta de emprego público municipal para o ano 2015, publicada no BOP do 26/01/2016 e no DOG 10/02/2016).

A OEP correspondente ao ano 2016 foi aprobada pola Xunta de Goberno Local o 08/04/2016 -modificada en acordo de data 02/12/2016- e publicada no BOP do 22/12/2016 e no DOG do 28/12/2016.

2.- En cumprimento da instrución de servizo ditada polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal de data 3 de outubro de 2017, procedeuse á emisión de informe en relación á aprobación das bases e convocatorias dos procesos selectivos que se deriven da execución das ofertas indicadas.

3.- A Xunta de Goberno Local na sesión extraordinaria e urxente de data 05/02/2018, adoptou acordo de aprobación das Bases xerais e específicas reguladoras da convocatoria de procesos selectivos para a cobertura das prazas vacantes incluídas nas ofertas de emprego público dos anos 2014, 2015, e 2016. (Expte 31295-220)

4.- En data 08/03/2018, solicitouse pola Xefatura da Área de RRHH e Formación a emisión de informe técnico en relación ao expediente administrativo n.o 31.295/220 sobre a identificación de erros aritméticos, gramaticais, de transcripción, materiais ou de feito e a redacción correcta. O citado informe foi emitido en data 15/03/2018.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- SOBRE AS OFERTAS DE EMPREGO PÚBLICO E A SÚA EXECUCIÓN: MARCO LEGAL E PREVISIÓNS ESPECÍFICAS AO RESPECTO.

I.- As Administracións Públicas están suxeitas no seu funcionamento aos principios constitucionais de eficacia, xerarquía, descentralización, desconcentración e coordinación, con sometemento pleno á Lei e ao Dereito (artigo 103.1 CE 1978), rexendo os principios de inter-

dicción da arbitrariedade (artigo 9.3) e legalidade, debendo en consecuencia a Administración Pública garantir a plena observancia de que os procesos selectivos se desenvolvan garantindo os principios de igualdade, mérito, capacidade, transparencia, publicidade e concorrencia competitiva recollidos no artigo 55 do Real Decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, e demais normativa sectorial de concordante aplicación.

As peculiaridades da función pública local contémplanse, con carácter xeral, na lexislación básica sobre réxime local; así, a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, preceptúa nos seus artigo 100 que:

"1. Es competencia de cada Corporación local la selección de los funcionarios con la excepción de los funcionarios con habilitación de carácter nacional.

2. Corresponde, no obstante, a la Administración del Estado, establecer reglamentariamente:

a) Las reglas básicas y los programas mínimos a que debe ajustarse el procedimiento de selección y formación de tales funcionarios.

b) Los títulos académicos requeridos para tomar parte en las pruebas selectivas, así como los Diplomas expedidos por el Instituto de Estudios de Administración Local o por los Institutos o Escuelas de funcionarios establecidos por las Comunidades Autónomas, complementarios de los títulos académicos, que puedan exigirse para participar en las mismas."

En igual senso, o artigo 133 do mesmo Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que:

"El procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas."

A vocación unificadora do lexislador en materia de función pública ten sido manifestada pola xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, dictada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

"FD CUARTO.-

(...) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: 1º) cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (.....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones lega-



Concello de Vigo

les vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, **en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública.**”

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** afirma que:

“.....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) “El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que **la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución.**”

As ofertas de emprego público constituén elementos esenciais da ordenación de recursos humanos no sector público, dentro da actividade de planificación de recursos humanos, cuxo obxectivo fundamental é o de contribuir á consecución da eficacia na prestación dos servizos e da eficiencia na utilización dos recursos económicos dispoñibles mediante a dimensión adecuada dos seus efectivos, a súa mellor distribución, formación, promoción profesional e mobilidade.

O Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei 7/2007, do Estatuto Básico do Empregado Público, regula as ofertas de emprego público no seu artigo 70, establecendo que:

*“1. Las necesidades de recursos humanos, con asignación presupuestaria, que deban proveerse mediante la incorporación de personal de nuevo ingreso serán objeto de la Oferta de empleo público, o a través de otro instrumento similar de gestión de la provisión de las necesidades de personal, lo que comportará la obligación de convocar los correspondientes procesos selectivos para las plazas comprometidas y hasta un diez por cien adicional, fijando el plazo máximo para la convocatoria de los mismos. **En todo caso, la ejecución de la oferta de empleo público o instrumento similar deberá desarrollarse dentro del plazo improrrogable de tres años.**”*

2. La Oferta de empleo público o instrumento similar, que se aprobará anualmente por los órganos de Gobierno de las Administraciones Públicas, deberá ser publicada en el Diario oficial correspondiente.

3. La Oferta de empleo público o instrumento similar podrá contener medidas derivadas de la planificación de recursos humanos.”

O Informe da Comisión de Expertos constituída para a elaboración do borrador técnico de Estatuto Básico do Empregado Público, designado por Orde APU 3018/2004, do 16 de decembro, xa sinalaba, con respecto ás ofertas de emprego público, a necesidade de estable-

amento dun prazo para a súa execución, aos efectos de evitar irregularidades¹, lembrando a obriga de convocar as prazas ofertadas no prazo máximo que se establecese ao efecto, e aconsellando que se contemplase éste no desenvolvemento normativo do EBEP. O certo é que a redacción final da norma contempla un prazo de 3 anos para a súa execución, sen dúbida coa finalidade de garantir a efectiva materialización do dereito de acceso ao emprego público en condicións de igualdade que toda persoa que reúna os requisitos ao efecto ten, sen que ese dereito poda ser susceptible de non materializarse por dilación ou ineficiencia imputables á Administración.

Os procesos de desenvolvemento normativo do EBEP prolongáronse durante anos dende a súa entrada en vigor (12/05/2007) e non foi ata o ano 2015 -tras efectuar certas adaptacións de relevancia a través do Decreto lexislativo 1/2008, do 13 de marzo, do texto refundido da Lei de Función pública de Galicia- cando o lexislador da nosa Comunidade Autónoma de Galicia procedeu á aprobación da Lei 2/2015, do 29 de abril, de Emprego público de Galicia, en exercicio das competencias que ten atribuídas na materia.

A dita norma contempla no seu artigo 48, con carácter xeral, en desenvolvemento do previsto no artigo 70 do TREBEP, e polo que atinxe ás ofertas de emprego público, que:

“1. Las necesidades de recursos humanos con asignación presupuestaria que no puedan ser cubiertas con los efectivos de personal existentes, incluidas las vacantes desempeñadas por personal funcionario interino o laboral temporal, serán objeto de oferta de empleo público, lo que comportará la obligación de convocar los correspondientes procesos selectivos para las plazas comprometidas y hasta un diez por ciento adicional, salvo que se decida su amortización, estén incursas en un procedimiento de provisión de puestos de trabajo por concurso o, en el caso del personal docente, la planificación educativa lo impida.

2. En las ofertas de empleo público se reservará un porcentaje no inferior al siete por ciento de las plazas convocadas para ser cubiertas entre personas con discapacidad, siempre que superen las pruebas selectivas y acrediten su discapacidad y la compatibilidad de esta con el desempeño de las tareas y funciones, de forma que progresivamente se alcance el dos por ciento de los efectivos totales de cada Administración pública incluida en el ámbito de aplicación de la presente ley.

La reserva del mínimo del siete por ciento se realizará de manera que, al menos el dos por ciento de las plazas ofertadas lo sea para ser cubiertas por personas que acrediten discapacidad intelectual, y el resto de las plazas ofertadas lo sea para personas que acrediten cualquier otro tipo de discapacidad.

La reserva se hará sobre el número total de las plazas incluidas en la respectiva oferta de empleo público, pudiendo concentrarse las plazas reservadas para personas con discapacidad en aquellas convocatorias que se refieran a cuerpos, escalas o categorías que se adapten mejor a las peculiaridades de las personas con discapacidad. Cuando de la aplicación de los porcentajes resulten fracciones decimales, se redondearán por exceso para su cómputo.

Si las plazas reservadas y que fueron cubiertas por las personas con discapacidad no alcanzasen el porcentaje del tres por ciento de las plazas convocadas en la correspondiente ofer-

1 Vid. Páxina 74 do Informe da Comisión.



Concello de Vigo

ta de emprego público, las plazas no cubiertas del número total de las reservadas se acumularán al porcentaje del siete por ciento de la oferta siguiente, con un límite máximo del doce por ciento.

3. Las ofertas de empleo público pueden prever que las plazas reservadas para personas con discapacidad se convoquen conjuntamente con las plazas ordinarias o mediante convocatorias independientes, garantizándose, en todo caso, el carácter individual de los procesos selectivos. Las pruebas de los procesos objeto de convocatoria independiente tendrán el mismo contenido que las que se realicen en las convocatorias ordinarias y las personas que participen en ellas deberán acreditar el grado de discapacidad indicado. Las plazas incluidas en estas convocatorias se computarán en el porcentaje reservado en la oferta de empleo público para su cobertura entre personas con discapacidad.

4. Una vez aprobada y publicada la oferta de empleo público, los respectivos procesos selectivos se convocarán en el plazo máximo fijado en la misma. En todo caso, la ejecución de la oferta de empleo público debe desarrollarse dentro del plazo improrrogable de tres años, a contar a partir del día siguiente al de la publicación de aquella en el correspondiente diario oficial.

5. La oferta de empleo público podrá contener medidas derivadas de la planificación de recursos humanos.”

Dentro do Título X, denominado “Especialidades do persoal ao servizo das entidades locais” a norma autonómica contempla que:

“1. Las entidades locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, ajustándose a los criterios fijados en la normativa básica estatal, así como a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de aquella para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las administraciones públicas.

2. No podrá nombrarse personal interino para plazas que no se hubieran incluido en la oferta de empleo público, salvo cuando se trate de vacantes producidas con posterioridad a su aprobación.”

No ámbito do sector público local, tanto a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, como o Real Decreto legislativo 781/1985, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, non contemplan especialidade algunha no concreto aspecto indicado, sen prexuízo do cal debe lembrarse a obrigatoriedade de observancia da lexislación básica ex artigo 2.1 do RD legislativo 2/2015, do 30 de outubro, así como da lexislación de función pública no ámbito autonómico correspondente (artigo 7 Lei autonómica 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia).

Por tanto, o marco legal vixente establece unha dobre obriga: a de execución das ofertas de emprego público dentro dun límite temporal de 3 anos, contados dende a data de publicación no diario oficial correspondente¹, e a de convocatoria dos procesos selectivos dentro do prazo establecido ao efecto.

1 A diferencia do preceptuado no EBEP, que únicamente contempla un límite temporal de 3 anos, sen indicar unha referencia concreta para o cómputo.

No relativo ás bases, non pode obviarse a aplicación directa do previsto no Real Decreto 896/1991, de 7 de junio, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios de Administración Local, en cuxo artigo 6 se establece expresamente que:

“1. Las bases de las pruebas selectivas, así como las correspondientes convocatorias, se publicarán en el «Boletín Oficial» de la provincia, en el «Boletín Oficial» de la Comunidad Autónoma, y en su caso, en otros diarios oficiales o en el período oficial de la Corporación interesada.

2. El anuncio de las convocatorias se publicará en el «Boletín Oficial del Estado» y deberá contener:

Denominación de la Escala, subescala y clase para cuyo ingreso se convocan las pruebas selectivas, Corporación que las convoca, clase y número de plazas, con indicación de las que se reserven, en su caso, a promoción interna, así como las que se reserven para personas con minusvalías, fecha y número del Boletín o diarios oficiales en que se han publicado las bases y la convocatoria.”

III.- SOMETEMENTO Á PRECEPTIVA FISCALIZACIÓN PREVIA DA PROPOSTA DE ACORDO.

Será preceptiva a fiscalización previa de gasto conforme ó establecido no RD Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (artigos 213 a 223) dado que, aínda carecendo de contido económico, resulta susceptible de xenerar obrigas económicas a futuro para o Concello de Vigo, polo cal o presente expediente electrónico será sometido á fiscalización da Intervención Xeral Municipal.

IV.- AUSENCIA DE PRECEPTIVIDADE DA NEGOCIACIÓN COLECTIVA.

De conformidade co artigo 37.2, apartado c) do Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP) están expresamente excluídas das materias obxecto de negociación colectiva “la regulación y determinación concreta, en cada caso, de los sistemas, criterios, órganos y procedimientos de acceso al empleo público y la promoción profesional.”

Sen prexuízo do anterior, debe indicarse que a interlocución coa representación sindical do persoal municipal, a través da Presidencia do Comité, permite a cooperación activa dos mesmos mediante a aportación de suxerencias ou propostas de mellora das bases que se elaboran pola Área de Recursos Humanos e Formación.



Concello de Vigo

V.- PRAZAS INCLUIDAS EN CADA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO INCLUIDAS NA PRESENTE CONVOCATORIA CONXUNTA.

PRAZA	QUENDA (turno libre/promoción interna)	TIPO DE VÍNCULO XURÍDICO (funcionarios de carreira/persoal laboral fixo)	NÚMERO DE PRAZAS OFERTADAS	OFERTA DE EMPREGO NA QUE SE INCLÚEN
TÉCNICO/A DE ADMINISTRACIÓN XERAL(rama xurídica)	LIBRE (1) PROMOCIÓN INTERNA (2)	FUNCIONARIO DE CARREIRA	3	2015 (1L, 1PI) 2016 (1PI)
TÉCNICO/A DE ADMINISTRACIÓN XERAL(rama económica)	LIBRE (1)	FUNCIONARIO DE CARREIRA	1	2015
TÉCNICO DE XESTIÓN	LIBRE (1) PROMOCIÓN INTERNA (2)	FUNCIONARIO DE CARREIRA	3	2015 (1L, 1PI) 2016 (1PI)
ENXEÑEIRO/A INDUSTRIAL	LIBRE	FUNCIONARIO DE CARREIRA	1	2016
ENXEÑEIRO/A DE CAMINOS	LIBRE	FUNCIONARIO DE CARREIRA	1	2016
ENXEÑEIRO/A TÉCNICO/A EN TOPOGRAFÍA	LIBRE	FUNCIONARIO DE CARREIRA	1	2016
ARQUITECTO/A TÉCNICO/A APARELLADOR	LIBRE	FUNCIONARIO DE CARREIRA	1	2016
TÉCNICO/A MEDIO/A SISTEMAS	PROMOCIÓN INTERNA	FUNCIONARIO DE CARREIRA	1	2016
TÉCNICO/A RELACIONES LABORAIS	PROMOCIÓN INTERNA	FUNCIONARIO DE CARREIRA	1	2016
DIPLOMADO/A TRABALLO SOCIAL	TURNO LIBRE	FUNCIONARIO DE CARREIRA	1	2016
PROGRAMADOR INFORMÁTICA	TURNO LIBRE	FUNCIONARIO DE CARREIRA	2	2016
SARXENTO EXTINGCIÓN INCENDIOS	PROMOCIÓN INTERNA	FUNCIONARIO DE CARREIRA	2	(1) 2014 (1) 2016
BOMBEIRO/A	TURNO LIBRE	FUNCIONARIO DE CARREIRA	10	(4) 2014 / (3) 2015 / (3) 2016

CONDUTOR/A BOMBEIRO/A	TURNO LIBRE	FUNCIONARIO DE CARREIRA	2	2015
OFICIAL POLICIA LOCAL	PROMOCIÓN INTERNA	FUNCIONARIO DE CARREIRA	1	2015
POLICIA LOCAL	TURNO LIBRE	FUNCIONARIO DE CARREIRA	14	(7) 2015/ (7) 2016
ADMINISTRATIVO/A ADMINISTRACIÓN XERAL	LIBRE (1) PROMOCIÓN INTERNA (8)	FUNCIONARIO DE CARREIRA	9	2014 (7 PI -1 (discapacitados)/ 2015 (1 PI)/ 2016 (1TL)
AUXILIAR DE ADMINISTRACIÓN XERAL	LIBRE (5) PROMOCIÓN INTERNA (6)	FUNCIONARIO DE CARREIRA	11	2014 (2 PI -1 (discapacitados)/ 2015 (1 PI-1 discapacitados)/ 2016 (5 TL-1 discapacitados, 3 PI-1 discapacitados)
<u>ALGUACIL NOTIFICADOR</u>	<u>PROMOCIÓN INTERNA</u>	<u>FUNCIONARIO DE CARREIRA</u>	<u>1</u>	<u>2014</u>
SUBALTERNO/A	TURNO LIBRE	FUNCIONARIO DE CARREIRA	4	2016
CAPATAZ	PROMOCIÓN INTERNA	LABORAL	1	2016
OFICIAL DE OFICIOS	LIBRE (6) PROMOCIÓN INTERNA (36)	LABORAL	42	2014 (15 PI)/ 2015 (6 PI)/ 2016 (15PI-2 discapacitados; 6 L)
AXUDANTES DE OFICIOS	PROMOCIÓN INTERNA	LABORAL	5	2014 (3 PI)/ 2015 (1PI)/ 2016 (1 PI-1 discapacitados)

Significar que non se inclúe nesta convocatoria conxunta unha praza de Cabo do Servizo de Extinción de Incendios incluída na OEP 2014, toda vez que dita praza foi racionalizada con ocasión da aprobación do Cadro de Persoal correspondente ao ano 2018, aprobado definitivamente xunto co Orzamento Municipal polo Pleno da Corporación na súa sesión de 27/12/2017 e publicado no BOP de 28 de decembro seguinte.

VI.- PROCEDIMENTO.

O procedemento de desenvolvemento do concurso rexerá polo establecido nas bases da convocatoria e no Regulamento de provisión de postos de traballo, promoción profesional e promoción interna, aprobado por Decreto 93/1991, de 20 de marzo, modificado por Decreto 166/2013, de 14 de novembro, de aplicación supletoria ante a ausencia de regulación concreta en norma con rango de Lei e de desenvolvemento normativo da Lei 2/2015, do 29 de abril.



Concello de Vigo

VII.- COMPETENCIA.

O art. 4.1.a) e c) da LBRL recoñécelle ó municipios, entre outras, respectivamente, as potestades públicas de autoorganización e as de programación e planificación.

O órgano competente para a aprobación de convocatorias das ofertas de emprego público e as súas bases no ámbito da xestión do persoal municipal é a Xunta de Goberno local, ao abeiro do artigo 127.1., apartados g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

En consecuencia, e á vista do exposto; coa conformidade da Concellería-delegada da Área de Xestión Municipal, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

PRIMEIRO.- Aprobar a convocatoria dos procesos selectivos destinados á execución das Ofertas de Emprego Público do Concello de Vigo 2014, 2015 e 2016, nos termos o informe xurídico-proposta de acordo que antecede e do informe preceptivo de fiscalización previa emitidos ao expediente electrónico 31295-220.

SEGUNDO.- Aprobar as bases rectoras dos procesos selectivos destinados á execución das Ofertas de Emprego Público do Concello de Vigo 2014, 2015 e 2016, nos termos o informe xurídico-proposta de acordo que antecede e do informe preceptivo de fiscalización previa emitidos ao expediente electrónico 31295-220, e contidas no **ANEXO I** do presente acordo, do cal forman parte inseparable.

TERCEIRO.- Ordenar a realización das publicacións oficiais que correspondan, dispoñendo a súa inserción na web municipal www.vigo.org e na Intranet Municipal aos efectos do seu público coñecemento.

- Tema 22. O crédito orzamentario. Modificacións de créditos: clases e tramitación. Gastos plurianuais. Os remanentes de crédito.
- Tema 23. Fases do procedemento do gasto no réxime local. Ordenación do pagamento. Clases de pagamentos. Anticipos de caixa fixa. Pagamentos “para xustificar”.
- Tema 24. A liquidación do orzamento. Os remanentes de tesourería. A conta xeral: contido e tramitación.
- Tema 25. Os contratos das administracións locais. Empresas municipais e consorcios: formas de contratación, resolución, rescisión e denuncia dos contratos.
- Tema 26. O persoal ao servizo das entidades locais. A función pública local e a súa organización
- Tema 27. Dereitos e deberes dos funcionarios públicos locais
- Tema 28. Réxime disciplinario dos funcionarios da administración local. Incompatibilidades e responsabilidades
- Tema 29. A ordenación urbanística en Galicia.: especial referencia a Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia. Situacións e clases de solos
- Tema 30. Licenzas urbanísticas e comunicacións previas. Concepto, procedemento de outorgamento de licenzas e caducidade.
- Tema 31. Disciplina urbanística. Protección da legalidade urbanística.
- Tema 32. O patrimonio das entidades locais. Fontes normativas do patrimonio local. Clases de bens. O inventario municipal de bens.
- Tema 33. A información e a participación cidadá.
- Tema 34. A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Tema 35. A Lei Xeral de Subvencións e o seu regulamento de desenvolvemento: ámbito de ampliación. Concepto de subvencións. Bases reguladoras das subvencións. Negocios incluídos e excluídos da Lei Xeral de Subvencións. Ámbito subxectivo das subvencións. A Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Bases reguladoras das subvencións
- Tema 36. Procedemento de concesión e xestión presupostaria da subvención: o art. 22 da Lei Xeral de Subvencións: procedemento de concorrencia competitiva vs. Concesión directa. Bases reguladoras da subvencións e resolución da convocatoria. Especialidades do procedemento de concesión en réxime de concorrencia competitiva na LGS e o seu regulamento.

2.- TÉCNICO/A DE ADMINISTRACIÓN XERAL RAMA ECONÓMICA

I.- Número de prazas: 1

II.- Características.

Enmarcada no Grupo A de titulación, Subgrupo A1; escala, Administración Xeral; subescala, técnica; clase, superior. Estarán dotadas coas retribucións básicas que legalmente corresponden ao subgrupo A1 e as complementarias propias do posto de traballo ao que resulten adscritas as prazas que se convocan.

Figurarán incluídas no réxime de dedicación exclusiva.

III.- Sistema de selección.

Establécese o de oposición libre, de conformidade co previsto nestas bases específicas e o establecido nas bases xerais das convocatorias derivadas das ofertas de emprego público correspondentes aos anos 2014, 2015 e 2016.

IV.- Condicións dos aspirantes.

Ademais das que figuran na base 4ª das xerais, os aspirantes deberán estar en posesión do título de grao/licenciado/a ou equivalente en dereito ou de calquera das titulacións esixidas no artigo 169.2.a) do Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado mediante Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril.

V.- Exercicios da oposición.

Constará de cinco exercicios.

Primeiro exercicio.- De carácter obrigatorio e eliminatorio para todos/as os/as aspirantes.

Consistirá en desenvolver por escrito, durante un período máximo de 2 horas, un tema de carácter xeral, determinado polo órgano de selección inmediatamente antes de realizarse o exercicio e relacionado co programa que se achega á convocatoria, aínda que non se ataña ao epígrafe concreto deste, tendo os/as aspirantes ampla liberdade en canto a súa forma de exposición se refire.

Neste exercicio avaliarase a formación xeral universitaria, a claridade e orde de ideas, a facilidade de exposición escrita, a aportación persoal do aspirante e a súa capacidade de síntese e o rigor e precisión na súa exposición.

Esta proba deberá ser lida obrigatoriamente, ante o órgano de selección, en sesión pública e concluída a lectura da totalidade dos temas poderá pedirlle ao aspirante calquera explicación complementaria que considere oportuna.

Este exercicio puntuarase de cero (0) a dez (10) puntos, sendo necesario para aprobar obter unha puntuación mínima de cinco (5) puntos.

Segundo exercicio.- De carácter igualmente obrigatorio e eliminatorio.

Consistirá en contestar por escrito, nun tempo máximo de tres horas a catro temas extraídos ó chou entre os comprendidos no programa anexo á convocatoria, dous da primeira parte: dereito político, constitucional e administrativo xeral e local, e outros dous da segunda parte: dereito administrativo local e acción administrativa.

Neste exercicio avaliaranse os coñecementos sobre os temas expostos, a claridade e orde de ideas, a facilidade de exposición escrita e a capacidade de síntese.

Esta proba deberá ser lida obrigatoriamente perante o órgano de selección, en sesión pública; este, concluída a lectura da totalidade dos temas, poderá solicitarlle ao aspirante calquera explicación complementaria que considere oportuna.

Este exercicio puntuarase de cero (0) a dez (10) puntos; é necesario para aprobar obter unha puntuación mínima de cinco (5) puntos.

Terceiro exercicio.- Así mesmo obrigatorio e eliminatorio.



Concello de Vigo

Desenvolverase por escrito, durante un período máximo de catro horas, e consistirá na redacción dun informe, con proposta de resolución, sobre dous supostos prácticos que proporá o órgano de selección inmediatamente antes do comezo do exercicio, relativos a tarefas administrativas propias das funcións asignadas á subescala.

Durante o desenvolvemento desta proba os aspirantes poderán, en todo momento, facer uso dos textos legais, coleccións de xurisprudencia e libros de consulta dos que acudan provistos, non permitíndose o manexo de textos comentados nin libros de formularios.

Neste exercicio avaliarase fundamentalmente a capacidade de raciocinio, a sistemática na presentación e formulación de conclusións e o coñecemento e axeitada interpretación da normativa aplicable.

Este exercicio puntuarase de cero (0) a dez (10) puntos; é necesario para aprobar obter unha puntuación mínima de cinco (5) puntos.

Cuarto exercicio.- Obrigatorio e non eliminatorio. Proba de informática.

Consistirá nunha proba de coñecementos a nivel usuario de contornos operativos windows, Linux ou similares, manexo de ferramentas de ofimática (open office ou similar) e de utilidades básicas de internet nos ditos contornos (navegación, correo electrónico, etc), no tempo que estableza o órgano de selección, e avaliarase de 0 a 2 puntos.

Quinto exercicio.- De carácter igualmente obrigatorio, aínda que o non superalo, non impedirá o nomeamento.

Consistirá na realización dunha proba oral e/ou escrita de coñecemento do idioma galego, que se realizará conforme ao previsto na base 10ª das xerais que determinará o Órgano de selección co asesoramento do Servizo de Normalización Lingüística, e avaliarase de 0 a 2 puntos.

O/a aspirante que non obtivese 1 punto como mínimo nesta proba deberá participar no primeiro curso de idioma galego que realice a administración autonómica (Secretaría Xeral de Política Lingüística ou organismo autonómico competente) co fin de obter a debida capacitación.

Estarán exentos da realización deste exercicio os/as aspirantes que acrediten no prazo regulamentario de presentación de instancias, posuír o título CELGA 4 ou equivalente homologado, segundo o disposto na Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (Anexo I), aos que se lle asignarán 2 puntos.

A cualificación dos tres primeiros exercicios será de 0 a 10 puntos; quedará eliminado o/a aspirante que non obteña cando menos 5 puntos en cada un deles. A cualificación do cuarto e quinto exercicio será de 0 a 2 puntos, de conformidade co previsto na base X das xerais.

VI.- PROGRAMA ESPECÍFICO.

Primeira parte: dereito político, constitucional, administrativo xeral e local

- Tema 1. A Constitución: concepto. Caracteres da Constitución de 1978. estrutura. A definición do Estado español como Estado social e democrático de dereito. Os valores superiores do ordenamento xurídico.
- Tema 2. Título I da Constitución (I): Dereitos fundamentais e liberdades públicas: contido e principios leis de desenvolvemento. Sistemas de protección xurisdiccional.
- Tema 3. Título I da Constitución (II): Dereitos e deberes dos cidadáns: contido. Principios reitores a política social e económica.
- Tema 4. A Coroa. As funcións constitucionais do xefe do Estado. O referendo.
- Tema 5. O poder lexislativo e a súa regulación: as Cortes Xerais. Control lexislativo da acción do goberno. O Tribunal de Contas. O Defensor do Pobo.
- Tema 6. O poder xudicial: regulación e principios. O Consello Xeral do Poder Xudicial. Planta e organización dos xulgados e tribunais. O Tribunal Constitucional.
- Tema 7. O poder executivo e a súa regulación. Composición e funcións do goberno da Nación. A súa relación cos outros poderes.
- Tema 8. Organización e funcionamento da Administración Xeral o do Estado. Organización Central. Organismos públicos: organismos autónomos, entidades públicas empresariais e axencias estatais.
- Tema 9. A organización territorial do Estado na Constitución. As Comunidades Autónomas: organización e competencias. Os Estatutos de Autonomía.
- Tema 10. O Estatuto de Autonomía de Galicia: estrutura e contido. A Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Tema 11. As institucións da Comunidade Autónoma Galega. O Parlamento de Galicia. A Xunta de Galicia e o seu presidente. Control parlamentario da acción do goberno. O Valedor do Pobo.
- Tema 12. A Unión Europea. Institucións da Unión Europea: composición, funcionamento e competencias.
- Tema 13. O ordenamento xurídico comunitario: as súas fontes. Relación co dereito interno dos Estados: Principios. As liberdades básicas do sistema comunitario: libre circulación de persoas, mercadorías, servizos e capitais.
- Tema 14. Sometemento da administración á lei e ao dereito. Fontes do dereito público
- Tema 15. A lei: concepto e caracteres. As leis estatais no sistema español. Normas do goberno con forza de lei. Os tratados internacionais como normas de dereito interno.
- Tema 16. O regulamento: concepto e clases. Procedemento de elaboración. Limites da potestade regulamentaria. Principio de inderogabilidade singular dos regulamentos.
- Tema 17. Principios da organización administrativa. Principios reitores das relacións entre as administracións. Os órganos colexiados. A abstención e a recusación.
- Tema 18. O acto administrativo: concepto e clases. Requisitos: competencia, contido, motivación e forma. Eficacia dos actos administrativos. Obriga de resolver e silencio administrativo.
- Tema 19. Nulidade e anulabilidade dos actos administrativos. A revisión de oficio e a declaración de lesividade.
- Tema 20. Os recursos administrativos: clases. A execución dos actos administrativos: tipos de execución e motivos da súa suspensión.
- Tema 21. O procedemento administrativo común: principios xerais e competencia. Os interesados: dereitos e obrigas.
- Tema 22. Fases do procedemento administrativo: iniciación, ordenación, instrución e finalización.



Concello de Vigo

- Tema 23. A contratación do Sector público. Clases de contratos : contratos administrativos, contratos privados e contratos suxeitos a regulación armonizada.
- Tema 24. Capacidade, prohibición de contratar, solvencia e clasificación nos contratos do sector público. Obxecto e prezo dos contratos: normas xerais. Garantías esixibles na contratación coas administracións públicas.
- Tema 25. O expediente de contratación e os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas: normas xerais. A adxudicación dos contratos das administracións públicas: normas xerais e clases de procedementos.
- Tema 26. Efectos, cumprimento e extinción dos contratos administrativos: normas xerais.
- Tema 27. As formas da acción administrativa: aspectos xerais. O fomento e os seus medios. A policía administrativa e os seus límites e medios. Especial referencia á licenza.
- Tema 28. O servizo público. Formas de xestión dos servizos públicos: xestión directa e xestión indirecta.
- Tema 29. A expropiación forzosa. Suxeito, obxecto e causa. O procedemento expropiatorio. Expropiacións especiais e garantías xurisdicionais.
- Tema 30. O dominio público: regulación e concepto. Clasificación dos bens de dominio público. As potestades administrativas. Uso e utilización do dominio público. Estudo especial das mutacións demaniais e das reservas demaniais.
- Tema 31. A responsabilidade da administración pública: principios e procedemento. A responsabilidade das autoridades e do persoal ao servizo das administracións públicas.
- Tema 32. O réxime local español: regulación xurídica e principios constitucionais. Os entes locais de Galicia: natureza e características.
- Tema 33. O municipio. Os réximes municipais especiais de Galicia. O territorio. A poboación. O Estatuto do veciño. O empadroamento. Competencias municipais, servizos obrigatorios e actividades complementarias.
- Tema 34. A organización municipal. Distribución de competencias. Referencia ao réxime de municipios de grande poboación.
- Tema 35. A provincia no réxime local. Especial consideración das súas competencias en relación cos pequenos municipios na lei de administración local de Galicia.
- Tema 36. O réxime de funcionamento dos órganos colexiados das corporacións locais: regulación, réxime de sesións, réxime de acordos e actas e certificacións.
- Tema 37. As ordenanzas e regulamentos das entidades locais. Clases. Procedemento de elaboración e aprobación. Os bandos. Impugnación de actos e acordos das entidades locais e exercicio de accións.
- Tema 38. Transferencia e delegación de competencias da Comunidade Autónoma de Galicia nas entidades locais. A encomenda de xestión. Relacións entre as administracións públicas galegas: colaboración, cooperación e auxilio. A comisión galega de cooperación local.
- Tema 39. O estatuto dos membros das corporacións locais: regulación, dereitos, deberes, responsabilidades e incompatibilidades.
- Tema 40. O persoal ao servizo das entidades locais: regulación e clases. A organización do emprego público. Normas sobre provisión de postos de traballo.
- Tema 41. Dereitos e deberes dos funcionarios públicos locais.
- Tema 42. Réxime disciplinario dos funcionarios da administración local. Incompatibilidades e responsabilidades. delitos contra a administración pública.
- Tema 43. Os bens das entidades locais. Réxime de utilización e inventario municipal de bens.

- Tema 44. A información e a participación cidadá na vida local. Medios de intervención das corporacións locais na actividade dos seus cidadáns.
- Tema 45. Os servizos públicos locais. Modos de xestión dos servizos públicos locais. Consideración especial da concesión, das empresas municipais e dos consorcios locais

Segunda parte: dereito tributario, contabilidade e matemática financeira

- Tema 1. Os recursos das facendas locais: enumeración. Os recursos dos municipios con especial consideración da tributación cedida polo Estado. Os recursos das provincias. Os recursos doutras entidades locais menores. Réximes especiais. Os ingresos de dereito privado.
- Tema 2. Os tributos locais: principios. A potestade regulamentaria das entidades locais en materia tributaria: contido das ordenanzas fiscais, tramitación e réxime de impugnación dos actos de imposición e ordenación de tributos. Os recursos non tributarios das entidades locais.
- Tema 3. O imposto sobre bens inmobles en xestión tributaria.
- Tema 4. O imposto sobre actividades económicas e o imposto sobre vehículos de tracción mecánica.
- Tema 5. O imposto sobre construcións, instalacións e obras, e o imposto do incremento do valor dos terreos de natureza urbana.
- Tema 6. As taxas, os prezos públicos e as contribucións especiais.
- Tema 7. O dereito tributario: concepto. A Lei xeral tributaria: concepto, contido e fontes. Os principios do ordenamento tributario español.
- Tema 8. A aplicación e a interpretación das normas tributarias. Ámbito temporal e criterios de suxeición ás normas tributarias. A cualificación. A integración das normas tributarias: analoxía, simulación e conflito na aplicación da norma tributaria.
- Tema 9. Os tributos: concepto, fins e clases. A relación xurídico-tributaria. As obrigas tributarias: a obriga tributaria principal, a obriga tributaria de realizar pagos a conta, as obrigas entre particulares, as obrigas tributarias accesorias e formais.
- Tema 10. O feito imponible: concepto e estrutura. Os elementos de cuantificación da obriga tributaria. A base imponible: métodos de determinación. A base liquidable. O tipo de gravame. A cota tributaria. A débeda tributaria: concepto. As garantías dadébeda tributaria.
- Tema 11. Os obrigados tributarios: clases. Dereitos e garantías. Os suxeitos activos e pasivos da obriga tributaria. Diferencias entre a exención e a non suxeición. A capacidade de obrar na orde tributaria. Clases de representación. O domicilio fiscal.
- Tema 12. Os responsables tributarios. A responsabilidade tributaria. Os responsables solidarios e subsidiarios. Os sucesores. Os retenedores e obrigados a ingresar a conta. Outros obrigados tributarios.
- Tema 13. A aplicación dos tributos. Os procedementos administrativos en materia tributaria: fases. A obriga de resolución e prazos de resolución. A proba. As notificacións. A denuncia pública. As liquidacións tributarias.
- Tema 14. Actuacións e procedemento de xestión tributaria (I): Funcións de xestión tributaria. As declaracións. As autoliquidacións. As comunicacións de datos. O procedemento de devolución iniciado mediante autoliquidación, solicitude ou comunicación de datos. O procedemento iniciado mediante declaración.



Concello de Vigo

- Tema 15. Actuacións e procedemento de xestión tributaria (II): O procedemento de comprobación de valores. O procedemento de verificación de datos. O procedemento de comprobación limitada.
- Tema 16. A recadación (I): Características e réxime legal. A extinción das débedas: pagamento –fraccionamento e aprazamento-, prescrición e compensación. Outras formas de extinción. As insolvencias.
- Tema 17. A recadación (II): A recadación en período executivo. O procedemento de prema: concepto. A suspensión. O embargamento e o alleamento de bens e dereitos. As tercerías.
- Tema 18. A inspección de tributos (I): Funcións. Facultades. Deberes. Clases de actuacións.
- Tema 19. A inspección de tributos (II): As actuacións e o procedemento de inspección: iniciación. Obxecto e alcance. Lugar e horario das actuacións inspectoras. Desenvolvemento do procedemento: prazo, alegacións e trámite de audiencia. A aplicación do método de estimación indirecta.
- Tema 20. A inspección de tributos (III): A documentación das actuacións inspectoras. A tramitación das actas.
- Tema 21. A potestade sancionadora en materia tributaria: principios. Os suxeitos responsables das infraccións e sancións tributarias. Concepto e clases de infraccións e sancións tributarias. A cuantificación das sancións.
- Tema 22. A revisión dos actos de carácter tributario en vía administrativa. Os procedementos especiais de revisión. O recurso de reposición. As reclamacións económico-administrativas
- Tema 23. A xurisdición contencioso-administrativa. Extensión e límites. As partes no proceso. O procedemento xeral e referencia aos procedementos especiais.
- Tema 24. O imposto sobre a renda das persoas físicas: aspectos xerais.
- Tema 25. O imposto sobre sociedades: aspectos xerais.
- Tema 26. O imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados: aspectos xerais.
- Tema 27. O imposto sobre sucesións e doazóns e o imposto sobre o patrimonio: aspectos xerais.
- Tema 28. O imposto sobre valor engadido: aspectos xerais.
- Tema 29. As sociedades mercantís: concepto. Criterios de clasificación. Causas de disolución das sociedades. O rexistro mercantil.
- Tema 30. O orzamento xeral das entidades locais: regulación e concepto. A estrutura orzamentaria. Elaboración e aprobación: referencia ás bases de execución do orzamento. Os créditos do presuposto de gastos: concepto, situación, niveis de vinculación xurídica e modificacións.
- Tema 31. A execución do orzamento de gastos e ingresos: fases. A liquidación do orzamento e a súa tramitación. Os remanentes de crédito. O resultado orzamentario: concepto e axustes. O remanente de tesourería: concepto.
- Tema 32. A contabilidade financeira: concepto. As contas anuais: regulación, enumeración e imaxe fiel. Requisitos da información incluída nas contas anuais. Os principios contables. Os criterios contables: conceptos.
- Tema 33. As normas de elaboración das contas anuais no novo Plan xeral contable.
- Tema 34. O cadro de contas. Os grupos de contas: definicións e regras que se aplican.
- Tema 35. As obrigas legais da contabilidade dos empresarios relativas aos libros de contabilidade e as contas anuais. O ciclo contable.

- Tema 36. O resultado do exercicio. Especial consideración do principio de reporte (deveño).
- Tema 37. A contabilidade de sociedades: concepto. A constitución de sociedades.
- Tema 38. O aumento e a redución de capital social.
- Tema 39. Transformación, fusión, escisión e disolución de sociedades.
- Tema 40. A aplicación do resultado nas sociedades. As diferencias temporarias na contabilización do imposto sobre beneficios.
- Tema 41. A consolidación contable.
- Tema 42. As fontes de financiamento das empresas.
- Tema 43. As operacións financeiras: concepto, elementos e clases. As operacións de capitalización e de desconto en réxime simple. Especial consideración do desconto bancario. As operacións de capitalización e de desconto en réxime composto. Os tantos equivalentes e a equivalencia de capitais.
- Tema 44. Rendas, préstamos e empréstitos.
- Tema 45. O mercado de valores: regulación, concepto e clases. A organización da bolsa de valores: os órganos de control, os órganos de xestión e dirección e os intermediarios. A débeda pública: concepto e clases.

3.- TÉCNICO/A DE XESTIÓN

I.- Número de prazas: 3 (Dúas delas reservadas á quenda de promoción interna)

II.- Características

Enmarcada no grupo A, subgrupo A2; escala, Administración especial; subescala servizos especiais; clase, Cometidos especiais. Estará dotada coas retribucións básicas que legalmente corresponden ao subgrupo A2, e as complementarias propias do posto de traballo ao que resulte adscrita a praza do aspirante. Figurará incluída no réxime de dedicación exclusiva.

III.- Sistema de selección

Establécese o de oposición libre para unha praza, de conformidade co previsto nestas bases específicas e o establecido nas bases xerais das convocatorias derivadas das ofertas de emprego público correspondentes aos anos 2014, 2015 e 2016.

Establécese o de concurso-oposición para promoción interna, para dúas prazas, entre o persoal integrado na escala de Administración especial, subescala servizos especiais, clase, cometidos especiais, subgrupo C1 de titulación, que contén cando menos cunha antigüidade de dous anos no corpo, escala ou subescala de orixe.

IV.- Condicións das e dos aspirantes.

Ademais das que figuran na base 4ª das xerais, as/os aspirantes deberán estar en posesión do título de grao, diplomado universitario ou equivalente, titulacións esixidas para o acceso á praza segundo a vixente relación de postos de traballo.



Concello de Vigo

Os anteriores requisitos xustificaranse da forma prevista na base 4ª das xerais.

V.- Fase de concurso.

A valoración dos méritos alegados e xustificados polos/as aspirantes na quenda de promoción interna realizarase de acordo co baremo previsto na base 12ª das xerais.

VI.- Exercicios da oposición para a quenda libre.

Constará de dous exercicios; un teórico e un práctico, ademais dunha proba de coñecemento do idioma galego e unha proba de coñecementos de informática.

Primeiro exercicio.- De carácter obrigatorio e eliminatorio.

Consistirá en contestar por escrito, durante un período máximo de tres horas, a 4 temas elixidos ao chou, dos que figuran como anexo a estas bases. Un destes temas corresponderá ao primeiro apartado do temas "A) Temas xerais" e o resto ao apartado "B) Temas específicos". Neste exercicio avaliaranse os coñecementos sobre os temas expostos, a claridade e orde de ideas, a facilidade de exposición escrita e a capacidade de síntese.

Esta proba deberá ser lida obrigatoriamente perante o órgano de selección, en sesión pública e concluída a lectura da totalidade dos temas, este poderá pedirlle ao aspirante calquera explicación complementaria que considere oportuna.

Este exercicio puntuarase de cero (0) a dez (10) puntos, sendo necesario para aprobar obter unha puntuación mínima de cinco (5) puntos.

Segundo exercicio.- De carácter obrigatorio e eliminatorio.

Consistirá en desenvolver por escrito durante un período máximo de tres horas, dous supostos teórico-prácticos que formulará o órgano de selección, inmediatamente antes do comezo do exercicio, relacionados co contido do temario específico, relativos as tarefas propias da praza. Durante o desenvolvemento desta proba os aspirantes poderán, en todo momento, facer uso dos textos legais dos que acudan provistos; non se permite o manexo de textos comentados nin libros de formularios. Os e as aspirantes deberán expoñer este exercicio perante o órgano de selección en sesión pública, o que poderá, ao final da exposición, solicitarlle ao aspirante calquera aclaración que considere oportuna, sobre o suposto práctico desenvolvido. Neste exercicio avaliarase a capacidade de análise e a aplicación razoada dos coñecementos teóricos á resolución dos problemas prácticos presentados.

Este exercicio puntuarase de cero (0) a dez (10) puntos; é necesario para aprobar obter unha puntuación mínima de cinco (5) puntos.

Terceiro exercicio.- Obrigatorio e non eliminatorio. Proba de informática.

Consistirá nunha proba de coñecementos a nivel usuario de contornos operativos windows ou similares, manexo de ferramentas de ofimática (open office ou similar) e de utilidades básicas de internet nos ditos contornos (navegación, correo electrónico, etc), no tempo que estableza o órgano de selección, e avaliarase de 0 a 3 puntos.

Cuarto exercicio.- De carácter igualmente obrigatorio, aínda que o non superalo, non impedirá o nomeamento.

Consistirá na realización dunha proba oral e/ou escrita de coñecemento do idioma galego, que se realizará conforme ao previsto na base 10ª das xerais que determinará o Órgano de selección co asesoramento do Servizo de Normalización Lingüística, e avaliarase de 0 a 2 puntos.

O/a aspirante que non obtivese 1 punto como mínimo nesta proba deberá participar no primeiro curso de idioma galego que realice a administración autonómica (Secretaría Xeral de Política Lingüística ou organismo autonómico competente) a fin de obter a debida capacitación.

Estarán exentos da realización deste exercicio os/as aspirantes que acrediten posuír o título CELGA 4 ou equivalente homologado, segundo o disposto na orde do de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (Anexo I), aos que se lle asignarán 2 puntos.

A cualificación dos dous primeiros exercicios será de 0 a 10 puntos; queda eliminado/a o/a aspirante que non obteña cando menos 5 puntos en cada un deles. A cualificación do terceiro será de 0 a 3 puntos, e a do cuarto exercicio será de 0 a 2 puntos, de acordo co previsto na base 10ª das xerais.

VII.- Exercicios da oposición para a quenda de promoción interna.

Constará de dous exercicios; un, teórico e un práctico, todos eles obrigatorios e eliminatorios.

Primeiro exercicio.- De carácter obrigatorio e eliminatorio.

Consistirá en contestar por escrito, durante un período máximo de tres horas, a 4 temas elixidos ao chou, dos que figuran como anexo a estas bases. Un destes temas corresponderá ao primeiro apartado: "A) Temas xerais" e o resto ao apartado "B) Temas específicos".

Neste exercicio valoraranse os coñecementos sobre os temas expostos, a claridade e orde de ideas, a facilidade de exposición escrita e a capacidade de síntese e o rigor e precisión na súa exposición. Esta proba deberá ser lida obrigatoriamente perante o órgano de selección, en sesión pública e concluída a lectura da totalidade dos temas, este poderá pedirlle ao aspirante calquera explicación complementaria que considere oportuna e puntuarase de cero (0) a dez (10) puntos, sendo necesario para aprobar obter unha puntuación mínima de cinco (5) puntos.

Segundo exercicio.- De carácter obrigatorio e eliminatorio.

Consistirá en desenvolver por escrito durante un período máximo de tres horas, dous supostos teórico-prácticos que formulará o órgano de selección inmediatamente antes do comezo do exercicio, relacionados coas materias que integran o programa común e específico das bases da convocatoria, relativos ás tarefas propias da praza. Durante o desenvolvemento desta proba os aspirantes poderán, en todo momento, facer uso dos textos legais dos que acudan provistos; non se permite o manexo de textos comentados nin



Concello de Vigo

libros de formularios. Os e as aspirantes deberán expoñer este exercicio perante o órgano de selección en sesión pública, o que poderá, ao final da exposición, solicitarlle ao aspirante calquera aclaración que considere oportuna, sobre o suposto práctico desenvolvido. Neste exercicio valorarase a capacidade de análise e a aplicación razoada dos coñecementos teóricos á resolución dos problemas prácticos presentados.

Este exercicio puntuarase de cero (0) a dez (10) puntos; e é necesario para aprobar obter unha puntuación mínima de cinco (5) puntos.

A cualificación dos tres exercicios será de 0 a 10 puntos; queda eliminado/a o/a aspirante que non obteña cando menos 5 puntos en cada un deles.

VIII.- PROGRAMA ESPECÍFICO PARA A QUENDA LIBRE.

(NON LLE SON DE APLICACIÓN OS DO GRUPO A, SUBGRUPO A2, INCLUÍDOS COMO ANEXO ÁS BASES XERAIS)

TEMARIO COMÚN

- Tema 1. A Constitución española de 1978: principios xerais e estrutura.
- Tema 2. A Unión Europea. Institucións da Unión Europea: composición, funcionamento e competencias.
- Tema 3. O Estatuto de Autonomía de Galicia: principios xerais e estrutura.
- Tema 4. A Coroa. As funcións constitucionais do xefe do Estado. O Referendo.
- Tema 5. O poder legislativo e a súa regulación. As Cortes Xerais. Control legislativo da acción do goberno. O tribunal de contas. O Defensor do Pobo
- Tema 6. O poder executivo e a súa regulación. Composición e funcións do Goberno do Estado. A súa relación con outros poderes
- Tema 7. O poder xudicial e a súa regulación: o Consello Xeral do Poder Xudicial. Planta e organización dos xulgados e tribunais.
- Tema 8. A lei. Concepto e caracteres. As leis estatais no sistema español. Normas do goberno con forza de lei. Os tratados internacionais como normas de dereito interno.
- Tema 9. As relacións entre o ordenamento estatal e os ordenamentos autonómicos. Definición e aplicación da lexislación de carácter básico e supletorio.
- Tema 10. O regulamento: concepto e clases. Procedemento de elaboración. Límites da potestade regulamentaria. Principio de inderrogabilidade singular de regulamentos.
- Tema 11. Principios da organización administrativa. Principios reitores das relacións entre as administracións. Os órganos colexiados. A abstención e recusación.
- Tema 12. O acto administrativo. Concepto. Elementos. Requisitos: motivación e forma. Eficacia dos actos administrativos; a notificación e a publicación. Termos e prazos. Dereitos dos cidadáns.
- Tema 13. Iniciación do procedemento administrativo. Ordenación. instrución. Intervención dos interesados.

- Tema 14. Finalización do procedemento. A obriga de resolver. Contido da resolución. A terminación convencional. O réxime do silencio administrativo. O desestamento e a renuncia. A caducidade.
- Tema 15. Os recursos administrativos. Principios xerais. Clases. A suspensión da execución do acto contra o que se recorre.
- Tema 16 A potestade sancionadora: concepto e significado. O dereito sancionador. Principios do exercicio da potestade sancionadora. As sancións administrativas: concepto, natureza e clases. O procedemento sancionador.
- Tema 17. A xurisdición contencioso-administrativa. Extensión e límites. As partes no proceso. Procedemento xeral e referencia aos procedementos especiais.
- Tema 18. As sentenzas e a súa execución. Recursos contra as sentenzas.
- Tema 19. A contratación administrativa. Negocios e contratos excluídos da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014. Diferencias cos contratos de carácter privado.
- Tema 20. Clases de contratos administrativos e o seu réxime xurídico. Contratos administrativos especiais.
- Tema 21. O expediente de contratación. Os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas.
- Tema 22. Os bens das entidades locais. Réxime de utilización dos de dominio público.
- Tema 23. O servizo público. Os modos de xestión dos servizos públicos. Consideración especial da concesión.

TEMARIO ESPECIFICO

- Tema 1. O réxime local español: principios constitucionais e regulación xurídica.
- Tema 2. Os entes locais de Galicia: natureza e características.
- Tema 3. O municipio. Os réximes municipais especiais de Galicia. O territorio. A poboación. O Estatuto do veciño. O empadramento.
- Tema 4. A organización municipal. Distribución de competencias. Referencia ao réxime dos municipios de grande poboación.
- Tema 5. Réxime de funcionamento dos órganos colexiados das corporacións locais.
- Tema 6. Competencias municipais e servizos obrigatorios nas corporacións locais.
- Tema 7. Impugnación de actos e acordos das entidades locais e exercicio de accións.
- Tema 8. A provincia no réxime local: especial consideración das súas competencias en relación cos pequenos municipios na Lei de administración local de Galicia.
- Tema 9. Ordenanzas e regulamentos das entidades locais. Clases. Procedemento de elaboración e aprobación. Os bandos.
- Tema 10. Transferencia e delegación de competencias da Comunidade Autónoma de Galicia nas entidades locais. A encomenda de xestión.
- Tema 11. Medios de intervención das corporacións locais na actividade dos seus cidadáns.
- Tema 12. A responsabilidade da administración pública: principios e procedemento. A responsabilidade das autoridades e do persoal ao servizo das administracións públicas.
- Tema 13. A Lei xeral tributaria: principios e contido.
- Tema 14. A Lei xeral presupostaria: principios e contido.
- Tema 15. As facendas locais. As ordenanzas fiscais.
- Tema 16- Os dereitos e garantías dos contribuíntes fronte á facenda publica.



Concello de Vigo

- Tema 17. A función recadadora nas facendas locais.
- Tema 18. A función inspectora nas corporacións locais.
- Tema 19. As contribucións especiais, as taxas e os prezos públicos. A imposición local autónoma..
- Tema 20. Os recursos das facendas locais. Clasificación dos ingresos.
- Tema 21. Os tributos e as súas clases. A potestade tributaria das entidades locais. As ordenanzas fiscais.
- Tema 22. Os orzamentos das entidades locais. estrutura. Principios orzamentarios. Formación e aprobación do orzamento. As bases de execución. Prórroga do presuposto.
- Tema 23. O crédito orzamentario. Modificacións de créditos: clases e tramitación. Gastos plurianuais. Os remanentes de crédito.
- Tema 24. Fases do procedemento do gasto no réxime local. Ordenación do pagamento. Clases de pagamentos. Anticipos de caixa fixa. Pagamentos “para xustificar”.
- Tema 25. A liquidación do orzamento. Os remanentes de tesourería. A conta xeral: contido e tramitación.
- Tema 26. O persoal ao servizo das administracións públicas. Réxime xurídico. O Estatuto básico do empregado público e demais normativa vixente. As competencias en materia de persoal.
- Tema 27. Selección de persoal. Os procesos selectivos na administración pública e a súa conexión coa oferta de emprego público. Principios constitucionais. Adquisición e perda da condición de funcionario público.
- Tema 28. Situacións administrativas. Provisión de postos de traballo na función pública. A carreira administrativa. Promoción interna. Formación e perfeccionamento.
- Tema 29. Dereitos e deberes dos empregados públicos. Incompatibilidades. Réxime disciplinario.
- Tema 30. O sistema de retribucións dos empregados públicos. Retribucións básicas e complementarias. As indemnizacións por razón do servizo.
- Tema 31. A Lei 9/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno
- Tema 32. A Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de datos de carácter persoal e a súa normativa de desenvolvemento
- Tema 33. Especialidades do procedemento administrativo local. O rexistro de entrada e saída de documentos nas entidades locais. Notificacións. Comunicacións e publicación. Os interesados no procedemento administrativo e a súa capacidade de obrar. Os dereitos dos cidadáns nas súas relacións coas administracións públicas.
- Tema 34. A información e participación cidadá.
- Tema 35. A Lei 31/1995, de prevención de riscos laborais. O Real decreto 39/1997, do 17 de xaneiro. Regulamento dos servizos de prevención.
- Tema 36. A lexislación urbanística estatal. A lexislación autonómica: especial referencia á Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia.
- Tema 37. A disciplina urbanística e a súa regulación. Intervención da edificación e uso do solo. Concorrenza de competencias con outras administracións.

IX.- PROGRAMA ESPECÍFICO PARA A PROMOCIÓN INTERNA.

(NON LLE SON DE APLICACIÓN OS DO GRUPO A, SUBGRUPO A2, INCLUÍDOS COMO ANEXO ÁS BASES XERAIS)

A) TEMARIO COMÚN

- Tema 1. A Constitución española de 1978: principios xerais e estrutura.
- Tema 2. A Unión Europea. Institucións da Unión Europea: composición, funcionamento e competencias.
- Tema 3. O Estatuto de Autonomía de Galicia: principios xerais e estrutura.
- Tema 4. A lei. Concepto e caracteres. As leis estatais no sistema español. Normas do goberno con forza de lei. Os tratados internacionais como normas de dereito interno.
- Tema 5. As relacións entre o ordenamento estatal e os ordenamentos autonómicos. Definición e aplicación da lexislación de carácter básico e supletorio.
- Tema 6. O regulamento: concepto e clases. Procedemento de elaboración. Límites da potestade regulamentaria. Principio de inderrogabilidade singular de regulamentos.
- Tema 7. Principios da organización administrativa. Principios reitores das relacións entre as Administracións. Os órganos colexiados. A abstención e recusación.
- Tema 8. O acto administrativo. Concepto. Elementos. Requisitos: motivación e forma. Eficacia dos actos administrativos. A notificación e a publicación. Termos e prazos. Dereitos dos cidadáns.
- Tema 9. Fases do procedemento administrativo: iniciación, ordenación, instrución e finalización.
- Tema 10. Os recursos administrativos. Principios xerais. Clases. A suspensión da execución do acto contra o que se recorre.
- Tema 11. A xurisdición contencioso-administrativa. Extensión e límites. As partes no proceso. Procedemento xeral e referencia aos procedementos especiais.
- Tema 12. As sentenzas e a súa execución. Recursos contra as sentenzas.
- Tema 13. A contratación administrativa: Clases de contratos na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014. Diferencias cos contratos de carácter privado..
- Tema 14. A forma da contratación administrativa e os sistemas de selección do contratista. A formalización dos contratos.
- Tema 15. Os bens das entidades locais. Réxime de utilización dos de dominio público.
- Tema 16. O Servizo público. Os modos de xestión dos servizos públicos. Consideración especial da concesión.

B) TEMARIO ESPECIFICO

- Tema 1. O réxime local español: principios constitucionais e regulación xurídica. A organización municipal: Referencia ao réxime dos municipios de grande poboación.
- Tema 2. Réxime de funcionamento dos órganos colexiados das corporacións locais.
- Tema 3. Competencias municipais e servizos obrigatorios nas corporacións locais.
- Tema 4. Impugnación de actos e acordos das entidades locais e exercicio de accións.
- Tema 5. A provincia no réxime local: especial consideración das súas competencias en relación cos pequenos municipios na Lei de Administración local de Galicia.



Concello de Vigo

- Tema 6. Ordenanzas e regulamentos das entidades locais. Clases. Procedemento de elaboración e aprobación. Os bandos.
- Tema 7. Transferencia e delegación de competencias da Comunidade Autónoma de Galicia nas entidades locais. A encomenda de xestión.
- Tema 8. Medios de intervención das corporacións locais na actividade dos seus cidadás.
- Tema 9. A responsabilidade da Administración pública: principios e procedemento. A responsabilidade das autoridades e do persoal ao servizo das Administracións públicas.
- Tema 10. A Lei xeral tributaria: principios e contido.
- Tema 11. A Lei xeral presupostaria: principios e contido.
- Tema 12. As facendas locais. As ordenanzas fiscais.
- Tema 13. Os dereitos e garantías dos contribuíntes fronte á facenda pública.
- Tema 14. A función recadadora nas facendas locais.
- Tema 15. A función inspectora nas corporacións locais.
- Tema 16. As contribucións especiais, as taxas e os prezos públicos. A imposición local autónoma.
- Tema 17. Os recursos das facendas locais. Clasificación dos ingresos.
- Tema 18. Os tributos e as súas clases. A potestade tributaria das entidades locais. As ordenanzas fiscais.
- Tema 19. Os orzamentos das entidades locais. Estrutura. Principios orzamentarios. Formación e aprobación do orzamento. As bases de execución. Prórroga do presuposto.
- Tema 20. O crédito orzamentario. Modificacións de créditos: clases e tramitación. Gastos plurianuais. Os remanentes de crédito.
- Tema 21. Fases do procedemento do gasto no réxime local. Ordenación do pagamento. Clases de pagamentos. Anticipos de caixa fixa. Pagamentos “para xustificar”.
- Tema 22. A liquidación do orzamento. Os remanentes de tesourería. A conta xeral: contido e tramitación.
- Tema 23. O persoal ao servizo das Administracións públicas. Réxime xurídico. O estatuto básico do empregado público e demais normativa vixente. As competencias en materia de persoal.
- Tema 24. Selección de persoal. Os procesos selectivos na Administración pública e a súa conexión coa oferta de emprego público. Principios constitucionais. Adquisición e perda da condición de funcionario público.
- Tema 25. Situacións administrativas. Provisión de postos de traballo na función pública. A carreira administrativa. Promoción interna. Formación e perfeccionamento.
- Tema 26. Dereitos e deberes dos empregados públicos. Incompatibilidades. Réxime disciplinario.
- Tema 27. O sistema de retribucións dos empregados públicos. Retribucións básicas e retribucións complementarias. As indemnizacións por razón do servizo.
- Tema 28. A Lei 9/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno
- Tema 29. A Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de datos de carácter persoal e a súa normativa de desenvolvemento
- Tema 30. Especialidades do procedemento administrativo local. O rexistro de entrada e saída de documentos nas entidades locais. Notificacións. Comunicazóns e publicacións. Os interesados no procedemento administrativo e a súa capacidade de obrar. Os dereitos dos cidadáns nas súas relacións coas Administracións públicas.

Tema 31. A información e participación cidadá.

Tema 32. A Lei 31/1995, de prevención de riscos laborais. O Real decreto 39/1997, do 17 de xaneiro. Regulamento dos servizos de prevención.

Tema 33. A lexislación urbanística estatal. A lexislación autonómica: especial referencia á Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia.

Tema 34..A disciplina urbanística e a súa regulación. Intervención da edificación e uso do solo. Concorrenza de competencias con outras administracións.

4.- ENXEÑEIRO/A INDUSTRIAL

I.- Número de prazas: 1

II.- Características

Enmarcada no grupo A, subgrupo A1; escala, Administración especial; subescala servizos especiais; clase, Cometidos especiais. Estará dotada coas retribucións básicas que legalmente corresponden ao subgrupo A1, e as complementarias propias do posto de traballo ao que resulte adscrita a praza do aspirante. Figurarán incluída no réxime de dedicación exclusiva.

III.- Sistema de selección

Establécese o de oposición libre, de conformidade co previsto nestas bases específicas e o establecido nas bases xerais das convocatorias derivadas das ofertas de emprego público correspondentes aos anos 2014, 2015 e 2016.

IV.- Condicións das e dos aspirantes.

Ademais das que figuran na base 4ª das xerais, as/os aspirantes deberán estar en posesión do título de enxeñeiro industrial ou master en enxeñería industrial ou equivalente, titulación esixidas para o acceso á praza segundo a vixente relación de postos de traballo.

Os anteriores requisitos xustificaranse da forma prevista na base 4ª das xerais.

V.- Exercicios da oposición para a quenda libre.

Primeiro exercicio.- De carácter obrigatorio e eliminatorio para todos/as os/as aspirantes.

Consistirá en contestar por escrito, durante un período máximo de dúas horas, a 4 temas elixidos ao chou mediante sorteo público, que se celebrará polo Órgano de selección en presenza dos/das aspirantes, dos que figuran como anexo a estas bases. Un destes temas corresponderá ao primeiro apartado dos temas “A) Temas Xerais” e o resto ao apartado “B) Temas Específicos”.

Neste exercicio avaliaranse os coñecementos sobre os temas expostos, a claridade e orde de ideas, a facilidade de exposición escrita e a capacidade de síntese e o rigor e precisión na súa exposición.



Concello de Vigo

Esta proba deberá ser lida obrigatoriamente perante o órgano de selección, en sesión pública e concluída a lectura da totalidade dos temas, este poderá pedirlle ao aspirante calquera explicación complementaria que considere oportuna.

Este exercicio puntuarase de cero (0) a dez (10) puntos; é necesario para superalo obter un mínimo de cinco (5) puntos.

Segundo exercicio.- De carácter obrigatorio e eliminatorio.

Consistirá en desenvolver por escrito durante un período máximo de tres horas, dous supostos teórico-prácticos que formulará o órgano de selección, inmediatamente antes do comezo do exercicio, relacionados co contido do temario específico, relativos as tarefas propias da praza. Durante o desenvolvemento desta proba os aspirantes poderán, en todo momento, facer uso dos textos legais dos que acudan provistos; non se permite o manexo de textos comentados nin libros de formularios así como de dispositivos dixitais. Os e as aspirantes deberán expoñer este exercicio perante o órgano de selección en sesión pública, o que poderá, ao final da exposición, solicitarlle ao aspirante calquera aclaración que considere oportuna, sobre o suposto práctico desenvolvido. Neste exercicio avaliarase a capacidade de análise e a aplicación razoada dos coñecementos teóricos á resolución dos problemas prácticos presentados.

Este exercicio puntuarase de cero (0) a dez (10) puntos; é necesario para aprobar obter unha puntuación mínima de cinco (5) puntos.

Terceiro exercicio.- De carácter obrigatorio e non eliminatorio. Proba de informática.

Consistirá nunha proba de coñecementos de informática a nivel usuario de contornos operativos linux/windows ou similares, manexo de ferramentas de ofimática (open office ou similar) e de utilidades básicas de internet en ditos contornos (navegación, correo electrónico, etc), así como coñecementos básicos de Sistemas CAD e de Información Xeográfica no tempo que estableza o órgano de selección. Dita proba avaliarase de 0 a 2 puntos.

Cuarto exercicio.- De carácter igualmente obrigatorio, aínda que a falta de superación do mesmo non impedirá o nomeamento.

Serán efectuadas e valoradas por persoal especialista. Consistirán na aplicación dunha proba de aptitudes e de personalidade, segundo o Anexo I das bases específicas, que medirá a capacidade intelectual dos aspirantes para actuar eficazmente, a avaliación do potencial dos candidatos/as para o desenvolvemento exitoso das funcións a desempeñar así como a aplicación de probas de personalidade destinadas a medir os aspectos afectivos e volitivos que permitan unha apreciación global da personalidade das e dos aspirantes. Cualificaranse como apto/non apto.

1. Proba de Aptitudes. Realizarase unha valoración do nivel intelectual e doutras aptitudes específicas, explorando todos ou varios dos aspectos seguintes: intelixencia xeral, comprensión e fluidez verbal, comprensión de ordes, razoamento cognitivo, atención discriminativa e resistencia á fatiga intelectual.

2. Probas de personalidade. As probas de personalidade orientaranse a avaliar os rasgos da personalidade máis significativos e relevantes para o desempeño da función do posto de sarxento do Servizo de Extinción de Incendios, así como o grao de adaptación persoal e social dos aspirantes. Así mesmo, deberá descartarse a existencia de síntomas ou trastornos psicopatolóxicos e/ou da personalidade. Exploraranse os aspectos que a continuación se relacionan: estabilidade emocional, autoconfianza, capacidade empática e interese polos demais, habilidades interpersoais, control axeitado da impulsividade, axuste persoal e social, capacidade de adaptación a normas, capacidade de afrontamento da tensión e motivación propias do posto de traballo .

Os resultados obtidos nas probas deberán ser obxecto de contraste mediante a realización



Concello de Vigo

dunha proba individual, que consistirá na contestación a un cuestionario, formulado verbalmente. Deste modo, á parte das características de personalidade sinaladas anteriormente, exploraranse, ademais, os seguintes aspectos: existencia de niveis disfuncionais de tensión ou de trastornos do estado de ánimo; problemas de saúde; consumo excesivo ou de risco de alcohol ou outros tóxicos e grao de medicación; expectativas respecto dun servizo de emerxencia.

A cualificación de cada exercicio e a final faranse con arranxo ó previsto na base 10ª das xerais.

VII.- Curso selectivo.

De conformidade co previsto na base 14ª das xerais, o/a aspirante aprobado/a, unha vez achegada toda a documentación esixida, será nomeado/a funcionario/a en prácticas, percibindo as retribucións que legalmente correspondan á dita situación. Deberá superar un curso teórico-práctico de 3 meses de duración como máximo, antes do seu nomeamento definitivo como funcionario/a de carreira.

Serán causas que impidan a superación do curso as seguintes:

- Incurrir en tres faltas consecutivas ou cinco alternas de asistencia sen causa xustificada.
- A notoria e constante falta de puntualidade no cumprimento do horario de entrada e saída.
- Faltar ao curso máis dun terzo das xornadas lectivas das que conste.
- Que nas revisións médicas que se lle poidan practicar en calquera momento durante o curso, se comprobe a aparición dalgunha das causas de exclusión que figuran no Anexo II.
- Non superar a metade da puntuación total establecida para o curso, que será como máximo de 10 puntos.

Para a valoración, o órgano convocante constituirá unha comisión que efectuará a oportuna proposta e estará integrada por:

Presidencia: un/unha funcionario/a do grupo A, subgrupos A1 ou A2 de titulación .

Secretaría: un/unha técnico/a de Administración xeral ou funcionario/a con habilitación de carácter estatal.

Vogais: O oficial-xefe do servizo. Un suboficial ou, no seu defecto, un sarxento ou cabo do servizo de extinción de incendios, designados polo concelleiro-delegado da área de xestión municipal.

Dous/dúas funcionarios/as do concello ou dos seus organismos autónomos designados polo Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, un/unha deles/as adscrito/a á Área de Seguridade e Mobilidade.

A Comisión efectuará a súa valoración en función dos informes que lle faciliten o profesorado do curso, sen prexuízo de poder ter libre acceso ás clases, exames e a toda a documentación que considere oportuna para formar o seu xuízo de valor.

VIII.- PROGRAMA ESPECÍFICO

(EXCLÚENSE OS TEMAS PARA PRAZAS DO GRUPO C1, QUE FIGURAN COMO ANEXO AS BASES XERAIS)

- Tema 1. A Constitución Española de 1978: significado e estrutura. Principios xerais. Reforma da Constitución. Dereito e deberes fundamentais dos españois. Garantía e suspensión.
- Tema 2. A organización do Estado español na Constitución. A Coroa. As Cortes Xerais. O poder xudicial. O poder executivo.
- Tema 3. O Estado das autonomías. Modo de organización estatal na Constitución española. Caracteres do dereito á autonomía. Competencias das comunidades autónomas. Contido e valor normativo dos estatutos de autonomía. O Estatuto de Autonomía de Galicia. A cooficialidade lingüística na Constitución e no Estatuto de Autonomía de Galicia.
- Tema 4. O dereito administrativo e o seu concepto. As fontes do ordenamento xurídico. A Constitución. A lei. Disposicións normativas con rango de lei. Os regulamentos. O costume. Os principios xerais do dereito. A xurisprudencia.
- Tema 5. O procedemento administrativo. Fases do procedemento administrativo común. O deber de resolver e notificar. Os expedientes e o seu arquivo. A administración electrónica.
- Tema 6. A Administración local: concepto e evolución. A Administración local na Constitución española. Regulación xurídica actual do réxime local. Entidades que comprende. O municipio e as súas competencias. Servizos mínimos obrigatorios.
- Tema 7. O Municipio: conceptos e elementos. O termo municipal: o problema da planta municipal. Alteracións de termos municipais. Lexislación básica e lexislación autonómica. A poboación municipal. O Padrón de habitantes. O estatuto dos veciños. Dereito dos estranxeiros.
- Tema 8. O Goberno municipal. O Pleno da Corporación. O Alcalde. A Xunta de Goberno Local. As Comisións Informativas. Outros órganos complementarios e os grupos políticos municipais. Municipios de gran poboación: municipios de aplicación, organización e funcionamento dos órganos municipais necesarios e xestión económica-financiera. Réxime e funcionamento dos órganos colexiados locais. Convocatoria, orde do día, actas e certificacións.
- Tema 9. Mecanismos de extinción de incendios. Axentes extintores, sólidos, líquidos e gasosos, características e campo de aplicación.
- Tema 10. Centros de transformación, características, clasificación, partes fundamentais, manobras a ter en conta, tomas de terra. Normativa aplicable.
- Tema 11. Aparatos extintores de incendios. Fixos e portátiles, definición, clasificación e identificación. Mantemento e normativa aplicable.
- Tema 12. Grado valorativo dos lumes. Potencia calorífica dos diversos materiais e substancias. Estudio da velocidade de combustión. Curvas características dos lumes tipo.
- Tema 13. Propiedades e características dos gases, líquidos e sólidos de carácter volátil mais usuais. Punto de ignición. Punto de auto inflamación. Límite superior e inferior de inflamabilidade. Punto de ebulición.
- Tema 14. Sustancias de combustión espontánea, fases. Xeración e propagación segundo tipo de materia: Factores. Oxidantes: tipos e descomposición. Acción da auga na combustión espontánea.



Concello de Vigo

- Tema 15. Toxicidade nos lumes: os produtos da combustión. Gases xerados na combustión de materias comúns (madeira, la, plásticos e goma). Monóxido de carbono. Dióxido de carbono. Ácido cianhídrico. Dióxido de nitróxeno, etc.
- Tema 16. Mecánica de fluídos. Definición e clasificación. Definición de fluído. Propiedades dos fluídos.
- Tema 17. Hidrostática. Presión hidrostática. Equilibrio dun fluído no campo gravitatorio. Principio de Pascal, prensa hidráulica. Medida da presión. Presión absoluta e relativa. Principio de Arquímedes. Centro de presións: estabilidade en flotación e somerxidos.
- Tema 18. Hidrodinámica. Movemento laminar e turbulento. Teorema de Bernulli. Caudal, empuje e perda de carga. Variacións de caudal.
- Tema 19. Bombas centrífugas. Tipos e características das bombas utilizados nos S.E.I.S. Normativa aplicable. Descricións e funcionamento. Cavitación e golpe de ariete das bombas centrífugas.
- Tema 20. Flash Over: Concepto, características, tipos, condicións para que se produza, causas e efectos.
- Tema 21. Protección respiratoria en ambientes con riscos derivados dun incendio: Toxicidade e riscos. Equipos de protección respiratoria: clases e características. Normativa. Normas de actuación.
- Tema 22. Regulamento de seguridade contra incendios nos establecementos industriais. Obxecto e ámbito de aplicación. Inspeccións periódicas. Caracterización dos establecementos industriais en relación coa seguridade contra incendios.
- Tema 23. Instalacións eléctricas de baixa tensión nos edificios: xeneralidades, sistemas de distribución para uso de vivendas, comercial, oficinas, público, industria e garaxe. Instalacións comúns e privativas segundo normativa. Redes de protección a terra.
- Tema 24. Métodos de salvamento. Rescate de vítimas en accidentes de circulación. Material de corte, separación e de elevación, bomba hidráulica e manual. Medidas de seguridade. Técnicas de rescate. Sinalización. Rescate en medios acuáticos. Material e técnicas de rescate en superficie.
- Tema 25. Sistemas de radio: Clasificación segundo o seu tipo de modulación. Conceptos básicos. Amplitude, frecuencia e fase. Bandas de frecuencia para servizos móbiles terrestres. Relación entre ancho de banda e velocidade de transmisión.
- Tema 26. Sistema de comunicación en emerxencias: Organización e características. Sistemas PMR: configuración e vantaxes fronte a outros sistemas de acceso público. Sistemas tetra.
- Tema 27. Tipos de vehículos dos SEIS (Servizos de extinción de incendios e salvamento). Normativa aplicable. A condución de vehículos de emerxencia. Prioridades de paso.
- Tema 28. O concepto de tren de saída: Tipos. Vehículos: Tipos e características. Equipos de protección persoal: características. Normativa. Seguridade na intervención.
- Tema 29. Código técnico de edificación. Disposicións xerais. Condicións técnicas e administrativas. Esixencias básicas.
- Tema 30. Código técnico de edificación. Esixencias básicas de seguridade en caso de incendios (S.I.)
- Tema 31. Comportamentos das estruturas e elementos construtivos ante lo lume: Clasificación dos materiais e elementos de obra pola súa resistencia ao lume. Comportamento dos mesmos. Comportamento das estruturas fronte ao lume. Grados de illamento e protección das estruturas nos seus diversos elementos.

- Tema 32. Propiedades físico-químicas da materia. Estado da materia. Punto de fusión. Presión de vapor e punto de ebulición. Calor específico e calor latente. Densidade e viscosidade. Solubilidade. Condutividade eléctrica. Coeficiente de transmisión do calor. Acidez e basicidade. Inflamabilidade.
- Tema 33. Gases liquidados do petróleo: butano e propano. Características físico-químicas. Formas correctoras. Medios de protección mais comúns empregados: tipos e compoñentes. Instalacións de gases en edificios.
- Tema 34. Avaliación do risco químico nos casos de emerxencia. Análise da gravidade da emerxencia. Tipos de emerxencia segundo o produto involucrado. Información preliminar. Toma de datos no lugar da emerxencia. Medios a utilizar e eliminación de residuos.
- Tema 35. Produtos químicos perigosos. Clasificación: Gases. Características xerais . Propiedades mais comúns . Tipos de gases: Clasificación e características; Líquidos inflamables, características xerais. Propiedades mais comúns; Tóxicos e corrosivos: características xerais. Propiedades mais comúns; Comburentes e oxidantes: Características xerais. Propiedades mais comúns; Radioactivos. Características. Propiedades mais comúns.
- Tema 36. Transporte de produtos químicos. Sinalización dos vehículos e contedores que transportan mercadorías perigosas. Panel laranxa e etiquetas (segundo regulamentos TPF, TPC e ADR). Actuacións no caso de accidentes. Protocolos de intervención.
- Tema 37. Apeos e apontoamentos. Elementos que o compoñen. Causas que os provocan. Tipos segundo o elementos estrutural. Precaucións e medidas de seguridade.
- Tema 38. Explosións Blevé. Definición. Condicións nas que se produce. Consecuencias previsibles no caso de explosión . Principais produtos perigosos. Medias preventivas. Definición dos fenómenos Frothover. Boilover e Slopover.
- Tema 39. Organización e funcionamento dos Parques de Bombeiros. Obxectivo e fins. Ámbito territorial. Estudo de funcións; Avaliación e control de riscos, loita contra sinistros.
- Tema 40. O mando. Características do mando. Funcións fundamentais. As responsabilidades e delegacións. A motivación e tipos de motivación. Distribución e organización dos servizos.

ANEXO I-PERFIL PSICOLÓXICO PARA O EXAME PSICOTÉCNICO

Tendo en conta as funcións que debe realizar o servizo de Extinción de Incendios, os test irán dirixidos a excluír os aspirantes con anomalías respecto ao perfil psicolóxico que debe reunir o persoal do servizo, e que se traduce nas seguintes:

Aptitudes mentais:

- Razoamento verbal
- Razoamento abstracto
- Razoamento mecánico
- Razoamento espacial
- Atención e resistencia a fatiga
- Intelixencia xeral

Personalidade

- Autocontrol dos impulsos e emocións
- Serenidad



Concello de Vigo

- Estabilidade emocional
- Sentido da disciplina e da autoridade
- Desenvolvemento de condutas cooperativas
- Capacidade de integración no grupo
- Capacidade empática e de manexo da relación interpersonal
- Capacidade a automotivación
- Seguridade en si mesmo.-Firmeza persoal
- Capacidade práctica e realista
- Sentido da iniciativa
- Neutralidade efectiva no exercicio profesional

Características do test actitudinal: Para a avaliación das probas actitudinales son factores preferentes a ter en conta, de acordo co orde de importancia que se expresa a continuación:

1.- Autocontrol. 2.- Serenidade. 3.-Estabilidade emocional. 4.-Capacidade empática e manexo das relacións interpersoais. 5.- Sentido da disciplina e autoridade.6.- Desenvolvemento de condutas corporativas e capacidade de integración. 7.- Seguridade e firmeza persoal. 8.-Sentido da iniciativa. 9.- Neutralidade profesional. 10.- Calquera outros de análoga significación aos anteriormente referidos.

A calificación desta proba será de apto ou non apto, debendo superar como mínimo o aspirante, no caso dos factores aptitudinales 4 dos 6 factores a medir, debendo superar en todos os casos o factor de intelixencia xeral.

O órgano de selección fixará uns criterios mínimos antes da realización dos exercicios tanto intelectuais como de personalidade que de non ser alcanzados excluirán o/a candidato, debendo figurar os mesmos na correspondente acta.

13.- BOMBEIRO

I.- Número de prazas: 10

II.- Características.

Enmarcadas no Subgrupo C2 de titulación, escala, administración especial; subescala, servizos especiais; clase, extinción de incendios; categoría, bombeiro. Estarán dotadas coas retribucións básicas correspondentes o subgrupo C2 de titulación e as complementarias propias do posto de bombeiro.

Figurarán incluídas no réxime de dedicación exclusiva.

III.- Sistema de selección.

Establécese o de oposición libre, de conformidade co previsto nestas bases específicas e o establecido nas bases xerais das convocatorias derivadas das ofertas de emprego público correspondentes aos anos 2014, 2015 e 2016.

IV.- Condicións das/os aspirantes.

Ademais das que figuran na base 4ª das xerais, as/os aspirantes deberán estar en posesión do título de graduado en Educación Secundaria Obrigatoria ou equivalente, de conformidade co disposto na Orde EDU/1603/2009, do 10 de xuño, pola que se establecen equivalencias cos títulos de graduado en Educación Secundaria Obrigatoria e de Bacharelato regulados na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Os anteriores requisitos xustificaranse da forma prevista na base 4ª das xerais.

Deberán presentar perante o Órgano de Selección, na data de realización do segundo exercicio (probas físicas), certificado médico expedido en impreso oficial e asinado por colexiado en exercicio e, que non superará un máximo de tres meses dende a súa expedición, ao obxecto de acreditar a aptitude física, e no que se faga constar expresamente que o/a aspirante reúne as aptitudes psicofísicas (condicións físicas e sanitarias) necesarias e suficientes para a realización dos exercicios físicos que figuran especificados na correspondente proba da oposición, o que non excluírá as comprobacións posteriores do que se reflicte no certificado médico. Non se admitirán certificados que non se axusten na súa redacción a estes conceptos (ANEXO III das Bases). A non presentación do referido certificado suporá a exclusión do aspirante do proceso selectivo.

V.- Identificación das/os opositores.

Os opositores comparecerán ás diferentes probas provistos do seu DNI, que poderá ser esixido polo órgano de selección en calquera momento durante o desenvolvemento de cada proba.

VI.- Exercicios da oposición.

Primeiro exercicio.- Teórico. De carácter obrigatorio e eliminatorio.

Consistirá en contestar por escrito, no tempo que estableza o órgano de selección, a un cuestionario tipo test de 40 preguntas como mínimo, con catro respostas alternativas por pregunta, relacionadas coas materias que integran os programas das bases específicas. O cuestionario será elaborado polo órgano de selección inmediatamente antes do inicio do exercicio.

Neste exercicio cada resposta incorrecta penalizará a metade da puntuación de cada pregunta acertada, non se puntuarán as non contestadas. Cualificarase cunha puntuación de cero (0) a dez (10) puntos, e será necesario para superalo obter un mínimo de cinco (5) puntos.

Segundo exercicio.- Probas de aptitude física. Este exercicio é de carácter obrigatorio e eliminatorio. Consistirá na realización das seguintes probas físicas:

Eliminatorio composto de tres probas:

1ª.-Subir e baixar a pulso unha corda lisa de sete metros sen axuda dos pes e sen impulso dende a posición de sentado, subindo sen deixar os pes tocando no chan. Descanso de 30 segundos.



Concello de Vigo

2ª.-Pasar unha escaleira horizontal e sen soltarse realizar 12 flexións consecutivas no derradeiro chanzo da escaleira, brazos totalmente estendidos, coas palmas cara ao exterior, e deberá superar o queixo a barra; non se permite balanceo na realización das flexións. Descanso de 45 segundos.

3ª.-Executar 30 repeticións en press de banca con 45 kg, nun tempo inferior ou igual a 30 segundos, debendo executar o exercicio en cada unha das flexións tocando o peito coa barra e elevándoa á máxima extensión dos brazos.

As flexións teñen como obxectivo.- Medir a forza dos músculos flexores dos antebrazos e os da cintura escapulo-humeral.

Material: unha barra fixa/escaleira horizontal, de ximnasia deportiva.

Posición inicial.- Suspendido da barra coas palmas da man cara adiante. Brazos e pernas estendidas. Os pés sen tocar o chan.

Execución.- Levantar o corpo cos brazos ata que o queixo sobrepase a barra. Baixar o corpo ata que os brazos queden completamente estendidos. Pódese repetir o exercicio tantas veces como se poida.

Regras.- A flexión non é un movemento de lategazo, non se poden levantar os xeonllos. Non se permite dar impulso sacudindo as pernas. Non se permite o balanceo do corpo. O movemento de flexo-extensión deberá de se-lo máis uniforme posible. O queixo non pode toca-la barra e debe supera-la mesma. Se unha repetición se realiza con algunha destas anomalías, non se contará.

É necesario superar as tres probas para poder continuar cos seguintes exercicios.

Consistirá na realización das probas físicas que se relacionan deseguido xunto coas marcas e puntuacións:

1ª Proba: 100 m lisos.-

Obxectivo: medir a velocidade de desprazamento e a axilidade.

Material.- Instalacións de atletismo e cronometraxe eléctrica.

Execución.- Estableceranse as quendas que o órgano de selección estime oportuno, asignándose unha rúa a cada participante, sendo as voces de mando a utilizar dúas: 1. "Aos seus postos". A esta voz as e os participantes deberán ocupar a súa posición detrás da liña de saída da súa respectiva rúa. Permitirase o uso de tacos de saída debendo sela posición a seguinte: as dúas mans e un xeonllo deberán estar en contacto co chan e os dous pés cos tacos de saída. Non se pode tocar a liña de saída nin o chan por diante desta con ningunha parte do corpo. 2. "Listos". A esta voz as e os participantes deberán tomar sen perda de tempo a posición final de saída e permanecer inmóbiles ata a detonación da pistola ou aparello de saídas. A posición será coas dúas mans en contacto co chan e os pés cos tacos de saída. Se un/unha participante se move antes da detonación considerarase a saída falsa, dando o xuíz de saída o disparo definitivo só cando comprobe que todos os participantes adoptaron a posición axeitada.

Regras.- O cronómetro porase en marcha no momento da detonación e deterase cando o participante acade a vertical do bordo máis próximo da liña de meta co seu tronco. É nulo se o aspirante interfere na carreira doutro. Ao interferido permíteselle un intento máis e anotarase o mellor tempo.

2ª Proba: Carreira 200 m con carga 30 K.-

Obxectivo: medir a resistencia anaeróbica.

Terreo: instalación de atletismo.

Descrición: posición inicial: á voz de "listo" o/a executante sitúase detrás da liña de chegada dos 100 m cun saco de area de 30 Kg de peso aos seus pés. O saco poderá ser agarrado pero non levantarse do chan ata oír o disparo. Ao oír o disparo levantará o saco do chan e correrá cara á liña de saída dos 100 m, sorteará un corpo xeométrico e volverá cara á chegada completando un percorrido de 200 m.

Normas: o saco deberá transportarse durante a totalidade da proba. O cronómetro porase en marcha no momento da detonación e deterase cando o/a participante acade a vertical do bordo máis próximo da liña de meta co seu tronco.

3ª Proba: Circuito de axilidade.

Obxectivo e xustificación.- Medir as capacidades coordinativas (mobilidade e axilidade).

Material.- Dous paus de 1,70 m de alto por 3 cm. de ancho, mantidos verticalmente pola correspondente base. Dous valos de atletismo, colocados a unha altura de 0,72 m., e unha delas prolongada verticalmente por dous paus apegados aos seus extremos laterais, que teñen as mesmas características cós citados anteriormente.


Posición inicial: detrás da liña de partida, preparado para correr en posición de saída de pé. O lugar de saída é opcional. Á dereita ou á esquerda do valo.

Execución.- Ao sinal, correrase na dirección que indica o debuxo, no menor tempo posible.

Regras.- O cronómetro eléctrico porase en marcha no momento da detonación e deterase cando o participante acade a vertical do bordo máis próximo da liña de meta co seu tronco (cando pase o último valo co tronco). Considérase nulo cando non se completa o percorrido, cando se derrube ou despraze algún dos valos ou elementos que constitúan o circuito e cando se apoie nalgún dos valos ao sobrepasalo. Permítese dous intentos con descanso entre os dous. Contabilizarase o mellor dos tempos.



Concello de Vigo



4ª Proba: Carreira 1000 m:

Obxectivo.- Medir a resistencia anaeróbica láctica.

Material.- Instalación de atletismo e cronometraxe eléctrica.

Descrición.- Estableceranse as tandas que o órgano de selección estime oportuno. Os aspirantes situaranse por orde a tres metros da liña de saída, e a única voz que se utilizará é a de "Aos seus postos", neste intre deberá situarse detrás da liña de saída sen pisala e de pé. O disparo de saída efectuarase unha vez que o xuíz comprobe que todos os participantes están na posición axeitada.

Regras.- O cronómetro porase en marcha no momento da detonación e deterase cando o participante acade a vertical do bordo máis próximo da liña de meta co seu tronco.

5ª Proba natación 100 m.

Material.- Piscina municipal, cronometraxe manual conforme á normativa da Federación Galega de Natación.

Para a valoración deste exercicio o Órgano de Selección contará co asesoramento de cronometradores/as oficiais da Federación Galega de Natación.

Descrición: O/a aspirante nadará no seu estilo preferido a distancia de 100 m. en piscina. Á voz de "xa" comezará a proba que finalizará no momento no que o executante toque a parede da piscina do lugar de saída.

Normas: durante a proba deberá tocarse a parede dos extremos da piscina. A indumentaria para a execución da proba consistirá en bañador, gorro e lentes, unicamente. Non se permitirá a utilización de elementos que faciliten a acción de nadar.

6ª Proba: acceso a coche escaleira.

Descrición: A proba consiste en subir e baixar un a un os chanzos da escaleira completa, estando ésta estirada ao máximo e cunha inclinación máxima de 80°. Os aspirantes irán debidamente asegurados por arnés e corda; terán a consideración de aptos os que acaden realizar a proba nun tempo prudencial que fixará o órgano de selección inmediatamente antes da súa realización.

MARCAS E PUNTUACIÓNS.-

100 m lisos	Marcas	Puntuación
	11"80	20
	11"82	18
	11"85	16
	11"90	14
	11"97	12
	12"07	10
	12"22	8
	12"44	6
	12"74	4
	13"10	2

Carreira 200 m con carga 30 kg	Marcas	Puntuación
	33"	20
	33"20	18
	33"50	16
	34"00	14
	34"70	12
	35"60	10
	36"70	8
	38"00	6
	39"40	4
	41"00	2

Axilidade	Marcas	Puntuación
	8"80	20
	8"83	18
	8"88	16
	8"95	14
	9"04	12
	9"15	10
	9"28	8



Concello de Vigo

Axilidade	Marcas	Puntuación
	9"44	6
	9"63	4
	9"85	2

Carreira 1000 m	Marcas	Puntuación
	2'50"	20
	2'51"	18
	2'52"	16
	2'54"	14
	2'56"	12
	2'59"	10
	3'02"	8
	3'06"	6
	3'10"	4
	3'14"	2

Natación 100 m	Marcas	Puntuación
	1'15"	20
	1'16"	18
	1'18"	16
	1'21"	14
	1'24"	12
	1'27"	10
	1'31"	8
	1'35"	6
	1'40"	4
	1'45"	2

Todos os/as aspirantes deberán presentarse ás probas físicas provistos de roupa deportiva.

Nas probas deste apartado b) as e os aspirantes quedan obrigados a chegar en calquera das probas a un mínimo de 2 puntos, senón serán declarados non aptos, polo que quedarán eliminados do proceso selectivo. Así mesmo, tamén quedará eliminado quen non acade un mínimo de 10 puntos como resultado de dividir o total de puntos obtidos en cada unha das probas por cinco.

Para as mulleres rexerán os mesmos criterios sinalados no parágrafo anterior, coa salvidade de que á puntuación que obteñan incrementaráselle nun 20%.

Terceiro exercicio.- Recoñecemento médico, no centro que se lle indique. Certificarase que o aspirante non está incurso en ningunha das exclusións médicas recollidas no cadro que figura como Anexo I desta convocatoria, de carácter obrigatorio e eliminatorio.

A toma de mostras farase inmediatamente despois da realización das probas físicas, aínda que o órgano de selección resérvase a posibilidade de convocar aos/as aspirantes que considere oportuno para a realización de probas de control de dopaxe en calquera momento

da realización do primeiro exercicio. A resistencia ou negativa expresa por parte do/da aspirante a realizar dita proba, ou a súa non presentación a realización da mesma no lugar e tempo no que sexa convocado/a, de forma non xustificada validamente, suporá a exclusión inmediata do proceso selectivo.

Cuarto exercicio.- De carácter igualmente obrigatorio, aínda que o non superalo, non impedirá o nomeamento.

Consistirá na realización dunha proba oral e/ou escrita de coñecemento do idioma galego, que se realizará conforme ao previsto na base 10ª das xerais que determinará o órgano de selección co asesoramento do Servizo de Normalización Lingüística, e avaliarase de 0 a 2 puntos.

O/a aspirante que non obtivese 1 punto como mínimo nesta proba deberá participar no primeiro curso de idioma galego que realice a Administración autonómica (Secretaría Xeral de Política Lingüística ou organismo autonómico competente) a fin de obter a debida capacitación.

Estarán exentos da realización deste exercicio os/as aspirantes que acrediten posuír o título CELGA 3 ou equivalente homologado, segundo o disposto na orde 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (Anexo I), aos que se lles asignarán 2 puntos.

Quinto exercicio.- Probas psicotécnicas, de carácter obrigatorio e eliminatorio. Estarán dirixidas a determinar as actitudes e aptitudes persoais dos aspirantes e a súa adecuación ás funcións a desempeñar comprobando que presentan un perfil psicolóxico axeitado.

Serán efectuadas e valoradas por persoal especialista. Consistirán na aplicación dunha proba de aptitudes e de personalidade, segundo o Anexo II das bases específicas, que medirá a capacidade intelectual dos aspirantes para actuar eficazmente, a avaliación do potencial dos candidatos/as para o desenvolvemento exitoso das funcións a desempeñar así como a aplicación de probas de personalidade destinadas a medir os aspectos afectivos e volitivos que permitan unha apreciación global da personalidade das e dos aspirantes. Cualificaranse como apto/non apto.

A cualificación global será de apto/non apto.

Proba de Aptitudes. Realizarase unha valoración do nivel intelectual e doutras aptitudes específicas, explorando todos ou varios dos aspectos seguintes: intelixencia xeral, comprensión e fluidez verbal, comprensión de ordes, razoamento cognitivo, atención discriminativa e resistencia á fatiga intelectual.

Probas de personalidade. As probas de personalidade orientarase a avaliar os trazos da personalidade máis significativos e relevantes para o desempeño das funcións, así como o grao de adaptación persoal e social dos aspirantes. Así mesmo, deberá descartarse a existencia de síntomas ou trastornos psicopatolóxicos e/ou da personalidade. Explorarase os aspectos que a continuación se relacionan: estabilidade emocional, autoconfianza, capacidade empática, habilidades interpersoais, control axeitado da impulsividade, axuste persoal e social, capacidade de adaptación, capacidade de afrontamento da tensión e



Concello de Vigo

motivación.

Os resultados obtidos nas probas deberán ser obxecto de contraste mediante a realización dunha proba individual, que consistirá na contestación a un cuestionario, formulado verbalmente. Deste modo, á parte das características de personalidade sinaladas anteriormente, exploraranse, Ademais, os seguintes aspectos: existencia de niveis disfuncionais de tensión ou de trastornos do estado de ánimo; problemas de saúde; consumo excesivo ou de risco de alcohol ou outros tóxicos e grao de medicación.

O primeiro exercicio cualificarase de 0 a 10 puntos, quedando eliminado/a o/a aspirante que non obteña cando menos 5 puntos nel.

No segundo exercicio cualificaranse as probas do apartado a) como apto ou non apto. Nas do apartado b) puntuarase de 0 a 20 puntos; os/as aspirantes quedarán obrigados a chegar en calquera das probas a un mínimo de 1 punto, senón serán declarados/as non aptos/as. Así mesmo, tamén quedará eliminado quen non acade un mínimo de 5 puntos como resultado de dividir o total de puntos obtidos en cada unha das probas por cinco.

Para as mulleres rexerán os mesmos criterios sinalados no parágrafo anterior, coa salvidade de que á puntuación que obteñan incrementaráselle nun 20%.

O terceiro e o quinto exercicio cualificaranse como apto ou non apto.

A cualificación do cuarto exercicio farase conforme ao previsto na base 10ª das xerais, cun máximo de 2 puntos.

A suma das puntuacións obtidas nos exercicios da oposición primeiro, segundo e cuarto suporá a puntuación total da proba selectiva, que servirá para elaborar a relación de aprobados por orde de puntuación.

A relación de aprobados por orde de puntuación farase de conformidade coa base 10ª das xerais.

VII.- Curso selectivo.

De conformidade co previsto na base 14ª das xerais, o/a aspirante aprobado/a, unha vez achegada toda a documentación esixida, será nomeado/a funcionario/a en prácticas, percibirá as retribucións que legalmente correspondan á dita situación, e deberá superar un curso teórico-práctico de 3 meses de duración como máximo, antes do seu nomeamento definitivo como funcionario/a de carreira.

Serán causas que impidan a superación do curso as seguintes:

- Incurrir en tres faltas consecutivas ou cinco alternas de asistencia sen causa xustificada.
- A notoria e constante falta de puntualidade no cumprimento do horario de entrada e saída.
- Faltar ao curso máis dun terzo das xornadas lectivas das que conste.
- Que nas revisións médicas que se lle poidan practicar en calquera momento durante o curso, compróbase a aparición dalgunha das causas de exclusión que figuran no Anexo II.

- Non supera a metade da puntuación total establecida para o curso, que será como máximo de 10 puntos.

Para a valoración, o órgano que convoca constituirá unha comisión que efectuará a oportuna proposta e estará integrada por:

Presidencia: un/unha funcionario/a incluído/a nos subgrupos A1 ou A2 de titulación do Concello de Vigo.

Secretaría: un funcionario/a con habilitación de carácter estatal ou un/unha técnico/a de Administración xeral do Concello de Vigo.

Vogais: O oficial xefe ou un suboficial do Servizo de Extinción de Incendios do Concello de Vigo, Un suboficial ou no seu defecto un Cabo do Servizo de Extinción de Incendios, designados polo concelleiro-delegado da área de xestión municipal.

Dous/dúas funcionarios/as do Concello de Vigo designados polo Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, un deles/as adscrito/a a Área de Seguridade e Mobilidade.

A comisión efectuará a súa valoración en función dos informes que lle facilite o profesorado do curso, sen prexuízo de poder ter libre acceso ás clases, exames e a toda a documentación que considere oportuna para formar o seu xuízo de valor.

VII.- PROGRAMA ESPECÍFICO

(EXCLÚESE O COMÚN PARA PRAZAS DO SUGGRUPO C2, QUE FIGURA COMO ANEXO ÁS BASES XERAIS)

Parte Xeral

- Tema 1. A Constitución Española de 1978. Deberes e dereitos fundamentais dos españois. O Tribunal Constitucional. O Defensor do Pobo.
- Tema 2. O municipio. Organización Municipal. Competencias do municipio
- Tema 3. Dereitos e deberes dos funcionarios. Réxime de incompatibilidades. Réxime disciplinario. Situacións administrativas.
- Tema 4. O Estatuto de Autonomía de Galicia.

Parte específica.

- Tema 1. Cambios de estado da materia: fases e estado da materia.
- Tema 2. Concepto de combustión. Enerxía de activación. Velocidade de propagación.
- Tema 3. Calor, caloría, calor específico, enerxía calorífica.
- Tema 4. Mecanismos de extinción.
- Tema 5. Axentes extintores.
- Tema 6. Equipos de protección persoal.
- Tema 7. Equipos de respiración: Circuito aberto, circuito pechado, máscaras. Tipos e funcionamento. Reguladores: tipos e funcionamento.
- Tema 8. Materias perigosas: Tipos de materia perigosa: explosivas, inflamables, comburentes, tóxicas, radioactivas, corrosivas.



Concello de Vigo

- Tema 9. Clasificación das materias. Códigos de identificación. Códigos de perigo.
- Tema 10. Tipos de incendio: incendio urbano, incendio industrial, incendio forestal.
- Tema 11. Equipos de detección e medición. Explosímetros.
- Tema 12. Equipos de excarceración: diferentes tipos de ferramenta.
- Tema 13. Vehículos contra incendios: urbanos, rurais, forestais, autoescaleiras, autobrazos.
- Tema 14. Elementos estruturais dun edificio.
- Tema 15. Definición e clases de electricidade . Efectos sobre o ser humano. As intervencións nos sinistros con riscos eléctricos.
- Tema 16. Principios xerais de socorrismo.

ANEXO I-EXCLUSIÓNS MÉDICAS

1.- Exclusións circunstanciais.

Enfermidades ou lesións agudas activas no momento do recoñecemento que poidan producir secuelas capaces de dificultar ou impedir o desempeño das súas funcións de bombeiro.

Nestes casos o tribunal médico poderá fixar un novo prazo para comprobar o estado de saúde do/a aspirante, ó final do cal o propio tribunal certificará se desapareceron os motivos da exclusión circunstancial.

2.- Exclusións definitivas:

2.1. Ollo e visión.

2.1.1. Agudeza visual sen corrección inferior ós dous terzos da visión normal en ambos os dous ollos.

2.1.2. Queratotomía radial.

2.1.3. Desprendemento e retina.

2.1.4. Estrabismo.

2.1.5. Hemianopsias.

2.1.6. Discromatopsias.

2.1.7. Calquera outro proceso patolóxico que, a xuízo do tribunal médico, dificulte de maneira importante a agudeza visual.

2.2. Oído e audición:

Agudeza auditiva que supoña unha perda entre 1.000 e 3.000 hertzios a 35 decibelios, ou de 4.000 hertzios a 45 decibelios.

2.3. Outras exclusións:

2.3.1. Aparello locomotor. Alteracións do aparello locomotor que limiten ou dificulten o desenvolvemento da función de bombeiro, ou que poidan agravarse, a xuízo do tribunal médico, co desempeño do posto de traballo. (Patoloxía ósea de extremidades, retraccións ou limitacións funcionais de causa muscular ou articular, defectos de columna vertebral e outros procesos óseos, musculares e articulares).

2.3.2. Aparello dixestivo. Úlcera gastro-duodenal e calquera outro proceso dixestivo que, a xuízo do tribunal médico, dificulte o desenvolvemento do posto de traballo.

2.3.3. Aparello cardiovascular. Hipertensión arterial de calquera causa, non se deberá sobrepasar as cifras en repouso de 145mm/hg en presión sistólica, e 90 mm/hg en presión diastólica; varices ou insuficiencia venosa periférica, así como, calquera outra patoloxía ou lesión cardiovascular que, a xuízo do tribunal médico, poida limitar o desenvolvemento do posto de traballo.

2.3.4. Aparello respiratorio. Asma bronquial, a broncopatía crónica obstrutiva, o neumotorax espontáneo (en máis dunha ocasión), a tuberculose pulmonar activa e outros procesos do aparello respiratorio que dificulten o desenvolvemento da función de bombeiro.

2.3.5. Sistema nervioso. Epilepsia, depresión, xaquecas, tremor de calquera causa, alcoholismo, toxicomanías e outros procesos patolóxicos que dificulten o desenvolvemento da función de bombeiro.

2.3.6. Pel e faneras. Psoriase, eccema, cicatrices que produzan limitación funcional e outros procesos patolóxicos que dificulten ou limiten o desenvolvemento da función de bombeiro.

2.3.7. Outros procesos patolóxicos. Diabetes, enfermidades transmisibles en actividade, enfermidade de transmisión sexual, enfermidades inmunolóxicas sistémicas, intoxicacións crónicas, hemopatías graves, malformacións conxénitas, psicose e calquera outro proceso patolóxico que a xuízo do tribunal médico, limite ou incapacite para o exercicio da función de bombeiro.

Respecto á exclusión por toxicomanía ou alcoholismo, a que se refire o apartado 2.3.5., procederase no primeiro caso, se se comproba a existencia de metabolitos de drogas de abuso, e no segundo caso, se se detecta unha cantidade de alcohol no sangue superior a 0,5 gr/dl.

ANEXO II-PERFIL PSICOLÓXICO PARA O EXAME PSICOTÉCNICO

Tendo en conta as funcións que debe realizar o servizo de Extinción de Incendios, os test irán dirixidos a excluír os aspirantes con anomalías respecto ao perfil psicolóxico que debe reunir o persoal do servizo, e que se traduce nas seguintes:

Aptitudes mentais:

- Razoamento verbal
- Razoamento abstracto
- Razoamento mecánico
- Razoamento espacial
- Atención e resistencia a fatiga
- Intelixencia xeral

Personalidade

- Autocontrol dos impulsos e emocións
- Serenidad
- Estabilidade emocional
- Sentido da disciplina e da autoridade
- Desenvolvemento de condutas cooperativas
- Capacidade de integración no grupo
- Capacidade empática e de manexo da relación interpersonal
- Capacidade a automotivación
- Seguridade en si mesmo.-Firmeza persoal



Concello de Vigo

- Capacidade práctica e realista
- Sentido da iniciativa
- Neutralidade efectiva no exercicio profesional

Características do test actitudinal: Para a avaliación das probas actitudinales son factores preferentes a ter en conta, de acordo co orde de importancia que se expresa a continuación:

1.- Autocontrol. 2.- Serenidade. 3.-Estabilidade emocional. 4.-Capacidade empática e manexo das relacións interpersoais. 5.- Sentido da disciplina e autoridade.6.- Desenvolvemento de condutas corporativas e capacidade de integración. 7.- Seguridade e firmeza persoal. 8.-Sentido da iniciativa. 9.- Neutralidade profesional. 10.- Calquera outros de análoga significación aos anteriormente referidos.

A calificación desta proba será de apto ou non apto, debendo superar como mínimo o aspirante, no caso dos factores aptitudinales 4 dos 6 factores a medir, debendo superar en todos os casos o factor de intelixencia xeral.

O órgano de selección fixará uns criterios mínimos antes da realización dos exercicios tanto intelectuais como de personalidade que de non ser alcanzados excluirán o/a candidato, debendo figurar os mesmos na correspondente acta.

ANEXO III-CONTIDO CERTIFICADO MÉDICO

D. _____, nº de colexiado _____,

CERTIFICO que,

Don/Dona _____ con DNI nº _____, non padece nin enfermidade nin limitación física que impida a realización das probas físicas esixidas para o acceso para ás prazas de bombeiro correspondentes ás OEP 2014, 2015 e 2016 do Concello de Vigo, publicadas no Boletín Oficial da Provincia de data _____.

14.- CONDUTOR/A-BOMBEIRO/A

I.- Número de prazas: 2

II.- Características.

Enmarcadas no Subgrupo C2 de titulación, escala, administración especial; subescala, servizos especiais; clase, extinción de incendios; categoría, condutor/a-bombeiro/a. Estarán dotadas coas retribucións básicas correspondentes o subgrupo C2 de titulación e as complementarias propias do posto de condutor-bombeiro.

III.- Sistema de selección.

Establécese o de oposición libre, de conformidade co previsto nas bases xerais e específicas das convocatorias derivadas das ofertas de emprego público correspondentes aos anos 2014, 2015 e 2016.

Figurará incluída no réxime de dedicación exclusiva.

IV.- Condicións das/os aspirantes.

Ademais das que figuran na base 4ª das xerais, as/os aspirantes deberán estar en posesión do título de graduado en Educación Secundaria Obrigatoria ou equivalente, de conformidade co disposto na Orde EDU/1603/2009, do 10 de xuño, pola que se establecen equivalencias cos títulos de graduado en Educación Secundaria Obrigatoria e de Bacharelato regulados na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, e en posesión do carné de conducir da clase C + E, na data de finalización do prazo regulamentario de presentación de solicitudes.

Os anteriores requisitos xustificaranse da forma prevista na base 4ª das xerais.

Deberán presentar perante o Órgano de Selección, na data de realización do terceiro exercicio (probas físicas), certificado médico expedido en impreso oficial e asinado por colexiado en exercicio e, que non superará un máximo de tres meses dende a súa expedición, ao obxecto de acreditar a aptitude física, e no que se faga constar expresamente que o/a aspirante reúne as aptitudes psicofísicas (condicións físicas e sanitarias) necesarias e suficientes para a realización dos exercicios físicos que figuran especificados na correspondente proba da oposición, o que non excluírá as comprobacións posteriores do que se reflicte no certificado médico. Non se admitirán certificados que non se axusten na súa redacción a estes conceptos (ANEXO III das Bases). A non presentación do referido certificado suporá a exclusión do aspirante do proceso selectivo.

V.- Identificación das/os opositores.

As e os opositores comparecerán ás diferentes probas provistos do seu DNI-NIE, que poderá ser esixido polo órgano de selección en calquera momento durante o desenvolvemento de cada proba.

VI.- Exercicios da oposición.

Primeiro exercicio.- Teórico. De carácter obrigatorio e eliminatorio.

Consistirá en contestar por escrito, no tempo que estableza o órgano de selección, a un cuestionario tipo test de 40 preguntas como mínimo, con catro respostas alternativas por pregunta, relacionadas coas materias que integran os programas das bases específicas. O cuestionario será elaborado polo órgano de selección inmediatamente antes do inicio do exercicio.

Neste exercicio cada resposta incorrecta penalizará a metade da puntuación de cada pregunta acertada, non se puntuarán as non contestadas. Cualificarase cunha puntuación



Concello de Vigo

de cero (0) a dez (10) puntos, e será necesario para superalo obter un mínimo de cinco (5) puntos.

Segundo exercicio.- Consistirá na realización dun cuestionario tipo test de vinte preguntas como mínimo, na que se demostre o coñecemento viario da cidade (rueiro), así como dos principais centros de pública concorrencia, centros sanitarios, colexios e edificios públicos, localización e acceso as industrias de especial actividade de risco dentro do termino municipal.

Neste exercicio cada resposta incorrecta penalizará a metade da puntuación de cada pregunta acertada, non se puntuarán as non contestadas. Cualificarase cunha puntuación de cero (0) a dez (10) puntos, e será necesario para superalo obter un mínimo de cinco (5) puntos.

Avaliarase de 0 a 10 puntos, e quedarán excluídos quen non acadase a puntuación mínima de cinco puntos.

Terceiro exercicio.- Probas de aptitude física. Este exercicio é de carácter obrigatorio e eliminatorio. A súa execución será pública, pero non se permitirá a súa gravación por medio audiovisual ningún xa que podería afectar á seguridade, ao dereito á intimidade persoal e, á propia imaxe dos intervenientes na mesma.

Consistirá na realización das seguintes probas físicas:

a) Eliminatorio composto de tres probas:

1ª.- Subir e baixar a pulso unha corda lisa de sete metros sen axuda dos pés e sen impulso dende a posición de sentado, subindo sen deixar os pés tocando no chan. Descanso de 30 segundos.

2ª.- Pasar unha escaleira horizontal e sen soltarse realizar 10 flexións consecutivas no último chanzo da escaleira, brazos totalmente estendidos, coas palmas cara ao exterior, e debendo superar o queixo a barra; non se permite balanceo na realización das flexións. Descanso de 30 segundos.

3ª.- Executar 25 repeticións en press de banca con 45 kg., nun tempo inferior ou igual a 30 segundos, debendo executar o exercicio en cada unha das flexións tocando o peito coa barra e elevándoa á máxima extensión dos brazos.

As flexións teñen como obxectivo: medir a forza dos músculos flexores dos antebrazos e os da cintura escapulo-umeral.

Material: unha barra fixa/escaleira horizontal, de ximnasia deportiva.

Posición inicial: suspendido da barra coas palmas da man cara a adiante. Brazos e pernas estendidas. Os pes sen toca-lo chan.

Execución.- Levantar o corpo cos brazos ata que o queixo exceda a barra. Baixar o corpo ata que os brazos queden completamente estendidos. Repetir o exercicio tantas veces como se poida.

Regras.- A flexión non é un movemento de lategazo, non se poden levantar os xeonllos. Non se permite dar impulso sacudindo as pernas. Non se permite o balanceo do corpo. O movemento de flexo-extensión deberá de ser o máis uniforme posible. O queixo non pode tocar a barra e debe superala. Se unha repetición se realiza con algunha destas anomalías, non se contará.

É necesario superar as tres probas para poder continuar cos seguintes exercicios.

b) Consistirá na realización das probas físicas que se relacionan de seguido xunto coas marcas e puntuacións:

1ª Proba 100 m. lisos.-

Obxectivo: Medir a velocidade do desprazamento e a axilidade.

Material.- Instalacións de atletismo e cronometraxe eléctrica.


- a) Posuír a nacionalidade española.
- b) Superar os 18 anos de idade.
- c) Posuír unha estatura mínima de 1,65 metros os homes e 1,60 metros as mulleres. Este requisito acreditarase mediante declaración xurada sen prexuízo da súa posterior constatación.
- d) Titulación: estar en posesión ou en condición de obter o título de Bacharelato (LOE), Bacharelato (LOXSE), Bacharelato unificado polivalente (Lei 14/1970, do 4 de agosto, xeral de educación), Bacharelato superior (plan 1957), técnico (LOE), técnico (LOXSE), técnico especialista da Lei 14/1970 ou ter aprobadas as probas de acceso á universidade para maiores de vinte e cinco anos, de conformidade co disposto na Orde EDU/1603/2009, do 10 de xuño, pola que se establecen equivalencias cos títulos de graduado en Educación Secundaria Obrigatoria e de Bacharelato regulados na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, que se acreditará mediante a presentación do título oficial ou copia autenticada deste, e, no seu defecto, xustificante de ter efectuado o depósito para obtelo. No caso de titulacións expedidas por organismos estranxeiros deberá achegarse certificación do Ministerio de Educación e Ciencia en que se faga constar a súa equivalencia coa esixida para o acceso.
- e) Ser titular dos permisos de conducir das clases A2 e B, segundo disposto no Decreto 77/2010, de 29 de abril, polo que se modifica o Decreto 243/2008, do 16 de outubro, que desenvolve a Lei 4/2007, do 20 de abril, de



Concello de Vigo

coordinación de policía locais. Deberase achegar copia compulsada dos ditos permisos.

- f) Non ter sido condenado/a por delito doloso, nin estar inhabilitado/a para o exercicio das funcións públicas, nin separado do servizo das administracións públicas por expediente disciplinario ou resolución xudicial firme. Será aplicable, non obstante, o beneficio da rehabilitación, segundo as normas penais e administrativas, que o/a aspirante deberá acreditar mediante o correspondente documento oficial. O cumprimento deste requisito acreditarase mediante a presentación dunha declaración xurada nos termos sinalados.
- g) Compromiso por escrito de portar armas durante o servizo e, se é o caso, chegar a utilizalas nos casos e circunstancias legalmente establecidas, que o/a aspirante presentará en forma de declaración xurada.
- h) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas, acreditado mediante declaración xurada.
- i) Os aspirantes ás prazas de Policía Local definitivamente admitidos deberán presentar perante o Órgano de Selección, na data de realización do terceiro exercicio (probas físicas), certificado médico expedido en impreso oficial e asinado por colexiado en exercicio e, que non superará un máximo de tres meses dende a súa expedición, ao obxecto de acreditar a aptitude física, e no que se faga constar expresamente que o/a aspirante reúne as aptitudes psicofísicas (condicións físicas e sanitarias) necesarias e suficientes para a realización dos exercicios físicos que figuran especificados na correspondente proba da oposición, o que non excluírá as comprobacións posteriores do que se reflicte no certificado médico. Non se admitirán certificados que non se axusten na súa redacción a estes conceptos (ANEXO I das Bases). A non presentación do referido certificado suporá a exclusión do aspirante do proceso selectivo.
- j) Presentación do xustificante de aboamento dos dereitos de exame.
- k) Aqueles aspirantes que se presenten pola quenda de mobilidade horizontal deberán acreditar que posúen unha categoría igual á da convocatoria (policía) como funcionarios de carreira noutros corpos de Policía Local da Comunidade Autónoma de Galicia así como unha antigüidade mínima de 3 anos en dita categoría. Tales requisitos acreditaranse mediante certificación expedida pola entidade ou entidades nas que o aspirante prestara os seus servizos.

2. Todos estes requisitos, así como o estar en posesión do título acreditativo do nivel de lingua galega esixido para a exención do exame, deberán acreditarlos na data en que remate o prazo de presentación de instancias da convocatoria correspondente.

V.- Presentación de documentación para o concurso na quenda de mobilidade horizontal.

Cando o sistema de selección sexa o de concurso, na quenda de mobilidade horizontal, os/as aspirantes deberán presentar, xunto coa solicitude e, en todo caso antes da

finalización do prazo de presentación de instancias, a documentación acreditativa dos méritos que aleguen de entre os establecidos no correspondente baremo, a través de orixinal ou copia compulsada.

Para a xustificación dos méritos o/a aspirante que deba achegar documentación procedente doutros organismos oficiais que non lla facilitasen antes da finalización do prazo de presentación de instancias, deberá achegar no devandito prazo a correspondente solicitude ou copia compulsada, xunto cunha declaración comprometéndose a presentala nos dous días seguintes a aquel no que lle fose expedida. En todo caso, non procederá a súa valoración senón fose achegada antes da data de realización da sesión de valoración do concurso polo órgano de selección.

O órgano de selección poderá solicitar que se complete ou aclare a documentación presentada para xustificar os méritos alegados, pero non pedir nova documentación para acreditar méritos só alegados e sen xustificación nos termos establecidos nos dous parágrafos anteriores.

VI.- Órgano de selección.

A súa composición e funcionamento rexerase de acordo ao establecido pola base 8ª das xerais.

VII.- Desenvolvemento dos exercicios das probas selectivas.

En calquera momento o órgano de selección poderá requirir os opositores para que acrediten a súa identidade.

A orde de actuación dos opositores iniciarase alfabeticamente polo primeiro da letra S, de conformidade co establecido na resolución do 29 de xaneiro de 2015 (DOG núm. 28, de 11 de febreiro), pola que se publica o resultado do sorteo realizado segundo o disposto na Resolución de 13 de xaneiro de 2015 de la Consellería de Facenda (DOG núm. 16, de 26 de xaneiro), ao tratarse dunha convocatoria correspondente ao ano 2015.

Se en calquera momento do proceso selectivo chegase ao coñecemento do órgano de selección que algún dos aspirantes non posúe a totalidade dos requisitos esixidos na respectiva convocatoria, logo da audiencia á persoa interesada, deberá propor ao órgano competente a súa exclusión con indicación das inexactitudes ou falsidades observadas para os efectos procedentes.

Concluído cada un dos exercicios da oposición correspondente o órgano de selección fará pública, no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web municipal www.vigo.org, a relación de aspirantes que o superasen coa indicación da puntuación ou cualificación obtida. Os/as opositores non incluídos na lista terán a consideración de non aptos, e polo tanto quedarán eliminados do proceso selectivo.

Os exercicios terán lugar a porta pechada sen outra asistencia que os membros do órgano de selección, os colaboradores designados por este e os opositores, agás que o órgano de selección acorde a realización dalgunha proba, que o poida requirir de xeito oral, se



Concello de Vigo

realizasen en sesión pública, así como os correspondentes ás probas físicas segundo determinación do órgano de selección.

Dende a total terminación dun exercicio ou proba ata o comezo do seguinte deberá transcorrer un prazo mínimo de 48 horas e un máximo de 40 días naturais.

Contra os acordos do órgano de selección poderá interpoñerse o recurso procedente perante o órgano competente de conformidade co previsto na Lei de réxime xurídico das administracións públicas e de procedemento administrativo común.

VIII.- Probas da oposición e a súa orde de desenvolvemento para a quenda libre.

1. As probas da oposición, obrigatorias e eliminatorias, son as seguintes, citadas pola orde en que deberán desenvolverse:

- a) Probas de avaliación dos coñecementos das e dos aspirantes sobre os contidos do temario anexo. A proba de avaliación dos coñecementos dos/as aspirantes deberá amosar a súa preparación intelectual e o dominio dos contidos do temario anexo ás presentes bases.

Consistirá na contestación por escrito dun cuestionario de 100 preguntas tipo test, con 4 alternativas de resposta cada unha, que serán propostas polo órgano de selección. Os/as aspirantes disporán dun tempo máximo de dúas horas para a súa realización. A proba será cualificada polo órgano de selección de cero a dez puntos; será preciso acadar cinco puntos como mínimo. A cualificación farase atendendo a seguinte fórmula:

$N = (A - F/3)/10$. (N= nota final da proba; A= preguntas acertadas; F= preguntas falladas ou non respondidas).

- b) "Coñecemento da lingua galega. Estará dirixida á comprobación, por parte do órgano de selección, de que os/as aspirantes comprenden, falan e escriben correctamente o galego, someténdooos ás probas que consideran máis adecuadas para tal comprobación. Esta proba cualificarase como apto ou non apto. Estarán exentos da realización deste exercicio os aspirantes que acrediten posuír, con carácter previo, como mínimo o título CELGA 4 ou equivalente debidamente homologado, correspondente ao nivel de estudos esixido para participar nas probas selectivas das que se trate, segundo a orde do de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega, aos que se lles asignarán a cualificación de apto.
- c) Aptitude física, que incluírá a comprobación da estatura dos aspirantes. Irán dirixidas á comprobación das capacidades de forza, resistencia, axilidade, flexibilidade e velocidade dos aspirantes. Cualificaranse como apto/non apto.

- Comprobación da estatura. Antes de comezar as probas físicas efectuarase o control da estatura dos/as aspirantes; quedarán eliminados/as os/as que non acaden a estatura mínima de 1,65 metros para os homes e 1,60 metros para as mulleres.

- Probas físicas. As probas de aptitude física terán a cualificación de apto ou non apto. Para obter a cualificación de apto é necesario non superar as marcas establecidas como máximas para as probas de velocidade, de resistencia xeral e de natación, e alcanzar ou superar os mínimos das probas de potencia do tren superior e de potencia do tren inferior que se sinalan a continuación.

Os exercicios realizaranse pola orde en que están relacionados e cada un é eliminatorio para realizar o seguinte.

Establécense diferentes marcas para cada sexo. As probas realizaranse de forma individual, agás as de velocidade, resistencia xeral e natación que poderán facerse de forma colectiva se así o considera o órgano de selección. Nas probas de resistencia xeral e natación, dispónse dunha soa posibilidade de execución, no resto permitirase unha segunda realización cando na primeira non se obteña a cualificación de apto.

O desenvolvemento de cada unha das probas físicas deberá realizarse en lugares axeitados ao tipo de proba que executar, que serán determinados polo órgano de selección e sinalados no anuncio en que se convoque os e as aspirantes para as correspondentes probas. En todas as probas deberase empregar un sistema de medición que garanta a exactitude e certeza das marcas individuais obtidas por cada opositor/a, sistema que será determinado polo órgano de selección cualificador.

A) Proba de velocidade: carreira de 50 metros lisos. Realizarase nunha pista de atletismo ou calquera zona totalmente chaira de terreo compacto determinado polo órgano de selección.

O/a aspirante colocarse na pista no lugar sinalado; poderá realizar a saída de pé ou agachado/a, sen utilizar tacos de saída.

As marcas máximas (en segundos) esixidas para a superación da proba son:

Homes: 7,40''.

Mulleres: 8,20''.

B) Proba de potencia de tren superior: os homes realizarán flexións de brazos e as mulleres suspensión en barra.

2.1.-Flexións de brazos. Realizarase en ximnasio ou campo de deportes, determinado polo órgano de selección. Iniciarase desde a posición de suspensión pura, agarrando a barra coas palmas das mans núas, á fronte, e cos brazos totalmente estendidos. A flexión completa realizarase de maneira que o queixo asome por enriba da barra. Antes de iniciar outra nova flexión será necesario estender totalmente os brazos. Non se permite o balanceo do corpo ou a axuda con movementos das pernas. Contaranse soamente as flexións completas e realizadas correctamente. O número mínimo esixible é de 10 flexións.

2.2.-Suspensión en barra. Realizarase en ximnasio ou campo de deportes determinado polo órgano de selección. O exercicio consiste en quedar, o maior tempo posible, na posición que se describe: brazos flexionados, presa coas palmas da man cara atrás, pernas completamente estendidas e sen tocar o chan, queixo situado por enriba da barra e sen ter contacto con ela. O tempo mínimo esixido para a superación da proba é de 52 segundos.



Concello de Vigo

C) Proba de potencia de tren inferior: salto horizontal. Realizarase en ximnasio ou campo de deportes determinado polo órgano de selección, con chan horizontal e, coa superficie adecuada para efectuar a medición das marcas. O aspirante colocarse de pé detrás dunha liña sen pisala, cos pés separados, paralelos entre si e á mesma altura. Realizará un salto horizontal caendo cos dous pés ao chan. Medirase a distancia entre a liña de saída ata a marca do apoio de caída máis próximo á liña. As marcas mínimas esixidas (en centímetros) para a superación da proba son:

Homes: 210 cm.

Mulleres: 185 cm.

D) Proba de resistencia xeral: carreira de 1.000 metros lisos. Realizarase en pista de atletismo ou en calquera zona totalmente chá de terreo compacto determinado polo órgano de selección. O/a aspirante colocarse na pista no lugar indicado. A saída realizarase en pé. Será eliminado/a quen abandone a pista durante a carreira. As marcas máximas (en minutos e segundos) esixidas para a superación da proba son:

Homes: 3'30''.

Mulleres: 4'10''.

E) Proba de natación: 25 metros estilo libre. Realizarase nunha piscina determinada polo órgano de selección que permita efectuar o percorrido sen facer viraxes. O aspirante poderá colocarse para a saída, ben sobre a plataforma, ben no bordo da piscina, ou ben no interior do vaso, debendo permanecer neste último caso en contacto co bordo da saída. Unha vez que se dea o sinal de saída, os/as aspirantes, ben en mergullo ou por impulsión sobre a parede, segundo a situación de partida adoptada, iniciarán a proba empregando calquera estilo para a súa progresión. As marcas máximas (en segundos) para a superación da proba son:

Homes: 24''.

Mulleres: 28''.

d) Probas psicotécnicas. Estarán dirixidas a determinar as actitudes e aptitudes persoais dos aspirantes e a súa adecuación á función policial que se vai desempeñar comprobando que presentan un perfil psicolóxico axeitado.

Serán efectuadas e valoradas por persoal especialista. Consistirán na aplicación dunha proba de aptitudes que medirá a capacidade intelectual dos aspirantes para actuar eficazmente, a avaliación do potencial dos candidatos/as para o desenvolvemento exitoso das funcións a desempeñar así como a aplicación de probas de personalidade destinadas a medir os aspectos afectivos e volitivos que permitan unha apreciación global da personalidade das e dos aspirantes. Cualificaranse como apto/non apto.

1. Proba de Aptitudes. Realizarase unha valoración do nivel intelectual e doutras aptitudes específicas, explorando todos ou varios dos aspectos seguintes: intelixencia xeral, comprensión e fluidez verbal, comprensión de ordes, razoamento cognitivo, atención discriminativa e resistencia á fatiga intelectual.

2. Probas de personalidade. As probas de personalidade orientaranse a avaliar os rasgos da personalidade máis significativos e relevantes para o desempeño da función policial, así como o grao de adaptación persoal e social dos aspirantes. Así mesmo, deberá descartarse a existencia de síntomas ou trastornos psicopatolóxicos e/ou da personalidade. Exploraranse os aspectos que a continuación se relacionan: estabilidade emocional, autoconfianza, capacidade empática e interese polos demais, habilidades interpersoais, control axeitado da impulsividade, axuste persoal e social, capacidade de adaptación a normas, capacidade de afrontamento da tensión e motivación polo traballo policial.

Os resultados obtidos nas probas deberán ser obxecto de contraste mediante a realización dunha proba individual, que consistirá na contestación a un cuestionario, formulado verbalmente. Deste modo, á parte das características de personalidade sinaladas anteriormente, exploraranse, ademais, os seguintes aspectos: existencia de niveis disfuncionais de tensión ou de trastornos do estado de ánimo; problemas de saúde; consumo excesivo ou de risco de alcohol ou outros tóxicos e grao de medicación; expectativas respecto da función policial.

- e) Recoñecemento médico. Será efectuado por facultativos especialistas e o seu fin é garantir que os/as aspirantes estean en condicións idóneas para o exercicio das funcións policiais propias do posto de traballo. Cualificarase como apto/non apto.

Para os efectos da exclusión do aspirante, terase en conta o seguinte:

- Obesidade-delgadeza. Obesidade ou delgadeza manifestas que dificulten ou incapaciten para o exercicio das funcións propias do cargo.

Índice de masa corporal (IMC) non inferior a 18,5 nin superior a 29,9. Considerando o IMC como a relación resultante de dividir o peso da persoa expresado en quilos polo cadrado da estatura expresada en metros.

- Calquera enfermidade, padecemento ou alteración de carácter físico, psíquico ou sensorial que, a xuízo dos facultativos médicos, impida, limite ou dificulte o exercicio das funcións policiais.

Para os diagnósticos aquí establecidos teranse en conta os criterios das sociedades médicas das especialidades correspondentes. As exclusións garantiranse coas probas complementarias necesarias para o diagnóstico.

2. Facúltase ao órgano de selección, unha vez rematada a proba de coñecementos, para establecer por orde decrecente de puntuación a porcentaxe de aspirantes que deben desenvolver o resto das probas, por quendas consecutivas de resultar necesario, cuxo número non será inferior en todo caso ao dobre das prazas convocadas, para poder cumprir co previsto no artigo 13.2 do Decreto 243/2008, do 16 de outubro, que desenvolve a Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais, respecto da lista de reserva.

3. Puntuación final dos aspirantes. Rematadas as probas, o órgano de selección outorgaralle a cada aspirante a puntuación final obtida, que se corresponderá coa cualificación da proba de coñecementos, referida ao temario.



Concello de Vigo

Esta puntuación será determinante para confeccionar a lista de aprobados/as e a lista de reserva prevista no artigo 13.2 do Decreto 243/2008, do 16 de outubro, que desenvolve a Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais.

IX.- Baremo do concurso na quenda de mobilidade horizontal.

O procedemento de concurso consiste na comprobación, avaliación e cualificación dos méritos alegados e xustificadas, se é o caso, polos aspirantes, de acordo co baremo que se determina a continuación:

- Titulacións académicas. As titulacións que se baremarán serán as seguintes:
 1. Título universitario de posgra, doutor ou equivalente: 3,00 puntos.
 2. Título universitario de grao, licenciado, arquitecto, enxeñeiro ou equivalente: 2,00 puntos.
 3. Diplomado universitario, enxeñeiro técnico, arquitecto técnico ou equivalente: 1,50 puntos.
 4. Bacharelato, técnico ou equivalente: 0,50 puntos, se é o caso de posuír outra adicional a de requisito de acceso.

Non se valorará a titulación requirida para o acceso á categoría a que se aspira, e si as adicionais no caso de que se posúa máis dunha.

Tampouco se terán en conta, para os efectos de valoración, as titulacións necesarias ou as que se empregasen como vía de acceso para a obtención dunha titulación superior xa valorada.

Para os efectos de equivalencia de titulación só se admitirán as recoñecidas polo ministerio competente na materia como títulos académicos de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional, debendo achegarse polo aspirante a correspondente declaración oficial de equivalencia, ou disposición na que se estableza esta e, se é o caso, o BOE en que se publica.

Só se valorarán os títulos antes citados, non os cursos realizados para a súa obtención.

- 5) Antigüidade. Para os efectos de valoración da antigüidade só serán tidos en conta os servizos prestados como funcionario de carreira.
6. Por cada ano de servizos ou fracción superior a seis meses prestados nos corpos de policía local: 0,20 puntos.
7. Por cada ano de servizos ou fracción superior a seis meses prestados noutros corpos e forzas de seguridade: 0,10puntos.
8. Por cada ano de servizos ou fracción superior a seis meses prestados noutros corpos das administracións públicas: 0,05 puntos.
- 9) Formación e docencia.
10. Formación profesional continua:

11. Os cursos de formación profesional ou outras actividades formativas desenvolvidas directamente pola Academia Galega de Seguridade Pública, ou mediante convenios ou protocolos de colaboración con concellos, deputacións e outras entidades públicas, serán valorados de acordo ao seguinte baremo:

- a) Cada hora presencial en actividades con exame de aproveitamento: 0,025 puntos.
- b) Cada hora a distancia en actividades con exame de aproveitamento: 0,020 puntos.
- c) Cada hora en actividades formativas de asistencia presencial: 0,015 puntos.
- d) Cada hora en actividades formativas de asistencia en formación en liña: 0,010 puntos.

Os cursos de manifesto interese policial homologados pola Academia Galega de Seguridade Pública, superados nas universidades, administracións públicas ou a través dos plans de formación continua, serán valorados de acordo ao seguinte baremo:

- a) Ata 20 horas lectivas: só asistencia 0,20 puntos; aproveitamento 0,30 puntos.
- b) Entre 21 e 40 horas lectivas: só asistencia 0,35 puntos; aproveitamento 0,50 puntos.
- c) Entre 41 e 70 horas lectivas: só asistencia 0,45 puntos; aproveitamento 0,65 puntos.
- d) Entre 71 e 100 horas lectivas: só asistencia 0,50 puntos; aproveitamento 0,75 puntos.
- e) Entre 101 e 200 horas lectivas: só asistencia 0,75 puntos; aproveitamento 1,00 punto.
- f) Máis de 200 horas lectivas: só asistencia 1,00 punto; aproveitamento 1,30 puntos.

Non se terán en conta, para os efectos de valoración: os cursos obrigatorios que formen parte do proceso de selección para o acceso a calquera categoría ou emprego dos corpos e forzas de seguridade; os cursos repetidos, agás que transcorrese un período superior a cinco anos desde a finalización do primeiro curso, e os cursos necesarios para a obtención das titulacións da epígrafe 1 anterior (Titulacións académicas), nin a superación de materias destes.

12. Docencia:

A participación como profesor/a en cursos ou outras actividades formativas desenvolvidas directamente pola Academia Galega de Seguridade Pública, ou mediante convenios ou protocolos de colaboración con concellos, deputacións e outras entidades públicas, dirixidos en particular aos corpos de policía local, ou tamén ao colectivo dos corpos e forzas de seguridade, valoraranse por hora impartida a razón de:

- a) Cada hora en actividades formativas de asistencia presencial: 0,020 puntos.



Concello de Vigo

b) Cada hora en actividades de formación en liña: 0,015 puntos.

A participación como profesor en cursos ou outras actividades formativas de manifesto interese policial dirixidos en particular aos corpos de policía local, ou tamén ao colectivo das forzas e corpos de seguridade, desenvolvidas nas universidades, administracións públicas ou a través dos plans de formación continua, valoraranse por hora impartida a razón de:

- a) Cada hora en actividades formativas de asistencia presencial: 0,015 puntos.
- b) Cada hora en actividades de formación en liña: 0,010 puntos.

O mesmo curso impartido en máis dunha ocasión só computará unha vez, agás que transcorrese un período superior a cinco anos desde a súa impartición.

Os méritos deste epígrafe 3 (Formación e docencia), deberán acreditarse dentro do prazo establecido nas presentes bases, mediante a presentación dos diplomas ou certificados correspondentes, que expresarán claramente os contidos xerais e as horas de formación ou docencia, se é o caso.

13) Distincións e recompensas oficiais.

- a) Placa individual ao mérito da policía local: 2,00 puntos.
- b) Placa colectiva ao mérito da policía local: 1,5 puntos.
- c) Medalla ao mérito da policía local: 1,00 punto.
- d) Medalla ou cruz ao mérito policial doutros corpos: 0,75 puntos.
- e) Distinción do órgano colexiado competente do concello: 0,25 puntos.

14) Idiomas. O coñecemento doutro idioma distinto ao español e ao galego, acreditado por certificado de Escola Oficial de Idiomas, valorarase a razón de:

Ciclos.

- Certificado de superación do ciclo elemental: 1,00 punto.
- Certificado de superación do ciclo superior: 2,00 puntos.

Niveis.

- Certificado superación nivel básico: 0,65 puntos.
- Certificado superación nivel intermedio: 1,30 puntos.
- Certificado superación nivel avanzado: 2,00 puntos.

Só se terá en conta o ciclo ou nivel de máis valor dos que se acrediten.

15) Lingua galega.

- a) Celga 1: 0,25.
- b) Celga 2: 0,50.
- c) Celga 3: 0,75.

- d) Celga 4: 1,00.
- e) Curso de iniciación: 0,75.
- f) Curso de perfeccionamento: 1,00.
- g) Curso de linguaxe administrativa nivel medio: 1,50.
- h) Curso de linguaxe administrativa nivel superior: 2,00.

Só se terá en conta o título de máis nivel dos que se acrediten.

X.- PROGRAMA ESPECÍFICO

(EXCLÚENSE OS TEMAS PARA PRAZAS DO SUBGRUPO C1, QUE FIGURAN COMO ANEXO AS BASES XERAIS)

- Tema 1. O Estado. Concepto. Elementos. A división de poderes. Funcións. Organización do Estado español. Antecedentes constitucionais en España. A Constitución española de 1978. Estrutura e contido. A reforma da Constitución española. O Estado español como Estado social e democrático de dereito. Dereitos e deberes constitucionais; clasificación e diferenciación.
- Tema 2. Dereitos fundamentais e liberdades públicas I: Dereito á vida e integridade. Liberdade ideolóxica, relixiosa e de culto. Dereito á liberdade e seguridade. Dereito á honra, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe. A inviolabilidade do domicilio e o segredo das comunicacións. A liberdade de residencia e de circulación. O dereito á liberdade de expresión recoñecido no artigo 20 da Constitución.
- Tema 3. Dereitos fundamentais e liberdades públicas II: Dereito de reunión. Dereito de asociación. Dereito á participación nos asuntos públicos e ao acceso a funcións e cargos públicos. A tutela xudicial efectiva e a prohibición de indefensión. A imposición de condena ou sanción do artigo 25 da Constitución, sentido das penas e medidas de seguridade. Prohibición de tribunais de honra. O dereito á educación e a liberdade de ensino. Dereito á sindicación e á folga, especial referencia aos membros das forzas e corpos de seguridade. Dereito de petición.
- Tema 4. Dereitos e deberes dos cidadáns. Os principios reitores da política social e económica. As garantías dos dereitos e liberdades. Suspensión xeral e individual destes. O Defensor do Pobo.
- Tema 5. A Coroa. As Cortes Xerais. Estrutura e competencias. Procedemento de elaboración das leis. Formas de Goberno. O Goberno e a Administración. Relacións do Goberno coas Cortes Xerais. Funcións do Goberno.
- Tema 6. O Poder Xudicial. Principios constitucionais. Estrutura e organización do sistema xudicial español. O Tribunal Constitucional.
- Tema 7. Organización territorial de estado. As comunidades autónomas. O Estatuto de autonomía de Galicia. Estrutura e disposicións xerais. Institucións: Parlamento. Presidente e Consello de Goberno. O Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. O Valedor do Pobo.
- Tema 8. Relación da Xunta de Galicia coa Administración do Estado e con outras comunidades autónomas. Competencias da Comunidade Autónoma de Galicia. A reforma do Estatuto de Autonomía de Galicia.
- Tema 9. O dereito administrativo. Fontes e xerarquía das normas.
- Tema 10. O acto administrativo. Concepto. Elementos. Clases. A validez dos actos administrativos; nulidade e anulabilidade. Notificación de actos administrativos.



Concello de Vigo

- Cómputo de prazos. Recursos administrativos. Alzada e reposición; o recurso extraordinario de revisión.
- Tema 11. O procedemento administrativo. Concepto e principios xerais. Clases. Os interesados. A estrutura do procedemento administrativo.
- Tema 12. O réxime local español. Principios constitucionais e regulación xurídica. Tipos de entidades locais.
- Tema 13. O municipio. Concepto e elementos. Competencias municipais. A provincia: concepto, elementos e competencias. A organización e funcionamento do municipio. O Pleno. O alcalde. A Xunta de Goberno local. Outros órganos municipais.
- Tema 14. Ordenanzas, regulamentos e bandos. Clases e procedemento de elaboración e aprobación.
- Tema 15. A licenza municipal. Tipos. Actividades sometidas a licenza. Tramitación.
- Tema 16. Función pública local. A súa organización. Adquisición e perda da condición de funcionario. Dereitos, deberes e incompatibilidades dos funcionarios. Situacións administrativas.
- Tema 17. Lei orgánica de forzas e corpos de seguridade. Funcións da policía local.
- Tema 18. Lei de coordinación das policía locais de Galicia e normas de desenvolvemento. Réxime disciplinario: disposicións xerais e faltas disciplinarias.
- Tema 19. A actividade da policía local como policía administrativa I: consumo. Abastos. Mercados. Venda ambulante. Espectáculos e establecementos públicos.
- Tema 20. A actividade da policía local como policía administrativa II: urbanismo. Infraccións e sancións. A protección ambiental: prevención e calidade ambiental, residuos e disciplina ambiental.
- Tema 21. A Lei de emerxencias de Galicia: aspectos fundamentais.
- Tema 22. Delitos e faltas. Circunstancias modificativas da responsabilidade criminal. Persoas responsables: autores e cómplices. Graos de perfección do delito.
- Tema 23. Delitos cometidos con ocasión do exercicio dos dereitos fundamentais e das liberdades públicas garantidos pola Constitución. Delitos cometidos polos funcionarios públicos contra as garantías constitucionais.
- Tema 24. Delitos contra a Administración pública. Atentados contra a autoridade e os seus axentes. Desordes públicas.
- Tema 25. Homicidio e as súas formas. Faltas contra as persoas. Delitos e faltas contra o patrimonio e a orde socioeconómica.
- Tema 26. Delitos contra a seguridade viaria. Faltas cometidas con ocasión da circulación de vehículos a motor. Lesións e danos imprudentes.
- Tema 27. O atestado policial na Lei de axuízamento criminal. Concepto e estrutura.
- Tema 28. Detención: concepto, clases e supostos. Prazos de detención. Obrigas do funcionario que efectúa unha detención. Contido da asistencia letrada. Dereito do detido. Responsabilidades penais en que pode incorrer o funcionario que efectúa unha detención. O procedemento de habeas corpus.
- Tema 29. Lei de seguridade viaria. Regulamentos de desenvolvemento. Estrutura e conceptos xerais.
- Tema 30. Normas xerais de circulación: lugar na vía, velocidade, prioridade de paso, cambios de dirección e sentido. Adiantamentos. Parada e estacionamento. Vehículos e transportes especiais. Cinto e casco de seguridade.
- Tema 31. Circulación por zonas peonís. Comportamento en caso de emerxencia. Sinais de circulación. Clasificación e orde de prioridade.

- Tema 32. Procedemento sancionador por infraccións á normativa de circulación. Actuacións complementarias. Inmobilización e retirada de vehículos da vía pública. Carencia do seguro obrigatorio.
- Tema 33. Accidentes de circulación: definición, tipos e actuacións da policía local. Alcoholemia. Datos. A súa consideración segundo a normativa vixente. Procedemento de indagación do grao de impregnación alcohólica.
- Tema 34. Estrutura económica e social de Galicia: demografía, economía, servizos públicos, sociedade civil, novas tecnoloxías, patrimonio ecolóxico, social e cultural.
- Tema 35. Vida en sociedade. Proceso de socialización. Formación de grupos sociais e masas. Procesos de exclusión e inclusión social. A delincuencia: tipoloxías e modelos explicativos.
- Tema 36. Comunicación: elementos, redes, fluxos, obstáculos. Comunicación con superiores e compañeiros. Equipos de traballo e atención á cidadanía.
- Tema 37. Minorías étnicas e culturais. Racismo e xenofobia. Actitude policial ante a sociedade intercultural.
- Tema 38. Igualdade de oportunidades de homes e mulleres en Galicia: conceptos básicos; socialización e igualdade; políticas públicas de igualdade de xénero. Violencia contra as mulleres: descrición, plans de erradicación e atención coordinada ás vítimas.
- Tema 39. A policía na sociedade democrática. O mandato constitucional. Valores que propugna a sociedade democrática. A dignidade da persoa. Sentido ético da prevención e a represión.
- Tema 40. Deontoloxía policial. Normas que a establecen. A policía como servizo público.

ANEXO I-CONTIDO CERTIFICADO MÉDICO

D. _____, nº de
colexiado _____,

CERTIFICO que,

Don/Dona _____ con DNI
nº _____, non padece nin enfermidade nin limitación física que impida a realización das probas físicas esixidas para o acceso para ás prazas de policía local correspondentes ás OEP 2014, 2015 e 2016 do Concello de Vigo, publicadas no Boletín Oficial da Provincia de data 22/12/15, 26/01/16 e, 27/04/16, respectivamente.

17.- ADMINISTRATIVO/A DE ADMINISTRACIÓN XERAL.

I.- Número de prazas: 9 (Oito reservadas para a quenda de promoción interna, unha delas reservada a persoas con discapacidade).



Concello de Vigo

II.- Características.

Enmarcada no Grupo C de titulación, Subgrupo C1; escala, Administración xeral; subescala, administrativa. Estarán dotadas coas retribucións básicas que legalmente corresponden ao subgrupo C1 e as complementarias propias do posto de traballo ao que resulten adscritas as prazas que se convocan.

Figurarán incluídas no réxime de dedicación exclusiva.

III.- Sistema de selección.

Establécese o de oposición libre para unha praza, de conformidade co previsto nestas bases específicas e o establecido nas bases xerais das convocatorias derivadas das ofertas de emprego público correspondentes aos anos 2014, 2015 e 2016.

Establécese o de concurso-oposición para promoción interna, para oito prazas, entre auxiliares de Administración xeral do Concello de Vigo ou do seu organismo autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo integrados/as no subgrupo C2 de titulación, que contendo menos cunha antigüidade de dous anos no corpo, escala ou subescala de orixe, xa sexa funcionario da subescala auxiliar administrativo/auxiliar servizos internos ou persoal laboral fixo integrado no Subgrupo C2 de titulación que desempeñe funcións de persoal funcionario de auxiliar administrativo ou auxiliar de servizos internos, acreditadas en acto administrativo ao efecto (encomenda de funcións). De entre estas oito prazas, unha delas reservarase para persoas con discapacidade igual ou superior o 33 %, de conformidade co previsto nestas bases específicas e o establecido nas bases xerais das convocatorias derivadas das ofertas de emprego público correspondentes aos anos 2014, 2015 e 2016, debidamente acreditado nos termos e condicións sinalados nas presentes bases xerais e específicas.

A fase de concurso avaliarase de conformidade co previsto na base 12ª das xerais.

IV.- Condicións dos/das aspirantes.

Ademais das que figuran na base 4ª das xerais, as/os aspirantes deberán estar en posesión do título de Bacharelato Superior, FP II ou equivalente, de conformidade co disposto na Orde EDU/1603/2009, do 10 de xuño, pola que se establecen as equivalencias cos títulos de graduado en Educación Secundaria Obrigatoria e de Bacharelato, regulados na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, ou contar con dez anos de antigüidade integrados/as na subescala auxiliar, grupo C, subgrupo C2 de titulación.

V.- Fase concurso para as prazas reservadas á quenda de promoción interna.

A avaliación dos méritos alegados e xustificadas polos/as aspirantes na quenda de promoción interna realizarase de acordo co baremo previsto na base 12ª das xerais.

VI.- Exercicios da oposición para a quenda libre.

Primeiro exercicio. - De carácter obrigatorio e eliminatorio.

Consistirá en contestar por escrito, no tempo que estableza o órgano de selección, a un cuestionario tipo test de 40 preguntas como mínimo, con catro respostas alternativas por pregunta, relacionadas coas materias que integran os programas das bases específicas, que determinará o dito órgano de selección inmediatamente antes do inicio do exercicio.

Neste exercicio cada resposta incorrecta penalizará a metade da puntuación de cada pregunta acertada. Non se puntuarán as non contestadas. Cualificarase cunha puntuación de cero (0) a dez (10) puntos; é necesario para superalo obter un mínimo de cinco (5) puntos.

Segundo exercicio.- De carácter obrigatorio e eliminatorio.

Consistirá na resolución por escrito, durante o período máximo de dúas horas, de dous supostos teórico-prácticos de carácter procedemental e administrativo que determinará o órgano de selección inmediatamente antes do comezo do exercicio, relativo ás tarefas administrativas propias da subescala e ás funcións inherentes ao posto ao que se aspira nas materias relacionadas co temario anexo. Durante o desenvolvemento desta proba as e os aspirantes poderán, en todo momento, facer uso dos textos legais dos que acudan provistos. Non se permitirá o manexo de textos comentados nin libros de formularios.

Neste exercicio avaliarase a aplicación razoada dos coñecementos teóricos á resolución dos problemas presentados e deberá ser lido obrigatoriamente perante o órgano de selección, en sesión pública e puntuándose de cero (0) a dez (10) puntos; é necesario para superalo obter unha puntuación mínima de cinco (5) puntos.

Terceiro exercicio.- De carácter obrigatorio e eliminatorio.

Consistirá nunha proba de coñecementos de informática a nivel usuario de contornos operativos windows ou similares, manexo de ferramentas de ofimática (open office ou similar) e de utilidades básicas de internet en ditos contornos (navegación, correo electrónico, etc), no tempo que estableza o órgano de selección. Esta proba cualificarase de conformidade cun baremo obxectivo que estableza o órgano de selección antes de iniciarse o exercicio, que deberá comunicárselles ós/as aspirantes no momento de comezar a proba e incluírse na correspondente acta.

A cualificación do exercicio será de cero (0) a dez (10) puntos. Quedará eliminado/a o/a aspirante que non obteña un mínimo de cinco (5) puntos.

Cuarto exercicio.- De carácter igualmente obrigatorio, aínda que o non superalo, non impedirá o nomeamento.

Consistirá na realización dunha proba oral e/ou escrita de coñecemento da lingua galega, que se realizará conforme ao previsto na base 10ª das xerais que determinará o órgano de selección co asesoramento do Servizo de Normalización Lingüística, e avaliarase de 0 a 2 puntos.

O/a aspirante que non obtivese 1 punto como mínimo nesta proba deberá participar no primeiro curso de lingua galega que realice a Administración autonómica (Secretaría Xeral



Concello de Vigo

de Política Lingüística ou organismo autonómico competente) co fin de obter a debida capacitación.

Estarán exentos da realización deste exercicio os/as aspirantes que acrediten no prazo regulamentario de presentación de instancias, posuír o título CELGA 4 ou equivalente homologado, segundo o establecido na disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (CELGA), en relación co seu anexo I, punto 5, aos que se lle asignarán 2 puntos.

A cualificación dos tres primeiros exercicios será de 0 a 10 puntos e quedará eliminado o aspirante que non obteña cando menos 5 puntos en cada un deles. A cualificación do cuarto será de 0 a 2 puntos, de acordo co previsto na base décima das xerais.

VII.- Exercicios da oposición para a promoción interna.

Primeiro exercicio.- De carácter obrigatorio e eliminatorio.

Consistirá en contestar por escrito, no tempo que estableza o órgano de selección, a un cuestionario tipo test de 40 preguntas como mínimo, con catro respostas alternativas por pregunta, relacionadas coas materias que integran os programas das bases específicas, que se determinará polo dito órgano de selección inmediatamente antes do inicio do exercicio.

Neste exercicio cada resposta incorrecta penalizará a metade da puntuación de cada pregunta acertada, non se puntuarán as non contestadas. Cualificarase cunha puntuación de cero (0) a dez (10) puntos, sendo necesario para superalo obter un mínimo de cinco (5) puntos.

Segundo exercicio.- De carácter obrigatorio e eliminatorio.

Desenvolverase por escrito, durante o período máximo de dúas horas e consistirá na resolución de dous supostos teórico-prácticos de carácter procedemental e administrativo que determinará o órgano de selección inmediatamente antes do comezo do exercicio, relativo ás tarefas administrativas propias da subescala. Durante o desenvolvemento desta proba as/os aspirantes poderán, en todo momento, facer uso dos textos legais dos que acudan provistos. Non se permitirá o manexo de textos comentados, libros de formularios nin de dispositivos dixitais. Neste exercicio avaliarase a aplicación razoada dos coñecementos teóricos á resolución dos problemas presentados. Este exercicio deberá ser lido obrigatoriamente perante o órgano de selección, en sesión pública e puntuarase de cero (0) a vinte (20) puntos; é necesario para superalo obter unha puntuación mínima de dez (10) puntos.

VIII.- PROGRAMA ESPECÍFICO QUENDA LIBRE.

(EXCLÚESE O COMÚN PARA PRAZAS DO GRUPO C SUBGRUPO C1, QUE FIGURA COMO ANEXO ÁS BASES XERAIS)

Primeira parte: dereito político e constitucional.

- Tema 1. A Constitución española de 1978. A definición do Estado español como social e democrático de dereito. Os valores superiores do ordenamento xurídico.
- Tema 2. Dereitos fundamentais e liberdades públicas. Garantías legais, xurisdicionais e institucionais.
- Tema 3. A Coroa. O poder lexislativo. O poder xudicial.
- Tema 4. O poder executivo e a súa regulación constitucional. O control do poder executivo polas Cortes Xerais.
- Tema 5. O poder xudicial na Constitución. O seu órgano de goberno.
- Tema 6. A distribución territorial do poder na constitución. O significado de dereito de autonomía dos entes territoriais.
- Tema 7. O Estatuto de Autonomía de Galicia: principios xerais e contido.

Segunda parte: dereito administrativo.

- Tema 1. A Unión Europea. As liberdades básicas do sistema comunitario: libre circulación de mercadorías, de persoas, de servizos e de capitais.
- Tema 2. A Unión Europea. Institucións da Unión Europea: composición, funcionamento e competencias.
- Tema 3. A Administración pública no ordenamento español. A personalidade xurídica da Administración pública. Clases de Administracións públicas.
- Tema 4. A Xunta de Galicia e o seu presidente. O Parlamento de Galicia. Control parlamentario da acción do Goberno. O Valedor do Pobo.
- Tema 5. A Administración pública da comunidade autónoma. Estrutura e funcións. A Administración periférica.
- Tema 6. Principios de actuación da Administración pública. Eficacia, xerarquía, descentralización, desconcentración e coordinación.
- Tema 7. Sometemento da Administración á lei e ao dereito. Fontes do dereito público. A lei: as súas clases.
- Tema 8. O acto administrativo. Concepto. Elementos.
- Tema 9. A Administración electrónica: regulación e principios. A sede electrónica. Rexistros e comunicacións electrónicas.
- Tema 10. Fases do procedemento administrativo xeral. O silencio administrativo.
- Tema 11. A teoría da invalidez do acto administrativo. Actos nulos e anulables. Validación. Revisión de oficio.
- Tema 12. Os recursos administrativos: concepto e clases.
- Tema 13. Concepto e clases de contratos administrativos. A selección do contratista. Dereitos e deberes do contratista e a Administración.
- Tema 14. As formas da actividade administrativa. O fomento. A policía
- Tema 15. O servizo público. Nocións xerais. Os modos de xestión dos servizos públicos.

Terceira parte: Administración local.

- Tema 1. O réxime local español: principios constitucionais.
- Tema 2. A provincia no réxime local. Organización provincial. Competencias.
- Tema 3. Estruturas supramunicipais. Mancomunidades. Agrupacións. A comarca.
- Tema 4. O municipio. O termo municipal. A poboación. Consideración especial do veciño. O empadramento.
- Tema 5. Organización municipal.



Concello de Vigo

- Tema 6. Competencias municipais.
- Tema 7. Ordenanzas e regulamentos das entidades locais. Clases. Procedemento de elaboración e aprobación.
- Tema 8. A función pública local e a súa organización.
- Tema 9. Dereitos e deberes dos empregados públicos locais. Incompatibilidades.
- Tema 10. Faltas e sancións dos empregados públicos. O procedemento sancionador.
- Tema 11. Os bens das entidades locais. Réxime de utilización dos de dominio público.
- Tema 12. As formas de actividade das entidades locais. A intervención administrativa na actividade privada. Procedemento de outorgamento de licenzas.
- Tema 13. O servizo público na esfera local. Os modos de xestión dos servizos públicos. Consideración especial da concesión.
- Tema 14. Procedemento administrativo local. O rexistro de entrada e saída de documentos. Requisitos da presentación de documentos. Comunicacións e notificacións.
- Tema 15. Funcionamento dos órganos colexiados locais. Convocatoria e orde do día. Requisitos de constitución. Votacións. Actas e certificados de acordos.
- Tema 16. Lexislación sobre réxime do solo e ordenación urbana: os seus principios inspiradores. Competencia urbanística municipal.
- Tema 17. Facendas locais. Clasificacións dos ingresos. Ordenanzas fiscais.
- Tema 18. Os orzamentos locais. Contabilidade e contas.

IX.- PROGRAMA ESPECÍFICO PARA A PROMOCIÓN INTERNA.

(EXCLÚESE O COMÚN PARA PRAZAS DO SUBGRUPO C1, QUE FIGURA COMO ANEXO ÁS BASES XERAIS)

Primeira parte.- Dereito administrativo xeral

- Tema 1. O procedemento administrativo. O deber de resolver e notificar. Execución forzosa dos actos administrativos.
- Tema 2. Principios xerais do procedemento administrativo. Normas reguladoras. Dimensión temporal do procedemento administrativo: días e horas hábiles. Cómputo de prazos. Recepción e rexistro de documentos.
- Tema 3. A Administración electrónica: regulación e principios. A sede electrónica. Rexistros e comunicacións electrónicas.
- Tema 4. A revisión dos actos administrativos. Actos nulos e anulables. Validación. Revisión de oficio. Declaración de lesividade.
- Tema 5. Os recursos administrativos: concepto e clases. O recurso contencioso-administrativo.
- Tema 6. Os bens das entidades locais: clases. Réxime xurídico dos bens de dominio público e patrimoniais. O inventario de bens.
- Tema 7. Clases de empregados ao servizo das administracións públicas. Dereitos e deberes dos empregados públicos.
- Tema 8. Réxime disciplinario e incompatibilidades dos empregados públicos: faltas e sancións.

Segunda parte. Dereito administrativo local.

- Tema 1. Organización municipal. Competencias.
- Tema 2. Os órganos colexiados locais. Convocatoria e orde do día. Votacións. Actas.

- Tema 3. Impugnacións e accións contra actos e acordos das entidades locais.
- Tema 4. O orzamento xeral das entidades locais. Elaboración e aprobación. Referencia ás bases de execución do orzamento. As modificacións de crédito.
- Tema 5. Facendas locais. Enumeración dos recursos das entidades locais.
- Tema 6. Ordenanzas e regulamentos das entidades locais. Clases. Procedemento de elaboración e aprobación.
- Tema 7. O acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos: normativa aplicable.

18.- AUXILIAR DE ADMINISTRACIÓN XERAL

I.- Número de prazas: 11 (Seis reservadas para a quenda de promoción interna, dúas delas reservadas a persoas con discapacidade e cinco para a quenda libre, unha delas reservada para persoas con discapacidade).

II.- Características.

Enmarcada no Grupo C, subgrupo C2; escala, Administración xeral; subescala, auxiliar. Estarán dotadas coas retribucións básicas que legalmente corresponden ao subgrupo C2 e as complementarias propias do posto de traballo ao que resulte adscrita a praza que se convoca.

Figurarán incluídas no réxime de dedicación exclusiva.

III.- Sistema de selección.

Establécese o de oposición libre, para cinco prazas da quenda libre, e o de concurso-oposición para a seis prazas de promoción interna entre subalternos/as de Administración xeral que contén cando menos cunha antigüidade de dous anos no corpo, escala ou subescala de orixe, xa sexa funcionario da subescala subalterna ou persoal funcionario ou laboral fixo que desempeñe funcións de persoal funcionario de subalterno e, persoal funcionario e laboral fixo integrado no grupo transitorio E que desempeñe funcións de persoal funcionario de auxiliar administrativo mediante acto administrativo ao efecto. A estes efectos, computarase como antigüidade para poder participar no procedemento de promoción interna os nomeamentos interinos acreditados unha vez adquirida a condición de funcionario de carreira.

De entre as cinco prazas que se ofertan pola quenda libre, unha delas resérvase para persoas con discapacidade igual ou superior o 33 %, e de entre as seis prazas que se ofertan pola quenda de promoción interna, dúas delas resérvanse para persoas con discapacidade igual ou superior o 33 %, an ámbolos sous casos, de conformidade co previsto nestas bases específicas e o establecido nas bases xerais das convocatorias derivadas das ofertas de emprego público correspondentes aos anos 2014, 2015 e 2016, debidamente acreditado nos termos e condicións sinalados nas presentes bases xerais e específicas.

A fase de concurso avaliarase de conformidade co previsto na base 12ª das xerais.



Concello de Vigo

IV.- Condicións dos/das aspirantes.

Ademais das que figuran na base 4ª das xerais, as/os aspirantes deberán estar en posesión do título de graduado en Educación Secundaria Obrigatoria ou equivalente, de conformidade co disposto na Orde EDU/1603/2009, de 10 de xuño, pola que se establecen equivalencias cos títulos de graduado en Educación Secundaria Obrigatoria e de Bacharelato regulados na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Os anteriores requisitos xustificaranse da forma prevista na base 4ª das xerais.

V.- Exercicios da oposición para a quenda libre.

Primeiro exercicio.- De carácter obrigatorio e eliminatorio.

Consistirá en contestar por escrito, no tempo que estableza o órgano de selección, a un cuestionario tipo test de 30 preguntas como mínimo, con catro respostas alternativas por pregunta, relacionadas coas materias que integran o programa das bases específicas, que será determinado polo dito órgano inmediatamente antes do inicio do exercicio.

Neste exercicio cada resposta incorrecta penalizará a metade da puntuación de cada pregunta acertada; non se puntuarán as non contestadas. Cualificarase cunha puntuación de cero (0) a dez (10) puntos; é necesario para superalo obter un mínimo de cinco (5) puntos.

Segundo exercicio.- De carácter obrigatorio e eliminatorio.

Consistirá en desenvolver por escrito durante un período máximo de 60 minutos un tema xeral sinalado polo órgano de selección e que garde relación co contido do programa

Os aspirantes terán ampla liberdade no tocante á forma de exposición avaliándose os coñecementos do tema, o nivel de formación xeral e a claridade da exposición. Este exercicio deberá ser lido obrigatoriedade ante o órgano de selección, en sesión pública e puntuarase de cero (0) a dez (10) puntos, sendo necesario para aprobar obter unha puntuación mínima de cinco (5) puntos.

Terceiro exercicio.- De carácter obrigatorio e eliminatorio.

Consistirá nunha proba de coñecementos de informática a nivel usuario de contornos operativos windows, linux ou similares, manexo de ferramentas de ofimática (open office ou similar) e de utilidades básicas de internet nos ditos contornos (navegación, correo electrónico, etc), no tempo que estableza o órgano de selección. Cualificarase a velocidade desenvolvida (en atención ó número de pulsacións), a limpeza e exactitude das tarefas realizadas e a corrección que presenten as mesmas, de conformidade cun baremo obxectivo que estableza o dito órgano antes de iniciarse o exercicio, que deberá comunicárselles aos aspirantes no momento de comezar a proba e incluírse na correspondente acta.

A cualificación do exercicio será de cero (0) a dez (10) puntos; queda eliminado/a o/a aspirante que non obteña un mínimo de cinco (5) puntos.

Cuarto exercicio.-

De carácter igualmente obrigatorio, aínda que o non superalo, non impedirá o nomeamento.

Consistirá na realización dunha proba oral e/ou escrita de coñecemento do idioma galego, que se realizará conforme ao previsto na base 10ª das xerais que determinará o órgano de selección co asesoramento do Servizo de Normalización Lingüística, e avaliarase de 0 a 2 puntos.

O/a aspirante que non obtivese 1 punto como mínimo nesta proba deberá participar no primeiro curso de idioma galego que realice a administración autonómica (Secretaría Xeral de Política Lingüística ou organismo autonómico competente) a fin de obter a debida capacitación.

Estarán exentos da realización deste exercicio os/as aspirantes que acrediten no prazo regulamentario de presentación de instancias, posuír o título CELGA 3 ou equivalente homologado, segundo o disposto na Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (Anexo I), aos que se lle asignarán 2 puntos.

A cualificación dos tres primeiros exercicios será de 0 a 10 puntos, quedando eliminado o aspirante que non obteña cando menos 5 puntos en cada un deles. A cualificación do cuarto será de 0 a 2 puntos, de acordo co previsto na base 10ª das xerais.

VI.- Exercicios da oposición para a promoción interna.

Primeiro exercicio.- De carácter obrigatorio e eliminatorio.

Consistirá en contestar por escrito, no tempo que estableza o órgano de selección, a un cuestionario tipo test de 30 preguntas como mínimo, con catro respostas alternativas por pregunta, relacionadas coas materias que integran o programa das bases específicas, que será determinado polo dito órgano inmediatamente antes do inicio do exercicio.

Neste exercicio cada resposta incorrecta penalizará a metade da puntuación de cada pregunta acertada. Non se puntuarán as non contestadas. Cualificarase cunha puntuación de cero (0) a dez (10) puntos; é necesario para superalo obter un mínimo de cinco (5) puntos.

Segundo exercicio.- De carácter obrigatorio e eliminatorio.

Consistirá en desenvolver por escrito durante un período máximo de 60 minutos un tema xeral sinalado polo órgano de selección e que garde relación co contido do programa.

Os aspirantes terán ampla liberdade no tocante á forma de exposición avaliándose os coñecementos do tema, o nivel de formación xeral e a claridade da exposición. Este exercicio deberá ser lido obrigatoriamente perante o órgano de selección, en sesión pública e puntuarase de cero (0) a dez (10) puntos. É necesario para aprobar obter unha puntuación mínima de cinco (5) puntos.

Terceiro exercicio.- De carácter obrigatorio e eliminatorio.



Concello de Vigo

Consistirá nunha proba de coñecementos de informática a nivel usuario de contornos operativos windows, linux ou similares, manexo de ferramentas de ofimática (open office ou similar) e de utilidades básicas de internet nos ditos contornos (navegación, correo electrónico, etc), no tempo que estableza o órgano de selección Cualificarase a velocidade desenvolvida (en atención ao número de pulsacións), a limpeza e exactitude das tarefas realizadas e a corrección que presenten estas, de conformidade cun baremo obxectivo que estableza o dito órgano antes de iniciarse o exercicio, que deberá comunicarse aos aspirantes no momento de comezar a proba e incluírse na correspondente acta.

A cualificación do exercicio será de cero (0) a dez (10) puntos; queda eliminado/a o/a aspirante que non obteña un mínimo de cinco (5) puntos.

VII.- PROGRAMA ESPECÍFICO QUENDA LIBRE.

(EXCLÚESE O COMÚN PARA PRAZAS DO SUBGRUPO C2, QUE FIGURA COMO ANEXO ÁS BASES XERAIS)

- Tema 1: A Constitución española de 1978: estrutura e contido. Principios xerais. Dereitos e deberes fundamentais dos españois. Garantía e suspensión dos dereitos e liberdades.
- Tema 2: A Coroa. As Cortes Xerais: composición e funcións. A elaboración das leis.
- Tema 3: O Goberno e a Administración. O poder xudicial. O Tribunal Constitucional.
- Tema 4: A organización territorial do Estado. O Estatuto de Autonomía de Galicia: estrutura e contido. Competencias da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Tema 5. A Administración Pública no ordenamento español: principios da actuación da administración pública. Sometemento da administración á lei e ao dereito. Fontes do dereito público.
- Tema 6: A Administración do Estado, a administración autonómica e a administración local. Administración institucional e corporativa. A relación xurídico-administrativa: os dereitos dos cidadáns nas súas relacións coa Administración.
- Tema 7: A Administración electrónica: regulación e principios. A sede electrónica. Identificación e autenticación. Rexistros e comunicacións electrónicas
- Tema 8: O acto administrativo: concepto, clases e elementos. Validez, eficacia e execución dos actos administrativos: a execución forzosa. A notificación e a publicación: especial referencia á notificación electrónica.
- Tema 9: Nulidade e anulabilidade dos actos administrativos. A revisión de oficio e a declaración de lesividade. Os recursos administrativos.
- Tema 10: O procedemento administrativo: principios xerais e fases. O deber de resolver: o silencio administrativo.
- Tema 11: Réxime local español. A Administración local na Constitución de 1978. Principios do réxime local: significado e alcance do principio de autonomía.
- Tema 12: O municipio: concepto e elementos. O termo municipal. A poboación: especial mención ao empadramento. Competencias municipais e servizos mínimos obrigatorios.
- Tema 13: A organización municipal: órganos necesarios e órganos complementarios. Os Municipios de grande poboación: réxime de organización e funcionamento dos órganos necesarios.

- Tema 14: Funcionamento dos órganos colexiados locais. Convocatoria e orde do día. Actas e certificacións de acordos.
- Tema 15: Outras entidades locais. Mancomunidades. Agrupacións. Entidades locais menores. Relación entre entes territoriais. Autonomía municipal e tutela.
- Tema 16: A potestade normativa das entidades locais: ordenanzas, regulamentos e bandos. Clases. Procedemento de elaboración e aprobación.
- Tema 17: A función pública local: a selección de persoal. Organización: tipoloxía de funcionarios o servizo da Administración local. As situacións administrativas.
- Tema 18: Dereitos e deberes dos empregados públicos locais. A responsabilidade administrativa dos funcionarios locais. Réxime e procedemento disciplinario.
- Tema 19: Facendas locais: clasificación dos ingresos. Ordenanzas fiscais. Réxime xurídico do gasto público local. Os orzamentos locais.
- Tema 20: Procedemento administrativo local. O rexistro de entrada e saída de documentos. Requisitos da presentación de documentos. Comunicacións e notificacións.

VIII.- PROGRAMA ESPECÍFICO PROMOCIÓN INTERNA.

(EXCLÚESE O COMÚN PARA PRAZAS DO SUBGRUPO C2, QUE FIGURA COMO ANEXO ÁS BASES XERAIS)

- Tema 1: Os actos administrativos. Eficacia e validez. Execución forzosa dos actos administrativos.
- Tema 2: Actos nulos e anulables. A revisión dos actos administrativos e a declaración de lesividade. Os recursos administrativos: concepto e clases.
- Tema 3: O procedemento administrativo: principios xerais e fases. O deber de resolver: o silencio administrativo.
- Tema 4: A comunicación, a notificación e a publicación: especial mención á administración electrónica. Cómputo de prazos.
- Tema 5: Recepción e rexistro de documentos. O rexistro de entrada e saída de documentos. Requisitos da presentación de documentos. Notificacións e publicacións.
- Tema 6: O municipio: concepto e elementos. Competencias. Organización municipal. Especial referencia ós municipios de gran poboación.
- Tema 7: Ordenanzas e regulamentos das entidades locais. Clases. Procedemento de elaboración e aprobación.
- Tema 8: O empregado público local. Dereitos e deberes dos empregados públicos locais. Réxime disciplinario e incompatibilidades dos empregados públicos: faltas e sancións.
- Tema 9: Facenda local. Clasificación dos ingresos. Ordenanzas fiscais.
- Tema 10: O orzamento xeral das entidades locais. Elaboración e aprobación. Referencia ás bases de execución do orzamento.

19.- ALGUACIL-NOTIFICADOR



Concello de Vigo

I.- Número de prazas: 1

II.- Características.

Enmarcada no Subgrupo transitorio E para os efectos de titulación; escala, administración especial; subescala, servizos especiais; clase; cometidos especiais. Estará dotada coas retribucións básicas que legalmente corresponden ó Subgrupo transitorio E e, as complementarias propias do posto de traballo ao que resulte adscrita a praza que se convoca.

Figurará incluída no réxime de dedicación exclusiva.

III.- Sistema de selección.

Reservada pola quenda de promoción interna. Establécese como sistema de selección o de concurso-oposición, de conformidade co previsto nestas bases específicas e o establecido nas bases xerais das convocatorias derivadas das ofertas de emprego público correspondentes aos anos 2014, 2015 e 2016 e, resérvase pola quenda de promoción interna entre persoal funcionario e laboral fixo integrado no grupo transitorio E que contén, polo menos, cunha antigüidade de dous anos no corpo, escala ou subescala de orixe.

A estes efectos, computarase como antigüidade para poder participar no procedemento de promoción interna os nomeamentos interinos acreditados unha vez adquirida a condición de funcionario de carreira.

IV.- Condicións das e dos aspirantes.

Ademais das que figuran na base 4ª das xerais, as/os aspirantes deberán estar en posesión do título de certificado de escolaridade, certificado de estudos primarios ou equivalente.

Os anteriores requisitos xustificaranse da forma prevista na base 4ª das xerais.

V.- Exercicios da oposición.

Constará de dous exercicios:

Primeiro exercicio.- De carácter obrigatorio e eliminatorio.

Consistirá en contestar por escrito, no tempo que determine o órgano de selección, a un cuestionario tipo test de 20 preguntas como mínimo, con tres respostas alternativas por pregunta, relacionadas coas materias contidas no temario que figura como anexo a estas bases; cuestionario determinado polo órgano de selección inmediatamente antes do inicio do exercicio.

Neste exercicio cada resposta incorrecta penalizará a metade da puntuación de cada pregunta acertada; non puntuarán as non contestadas.

Segundo exercicio.- Práctico.- De carácter igualmente obrigatorio e eliminatorio.

Consistirá na resolución de dous supostos teórico-prácticos, determinados polo órgano de selección inmediatamente antes da súa realización. O tempo de realización será de unha

hora e media. Este exercicio puntuarase de cero (0) a dez (10) puntos. Será necesario para aprobar ter unha puntuación mínima de cinco (5) puntos.

A cualificación destes dous exercicios será de 0 a 10 puntos; quedará eliminado o aspirante que non obteña cando menos 5 puntos en cada un deles.

A cualificación de cada exercicio e a final farase de conformidade co previsto na base 10ª das xerais.

VI.- PROGRAMA ESPECÍFICO.

(EXCLÚESE O TEMARIO COMÚN PARA PRAZAS DO SUBGRUPO TRANSITORIO E, QUE FIGURA COMO ANEXO ÁS BASES XERAIS)

- Tema 1. A Constitución española de 1978. Principios xerais. Dereitos e deberes fundamentais dos españois. Breve referencia ao Estatuto de Autonomía de Galicia.
- Tema 2. Breve descrición do termo municipal de Vigo. Localización dos distintos servizos municipais e centros oficiais. Principais vías urbanas, monumentos e lugares de interese cultural, artístico, deportivo e turístico da cidade.
- Tema 3. A notificación. Concepto. A súa regulación na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Os suxeitos da notificación. Obxecto, requisitos e prazos para cursar a notificación. Lugar e medios para a práctica da notificación.
- Tema 4. O rexeite da notificación. A notificación por medio de anuncios. Publicación. A notificación defectuosa. A notificación tácita. A ausencia de notificación
- Tema 5. Distribución de documentos, obxectos e correspondencia. Servizos postais. Traslado de cargas.

20.-SUBALTERNO

I.- Número de prazas: 4

II.- Características da praza.

Enmarcada no Subgrupo transitorio E para os efectos de titulación; Escala, Administración xeral ; subescala, subalterna. Estarán dotadas coas retribucións básicas que legalmente corresponden ao Subgrupo transitorio E para os efectos de titulación e, as complementarias propias do posto de traballo ao que resulten adscritas as prazas que se convocan.

Estarán incluídas no réxime de dedicación exclusiva.

III.- Sistema de selección.



Concello de Vigo

Establécese o de oposición libre, de conformidade co establecido nestas bases específicas, xunto co establecido nas bases xerais das convocatorias derivadas das ofertas de emprego público correspondentes aos anos 2014, 2015 e 2016.

IV.- Condicións dos aspirantes.

Ademais das que figuran na base 4ª das xerais, as/os aspirantes deberán estar en posesión do título de Certificado de Escolaridade, certificado de estudos primarios ou equivalente.

Os anteriores requisitos xustificaranse da forma prevista na base 4ª das xerais.

V.- Exercicios da oposición.

Primeiro exercicio.- De carácter obrigatorio e eliminatorio.

Consistirá en contestar por escrito, no tempo que estableza o órgano de selección, a un cuestionario tipo test de 30 preguntas como mínimo, con catro respostas alternativas por pregunta, relacionadas coas materias que integran os programas das bases específicas que será determinado polo dito órgano inmediatamente antes do inicio do exercicio.

Neste exercicio cada resposta incorrecta penalizará a metade da puntuación de cada pregunta acertada. Non se puntuarán as non contestadas. Cualificarase cunha puntuación de cero (0) a dez (10) puntos; é necesario para superalo obter un mínimo de cinco (5) puntos.

Segundo exercicio.- Práctico.- De carácter igualmente obrigatorio e eliminatorio.

Consistirá na resolución de dous supostos prácticos, determinados polo órgano de selección inmediatamente antes da súa realización, relacionados co contido do temario específico, relativos as tarefas propias da praza, nun tempo máximo dunha hora e media. Este exercicio puntuarase de cero (0) a dez (10) puntos. Será necesario para aprobar ter unha puntuación mínima de cinco (5) puntos.

Terceiro exercicio.- De carácter igualmente obrigatorio, aínda que o non superalo, non impedirá o nomeamento.

Consistirá na realización dunha proba escrita de coñecemento do idioma galego, que se realizará conforme ao previsto na base 10ª das xerais que determinará o órgano de selección co asesoramento do Servizo de Normalización Lingüística, e avaliarase de 0 a 2 puntos.

O aspirante que non obtivese 1 punto como mínimo nesta proba deberá participar no primeiro curso de idioma galego que realice a administración autonómica (Secretaría Xeral de Política Lingüística ou organismo autonómico competente) a fin de obter a debida capacitación.

Estarán exentos da realización deste exercicio os/as aspirantes que acrediten posuír o título CELGA 2 ou equivalente homologado, segundo o disposto na Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (Anexo I), aos que se lle asignarán 2 puntos.

A cualificación dos dous primeiros exercicios será de 0 a 10 puntos, quedando eliminado o aspirante que non obteña cando menos 5 puntos en cada un deles. A cualificación do terceiro será de 0 a 2 puntos, de acordo co previsto na base X das xerais.

A cualificación de cada exercicio e a final farase de conformidade o previsto na base X das xerais.

V.- PROGRAMA ESPECÍFICO

(EXCLÚESE O TEMARIO COMÚN PARA PRAZAS DO SUBGRUPO TRANSITORIO E, QUE FIGURA COMO ANEXO ÁS BASES XERAIS)

- Tema 1. A Constitución española de 1978. estrutura e contido. Principios xerais. Dereitos e deberes fundamentais. garantía e suspensión. O Estatuto de Autonomía de Galicia. estrutura, contido, principios e competencias.
- Tema 2. Principios da actuación administrativa. A Administración local. principios constitucionais e entidades que a comprenden. O municipio. organización municipal e competencias. Municipios de gran poboación. Funcionamento dos órganos colexiados locais. réxime de sesións.
- Tema 3. A potestade normativa das entidades locais. ordenanzas, regulamentos e bandos. Clases. O procedemento administrativo local. O deber de resolver. o silencio administrativo. O rexistro de entrada e saída de documentos. Requisitos da presentación de documentos. Comunicacions e notificacións. Práctica da notificación.
- Tema 4. Os cidadáns e o acceso electrónico aos servizos públicos. A sede electrónica. Xestión electrónica dos procedementos. Identificación e autenticación. Rexistros, comunicacions e notificacións electrónicas.
- Tema 5. A función pública local. concepto e selección de persoal. Os dereitos e deberes e as situacións administrativas dos funcionarios locais. Réxime disciplinario.
- Tema 6. O cidadán como cliente da Administración pública. dereitos e deberes dos veciños no ámbito local. Información e atención presencial e telefónica. reclamacións, queixas e peticións. Compulsa de documentos e copias auténticas.
- Tema 7. Control de accesos. Custodia e control de chaves. Apertura e peche de edificios e locais. Preparación de reunións. réxime de precedencias e tratamentos honoríficos.
- Tema 8. Manexo e mantemento de máquinas fotocopiadoras, encadernadoras, destrutoras de documentos e análogas. Distribución de documentos, obxectos e correspondencia. Recados e mensaxes. Servizos postais. tipos de envíos.
- Tema 9. Nocións básicas sobre a Lei 31/1995, de Prevención de Riscos Laborais. A prevención dos riscos laborais no exercicio das funcións propias do Persoal Subalterno. movemento de cargas, evacuación de edificios, primeiros auxilios.
- Tema 10. Breve descrición do termo municipal de Vigo. Localización dos distintos servizos municipais e centros oficiais. Principais vías urbanas, monumentos e lugares de interese cultural, artístico, deportivo e turístico da cidade.

PERSOAL LABORAL



Concello de Vigo

21.- CAPATAZ DEPORTES.

I.- Número de prazas: 1 (reservada para promoción interna)

II.- Características.

En réxime laboral, equiparada ao subgrupo C1 para os efectos de titulación. Estará dotada coas retribucións básicas correspondentes ao subgrupo C1 e as complementarias propias do posto de traballo ao que se adscriba dita praza.

Figurará incluída no réxime de dedicación exclusiva.

III.- Sistema de selección.

Establécese o de concurso-oposición libre, entre persoal de oficios ao servizo da Corporación, equiparado o subgrupo C2 de titulación e, que cumpran cos requisitos sinalados na base 12ª das xerais e de conformidade co baremo previsto nas bases xerais desta convocatoria.

IV.- Condicións dos/as aspirantes.

Ademais das que figuran na base 4ª das xerais, as/os aspirantes deberán estar en posesión do título de Bacharelato Superior, FP II ou equivalente, de conformidade co disposto na Orde EDU/1603/2009, do 10 de xuño, pola que se establecen as equivalencias cos títulos de graduado en Educación Secundaria Obrigatoria e de Bacharelato, regulados na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, ou contar con dez anos de antigüidade no grupo C, subgrupo C2 de titulación.

Os anteriores requisitos xustificaranse da forma prevista na base 4ª das xerais.

V.- Fase concurso.

A valoración dos méritos alegados e xustificados polos/as aspirantes na quenda de promoción interna realizarase de acordo co baremo previsto na base 12ª das xerais.

VI.- Exercicios da oposición.

Constará de dous exercicios:

Primeiro exercicio.- De carácter obrigatorio e eliminatorio.

Consistirá en contestar por escrito, no tempo que estime o órgano de selección, a un cuestionario tipo test de 40 preguntas como mínimo, con catro respostas alternativas por pregunta, relacionadas coas materias contidas no temario que figura como anexo a estas bases; cuestionario determinado polo órgano de selección inmediatamente antes do inicio do exercicio.

Neste exercicio cada resposta incorrecta penalizará a metade da puntuación de cada pregunta acertada; non se puntuarán as non contestadas.

Segundo exercicio.- Práctico. De carácter obrigatorio e eliminatorio.

Consistirá en resolver un ou varios supostos prácticos ou realizar as tarefas que propondrá o órgano de selección, relacionadas coas materias obxecto do temario específico, no prazo que establecido polo órgano de selección en función da natureza da proba.

A cualificación de cada exercicio e a final farase de conformidade co previsto na base 10ª das xerais.

VII.- TEMARIO.

(EXCLÚESE O COMÚN PARA PRAZAS DO SUBGRUPO C1, QUE FIGURA COMO ANEXO ÁS BASES XERAIS)

- Tema 1. Accesibilidade nas instalacións deportivas: Itinerarios, accesos, vestíbulos, vestiarios e duchas.
- Tema 2. Cubertas de instalacións deportivas: partes, tipos, materiais, impermeabilizacións, control da execución.
- Tema 3. Carpintería exterior e interior nas instalacións deportivas. Mobiliario. Materiais, tipos, clases, características. Control da execución.
- Tema 4. Cerraxería e cristalería: Materiais, tipos, elementos, características e control da execución.
- Tema 5. Albanelería: Coñecementos xerais, materiais e propiedades, alicatados, solados, revestimentos, control da execución.
- Tema 6. Fachadas e teitos: Materiais, tipos, elementos, características e control da execución.
- Tema 7. Pinturas e barnices: Materiais, tipos, características, procedementos de aplicación, control da execución.
- Tema 8. Xardinería: Coñecementos xerais, poda, sega, aboado, sementeira, plantas, árbores, etc.
- Tema 9. Interpretación de planos: Simboloxía, trazado, replanteo, medición, superficies, volumes, etc.
- Tema 10. Soldadura: Estruturas metálicas, materiais, perfís.
- Tema 11. Electricidade e iluminación en instalacións deportivas: Normativa vixente, avarías, liñas, cadros, etc. O regulamento electrotécnico de baixa tensión (RDT).
- Tema 12. Fontanería e Saneamento. Instalacións de rego.
- Tema 13. Caldeiras, calefacción, climatización e ventilación en instalacións deportivas.
- Tema 14. Seguridade e mantemento de campos de fútbol de céspede artificial: Compoñentes, aspectos construtivos, función deportiva e técnica. Inspección e mantemento.
- Tema 15. Valoración do clima laboral. Xestión de queixas e suxerencias dos recursos humanos.
- Tema 16. Tipos de Pavimentos utilizados en instalacións deportivas: Tipos, características, limpeza, mantemento e reparacións.
- Tema 17. Limpeza nas instalacións deportivas; Pistas, vestiarios, accesos, graderío, espazos abertos, zonas de tránsito.
- Tema 18. A Lei de prevención de riscos laborais: dereitos e obrigas dos traballadores.



Concello de Vigo

22.- OFICIAL LIMPEZA.

I.- Número de prazas: 1 (reservada para promoción interna)

II.- Características.

En réxime laboral, equiparada ao subgrupo C2 para os efectos de titulación. Estará dotada coas retribucións básicas correspondentes ao subgrupo C2 e as complementarias propias do posto de traballo ao que se adscriba a praza.

Figurarán incluídas no réxime de dedicación exclusiva.

III.- Sistema de selección.

Establécese o de concurso-oposición libre entre persoal municipal ao servizo da Corporación, equiparado o subgrupo transitorio E de titulación, que cumpran cos requisitos sinalados na base 12ª das xerais e de conformidade co baremo previsto nas bases xerais desta convocatoria.

IV.- Condicións dos/as aspirantes.

Ademais das que figuran na base 4ª das xerais, as/os aspirantes deberán estar en posesión do título de graduado en Educación Secundaria Obrigatoria ou equivalente, de conformidade co disposto na Orde EDU/1603/2009, do 10 de xuño, pola que se establecen equivalencias cos títulos de graduado en Educación Secundaria Obrigatoria e de Bacharelato regulados na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Os anteriores requisitos xustificaranse da forma prevista na base 4ª das xerais.

V.- Fase concurso.

A valoración dos méritos alegados e xustificados polos/as aspirantes na quenda de promoción interna realizarase de acordo co baremo previsto na base 12ª das xerais.

VI.- Exercicios da oposición.

Constará de dous exercicios:

Primeiro exercicio.- De carácter obrigatorio e eliminatorio.

Consistirá en contestar por escrito, no tempo que estime o órgano de selección, a un cuestionario tipo test de 30 preguntas como mínimo, con catro respostas alternativas por pregunta, relacionadas coas materias contidas no temario que figura como anexo a estas bases; cuestionario determinado polo órgano de selección inmediatamente antes do inicio do exercicio.

Neste exercicio cada resposta incorrecta penalizará a metade da puntuación de cada pregunta acertada; non se puntuarán as non contestadas.

Segundo exercicio.- Práctico. De carácter obrigatorio e eliminatorio.

Consistirá en resolver un ou varios supostos prácticos ou realizar as tarefas que proporá o órgano de selección, relacionadas coas materias obxecto do temario específico, no prazo que establecido polo órgano de selección en función da natureza da proba.

A cualificación de cada exercicio e a final farase de conformidade co previsto na base 10ª das xerais.

VII.- TEMARIO.

(EXCLÚESE O COMÚN PARA PRAZAS DO SUBGRUPO C2, QUE FIGURA COMO ANEXO ÁS BASES XERAIS)

- Tema 1.- O ensuciamiento da cidade. Orixe e evolución. O ensuciamiento por causas naturais, debido á actividade cidadá, acontecementos festivos, animais de compañía. Importancia do ensuciamiento urbano.
- Tema 2.- A limpeza urbana. Concepto. Clasificación de áreas. Condicionantes nos servizos de limpeza. Prevención do ensuciamiento. Utilización das papeleiras.
- Tema 3.- Tratamentos de limpeza. O barrido. Equilibrio sectorial dos tratamentos.
- Tema 4.- O baldeo. A auga como instrumento de limpeza. O baldeo no conxunto da limpeza viaria. Auga a presión para limpeza especiais.
- Tema 5.- Recollida selectiva de residuos: Productos susceptibles de recollese selectivamente. Prerrecollida. Métodos de recollida selectiva de residuos. Equipos para a recollida selectiva.
- Tema 6.- Recollida selectiva de vidro, papel e cartón, plásticos, metais, residuos orgánicos, madeira, textís e pilas usadas.
- Tema 7.- Recollida doutros residuos. Recollida de residuos forestais, trastos inservibles, residuos de automóbil, residuos clínicos e tóxicos perigosos domésticos. Recollida de animais mortos.
- Tema 8. Riscos e medidas preventivas do posto de oficial de limpeza. Protección persoais e colectivas nos traballos de limpeza.

23.- OFICIAL XARDINEIRO/A

- I.- Número de prazas: 3 (reservadas para promoción interna).
- II.- Características.

En réxime laboral, equiparadas ao subgrupo C2 para os efectos de titulación. Estarán dotadas coas retribucións básicas correspondentes ao subgrupo C2 e as complementarias propias do posto de traballo ao que se adscriban as prazas.

Figurarán incluídas no réxime de dedicación exclusiva.

- III.- Sistema de selección.

Establécese o de concurso-oposición libre entre persoal municipal ao servizo da Corporación, equiparado o subgrupo transitorio E de titulación, que cumpran cos requisitos sinalados na base 12ª das xerais e de conformidade co baremo previsto nas bases xerais desta convocatoria.



Concello de Vigo

IV.- Condicións dos/as aspirantes.

Ademais das que figuran na base 4ª das xerais, as/os aspirantes deberán estar en posesión do título de graduado en Educación Secundaria Obrigatoria ou equivalente, de conformidade co disposto na Orde EDU/1603/2009, do 10 de xuño, pola que se establecen equivalencias cos títulos de graduado en Educación Secundaria Obrigatoria e de Bacharelato regulados na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Os anteriores requisitos xustificaranse da forma prevista na base 4ª das xerais.

V.- Fase concurso.

A valoración dos méritos alegados e xustificados polos/as aspirantes na quenda de promoción interna realizarase de acordo co baremo previsto na base 12ª das xerais.

VI.- Exercicios da oposición.

Constará de dous exercicios:

Primeiro exercicio.- De carácter obrigatorio e eliminatorio.

Consistirá en contestar por escrito, no tempo que estime o órgano de selección, a un cuestionario tipo test de 30 preguntas como mínimo, con catro respostas alternativas por pregunta, relacionadas coas materias contidas no temario que figura como anexo a estas bases; cuestionario que será elaborado polo órgano de selección inmediatamente antes do inicio do exercicio.

Neste exercicio cada resposta incorrecta penalizará a metade da puntuación de cada pregunta acertada; non se puntuarán as non contestadas.

Segundo exercicio.- Práctico. De carácter obrigatorio e eliminatorio.

Consistirá en resolver un ou varios supostos prácticos ou realizar as tarefas que propondá o órgano de selección, relacionadas coas materias obxecto do temario específico, no prazo que establecido polo órgano de selección en función da natureza da proba.

A cualificación de cada exercicio e a final farase de conformidade co previsto na base 10ª das xerais.

VII.- TEMARIO.

(EXCLÚESE O COMÚN PARA PRAZAS DO SUBGRUPO C2, QUE FIGURA COMO ANEXO ÁS BASES XERAIS)

- Tema 1. Funcións e tarefas máis importantes dun oficial xardineiro. Seguridade e saúde laboral: riscos, proteccións persoais e colectivas nos traballos de xardinería.
- Tema 2. Céspedede. Implantación do céspedesede. Preparación do terreo. Sementeira. Sementes e as súas clases, mesturas. A sementeira por tepes. Mantemento do céspedesede. Tipo de segas. Escarificados. Aireados.
- Tema 3. Botánica aplicada á xardinería: a planta conceptos xerais. A raíz, o talo, as follas e as flores. Clasificación das plantas. Nomenclatura. Multiplicación de plantas: asexual e sexual. Plagas e enfermidades: Tratamento.

- Tema 4. Maquinaria, útiles e ferramentas máis usadas na xardinería. Diferentes tipos de rego. Regos en xardíns e xardineiras.
- Tema 5. Plantación de árbores, arbustos e sebes, dimensionado das fochas, época de plantación, entourado, apertura, preparación da focha, fertilización. Poda e cirurxía arbórea. Refaldado, corrección na orientación en pólas estruturais.
- Tema 6. Solos, análise, emendas e correccións. Fertilizantes e substratos.
- Tema 7. Conservación de zonas verdes: conceptos xerais de conservación dunha zona verde. Calendario de conservación ao longo do ano.
- Tema 8. Riscos e medidas preventivas do posto de oficial xardineiro. Protección persoais e colectivas nos traballos de xardinería.

24.- OFICIAL CONDUTOR/A

I.- Número de prazas: 9 (unha pola quenda libre e oito reservadas para promoción interna)

II.- Características.

En réxime laboral, equiparadas ao subgrupo C2 para os efectos de titulación. Estarán dotadas coas retribucións básicas correspondentes ao subgrupo C2 e as complementarias propias do posto de traballo ao que se adscriban as prazas.

Figurarán incluídas no réxime de dedicación exclusiva.

III.- Sistema de selección.

Establécese para unha das prazas o de oposición libre equiparado o subgrupo C2 de titulación, que cumpran ademais das condicións que figuran na Base IV, cos requisitos sinalados na base 10ª das xerais desta convocatoria.

Así mesmo, establécese para ás oito restantes o de concurso-oposición libre entre persoal municipal ao servizo da Corporación, equiparado o subgrupo E de titulación, que cumpran cos requisitos sinalados na base 12ª das xerais e de conformidade co baremo previsto nas bases xerais desta convocatoria.

IV.- Condicións dos/as aspirantes.

Ademais das que figuran na base 4ª das xerais, as/os aspirantes deberán estar en posesión do título de graduado en Educación Secundaria Obrigatoria ou equivalente, de conformidade co disposto na Orde EDU/1603/2009, do 10 de xuño, pola que se establecen equivalencias cos títulos de graduado en Educación Secundaria Obrigatoria e de Bacharelato regulados na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación. Así mesmo deberán estar en posesión do permiso de conducir da categoría C+E e D+E, na data de finalización do prazo regulamentario de presentación de solicitudes.

Os anteriores requisitos xustificaranse da forma prevista na base 4ª das xerais.

V.- Fase concurso.



Concello de Vigo

A valoración dos méritos alegados e xustificados polos/as aspirantes na quenda de promoción interna realizarase de acordo co baremo previsto na base 12ª das xerais.

VI.- Exercicios da oposición para a quenda libre.

Constará de tres exercicios:

Primeiro exercicio. - De carácter obrigatorio e eliminatorio.

Consistirá en contestar por escrito, no tempo que estime o órgano de selección, a un cuestionario tipo test de 30 preguntas como mínimo, con catro respostas alternativas por pregunta, relacionadas coas materias contidas no temario que figura como anexo a estas bases; cuestionario que será elaborado polo órgano de selección inmediatamente antes do inicio do exercicio.

Neste exercicio cada resposta incorrecta penalizará a metade da puntuación de cada pregunta acertada, non puntuándose as non contestadas.

Segundo exercicio. - Práctico. De carácter obrigatorio e eliminatorio.

Consistirá en resolver un ou varios supostos prácticos ou realizar as tarefas que propondá o órgano de selección, relacionadas coas materias obxecto do temario específico, no prazo que estableza o órgano de selección en función da natureza da proba.

Terceiro exercicio. - De carácter igualmente obrigatorio, aínda que o non superalo, non impedirá a contratación.

Consistirá na realización dunha proba oral e/ou escrita de coñecemento do idioma galego, que se realizará conforme ao previsto na base 10ª das xerais que determinará o órgano de selección co asesoramento do Servizo de Normalización Lingüística, e avaliarase de 0 a 2 puntos.

O/a aspirante que non obtivese 1 punto como mínimo nesta proba deberá participar no primeiro curso de idioma galego que realice a administración autonómica (Secretaría Xeral de Política Lingüística ou organismo autonómico competente) a fin de obter a debida capacitación.

Estarán exentos da realización deste exercicio os/as aspirantes que acrediten no prazo regulamentario de presentación de instancias, posuír o título CELGA 2 ou equivalente homologado, segundo o disposto na Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (Anexo I), aos que se lle asignarán 2 puntos.

A cualificación de cada exercicio e a final farase de conformidade co previsto na base 10ª das xerais.

VII.- Exercicios da oposición para promoción interna.

Constará de dous exercicios:

Primeiro exercicio. - De carácter obrigatorio e eliminatorio.

Consistirá en contestar por escrito, no tempo que estime o órgano de selección, a un cuestionario tipo test de 30 preguntas como mínimo, con catro respostas alternativas por pregunta, relacionadas coas materias contidas no temario que figura como anexo a estas bases; cuestionario determinado polo órgano de selección inmediatamente antes do inicio do exercicio.

Neste exercicio cada resposta incorrecta penalizará a metade da puntuación de cada pregunta acertada; non se puntuarán as non contestadas.

Segundo exercicio.- Práctico. De carácter obrigatorio e eliminatorio.

Consistirá en resolver un ou varios supostos prácticos ou realizar as tarefas que propondá o órgano de selección, relacionadas coas materias obxecto do temario específico, no prazo establecido por este en función da natureza da proba.

VIII.- TEMARIO PARA A QUENDA LIBRE

(OS CATRO PRIMEIROS TEMAS SON OS QUE FIGURAN COMO ANEXO NAS BASES XERAIS PARA O SUBGRUPO C2).

TEMARIO ESPECÍFICO

- Tema 1. O tacógrafo. Utilización. Obrigas do condutor respecto do seu uso.
- Tema 2. A inspección técnica de vehículos. O seu obxectivo e periodicidade.
- Tema 3. Requisitos administrativos para a condución de vehículos automóbiles. Permisos de condución. A tarxeta de transporte.
- Tema 4. Carga e descarga. Normas e prohibicións.
- Tema 5. Transporte de cargas especiais. Normativa.
- Tema 6. O circuíto de carga de batería. Circuítos de iluminación do vehículo. Tipos e funcións.
- Tema 7. Diversos sistemas de engraxe. Descrición e aplicacións.
- Tema 8. Distintos tipos de motores. Compoñentes. Sistemas auxiliares. Precaucións e mantemento.
- Tema 9. Suspensión. Constitución e elementos dos que consta.
- Tema 10. Distintos tipos de freos. Compoñentes. Posibles avarías.
- Tema 11. Sinalización segundo a Lei e regulamento de tráfico, circulación e seguridade viaria.
- Tema 12. Infraccións, sancións e medidas cautelares segundo a Lei e regulamento de tráfico, circulación e seguridade vial.
- Tema 13. Prioridades de paso: cruzamentos, estreitamentos, pontes, obras, etc.
- Tema 14. Seguros. Modalidades e as súas coberturas. Partes de sinistro.
- Tema 15. A Lei 31/95, do 8 de novembro de prevención de riscos laborais. Dereitos e obrigas dos traballadores. Delegados de Prevención e Comité Seguridade e Saúde Laboral. Formación. Vixilancia da saúde.
- Tema 16. Riscos e medidas preventivas do posto de traballo: oficial condutor. Riscos específicos do traballo coa grúa hidráulica articulada sobre camión e coa pa mixta. Eslingado de cargas. Traballos en proximidade (aérea e soterrada) a elementos con tensión.



Concello de Vigo

IX.- TEMARIO PARA PROMOCIÓN INTERNA.

(EXCLÚESE O COMÚN PARA PRAZAS DO SUBGRUPO C2, QUE FIGURA COMO ANEXO ÁS BASES XERAIS)

- Tema 1. O tacógrafo. Utilización. Obrigas do condutor respecto do seu uso.
- Tema 2. A inspección técnica de vehículos. O seu obxectivo e periodicidade.
- Tema 3. Requisitos administrativos para a condución de vehículos automóbiles. Permisos de condución. A tarxeta de transporte.
- Tema 4. Carga e descarga. Normas e prohibicións. Transporte de cargas especiais. Normativa.
- Tema 5. O circuito de carga de batería. Circuitos de iluminación do vehículo. Tipos e funcións. Diversos sistemas de engraxe. Descrición e aplicacións.
- Tema 6. Seguros. Modalidades e as súas coberturas. Partes de sinistro.
- Tema 7. Infraccións, sancións e medidas cautelares segundo a Lei e regulamento de tráfico, circulación e seguridade viaria.
- Tema 8. Riscos e medidas preventivas do posto de traballo: oficial condutor. Riscos específicos do traballo coa grúa hidráulica articulada sobre camión e coa pa mixta. Eslingado de cargas. Traballos en proximidade (aérea e soterrada) a elementos con tensión.

25.- OFICIAL CARPINTEIRO/A

I.- Número de prazas: 1 (reservada para promoción interna)

II.- Características.

En réxime laboral, equiparadas ao subgrupo C2 para os efectos de titulación. Estará dotada coas retribucións básicas correspondentes ao subgrupo C2 e as complementarias propias do posto de traballo ao que se adscriba as praza.

Figurarán incluídas no réxime de dedicación exclusiva.

III.- Sistema de selección.

Establécese o de concurso-oposición libre entre persoal municipal ao servizo da Corporación, equiparado o subgrupo E de titulación, que cumpran cos requisitos sinalados na base 12ª das xerais e de conformidade co baremo previsto nas bases xerais desta convocatoria.

IV.- Condicións dos/as aspirantes.

Ademais das que figuran na base 4ª das xerais, as/os aspirantes deberán estar en posesión do título de graduado en Educación Secundaria Obrigatoria ou equivalente, de conformidade co disposto na Orde EDU/1603/2009, do 10 de xuño, pola que se establecen equivalencias cos títulos de graduado en Educación Secundaria Obrigatoria e de Bacharelato regulados na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Os anteriores requisitos xustificaranse da forma prevista na base 4ª das xerais.

V.- Fase concurso.

A valoración dos méritos alegados e xustificados polos/as aspirantes na quenda de promoción interna realizarase de acordo co baremo previsto na base 12ª das xerais.

VI.- Exercicios da oposición.

Constará de dous exercicios:

Primeiro exercicio.- De carácter obrigatorio e eliminatorio.

Consistirá en resolver un ou varios supostos prácticos ou realizar as tarefas que propondrá o órgano de selección, relacionadas coas materias obxecto do temario específico, no prazo que establecido polo órgano de selección en función da natureza da proba.

A cualificación de cada exercicio e a final farase de conformidade co previsto na base 10ª das xerais.

VII.- TEMARIO.

(EXCLÚESE O COMÚN PARA PRAZAS DO SUBGRUPO C2, QUE FIGURA COMO ANEXO ÁS BASES XERAIS)

- Tema 1. Unións soldadas y técnicas de soldeo. Tipos de unións e soldaduras. Preparación de soldaduras. Terminoloxía. Posicións e técnicas de soldeo.
- Tema 2. Procesos de corte e resanado. Clasificación e definicións. Corte e resanado con gas. Corte e resanado por plasma.
- Tema 3. Soldero oxigás. Principios do proceso. Gases empregados. Equipos de soldero oxiacetilénico. Varillas de aportación e fundentes. Zonas características da llama oxiacetilénica. Técnicas.
- Tema 4. Soldero por arco con electrodos revestidos. Principios do proceso. Selección do tipo de corrente. Equipo de soldero. Electrodos revestidos, tipos, manipulación e conservación. Parámetros de soldero. Técnicas operativas. Defectos típicos das soldaduras.

- Tema 5. Soldeo por arco protexido por gas. Introducción. Soldeo TIG. Soldeo MIG/MAG. Soldeo con alambre tubular.
- Tema 6. Soldeo por resistencia. Principios do proceso. Ciclo de soldeo. Variables do proceso de soldeo. Procesos do soldeo por resistencia. Equipo de soldeo. Electrodo e mordazas.
- Tema 7. Soldeo con aluminio e as súas aleacións. Propiedades do aluminio. Aleacións de aluminio. Factores que inflúen na realización de unións soldadas. Procesos de soldeo y recomendacións. Soldeos TIG, MIG, por arco con electrodo revestido e con oxigas.
- Tema 8. Seguridade e hixiene en traballos de soldadura. Análise de riscos. Medidas de prevención. Riscos e prevencións.

36.- AXUDANTE DE OFICIOS

I.- Número de prazas: 5 (reservadas para promoción interna, dúas reservadas para persoas con discapacidade, unha delas intelectual)

II.- Características.

En réxime laboral, equiparada ao subgrupo transitorio E para os efectos de titulación. Estarán dotadas coas retribucións básicas correspondentes ao subgrupo transitorio E, e as complementarias propias do posto de traballo ao que se adscriban as prazas.

Figurarán incluídas no réxime de dedicación exclusiva.

III.- Sistema de selección.

Establécese o de concurso-oposición libre entre persoal municipal ao servizo da Corporación, equiparado o subgrupo E de titulación, que cumpran cos requisitos sinalados na base 12ª das xerais e de conformidade co baremo previsto nas bases xerais desta convocatoria.

IV.- Condicións dos/as aspirantes.

Ademais das que figuran na base 4ª das xerais, as/os aspirantes deberán estar en posesión do certificado de estudos primarios ou equivalente.

Os anteriores requisitos xustificaranse da forma prevista na base 4ª das xerais.

V.- Fase concurso.

A valoración dos méritos alegados e xustificados polos/as aspirantes na quenda de promoción interna realizarase de acordo co baremo previsto na base 12ª das xerais.

VI.- Exercicios da oposición.

Constará de dous exercicios:

Primeiro exercicio.- De carácter obrigatorio e eliminatorio.



Concello de Vigo

Consistirá en contestar por escrito, no tempo que determine o órgano de selección, a un cuestionario tipo test de 20 preguntas como mínimo, con tres respostas alternativas por pregunta, relacionadas coas materias contidas no temario que figura como anexo a estas bases; cuestionario determinado polo órgano de selección inmediatamente antes do inicio do exercicio.

Neste exercicio cada resposta incorrecta penalizará a metade da puntuación de cada pregunta acertada; non puntuarán as non contestadas.

Segundo exercicio.- Práctico. De carácter obrigatorio e eliminatorio.

Consistirá en resolver un suposto práctico ou realizar as tarefas que proporá o órgano de selección, relacionadas coas materias obxecto do temario específico, no prazo que estableza o órgano de selección en función da natureza da proba.

A cualificación de cada exercicio e a final farase de conformidade co previsto na base 10ª das xerais.

VII.- TEMARIO.

(EXCLÚESE O COMÚN PARA PRAZAS DO GRUPO TRANSITORIO E DE TITULACIÓN, QUE FIGURA COMO ANEXO ÁS BASES XERAIS)

- Tema 1. Ferramentas mais utilizadas polas diferentes brigadas de obras municipais, albanelería, xardinería, electricidade, carpintería, fontanería, equipos de pavimentación, cantería, etc. Características e aplicacións.
- Tema 2. Maquinaria utilizada polas brigadas de obras. Características e aplicacións da formigoneira, compresor, martelo, dumper e compactadora. Os materiais da construción. Clases e aplicación.
- Tema 3. Operacións básicas en traballos de albanelería, xardinería, electricidade, carpintería, fontanería, equipos de pavimentación, cantería, etc.
- Tema 4. Normas elementais de apilamento e almacenaxe dos diversos materiais utilizados. A misión do axudante en relación cos diversos oficios: especial referencia aos de albanelaría, electricidade, fontanería, carpintería, xardinería, fontanería e pintura.
- Tema 5. Seguridade e saúde laboral: riscos, proteccións persoais e colectivas de carácter común aos diversos oficios. Utilización dos equipos de protección individual das brigadas dependentes do Parque Central de Servizos.

5(272).- PROXECTO DE EXECUCIÓN DE REFORMA E ACONDICIONAMENTO DO APARCAMENTO PÚBLICO DA PRAZA DE PORTUGAL DE VIGO. EXPTE. 1580/449.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 8/03/18, dáse conta do informe-proposta do 20/03/18, asinado pola xefa do Servizo de Transportes e a concelleira delegada da Área, que di o seguinte:

ANTECEDENTES DE FEITO

1º Na data 23 de febreiro de 2017, a Xunta de Goberno Local acordou a adxudicación do procedemento aberto para a contratación da concesión de servizo público do aparcadoiro situado na praza de Portugal a empresa licitadora EMPARK. Aparcamientos y Servicios S.A. a proposta da Mesa de contratación de data 19 de decembre de 2016. Dito acordo foi notificado a os licitadores na mesma data.(expediente 429-449).

2º Na data 14 de xuño de 2017 foi firmado entre o Concello e a empresa adxudicataria EMPARK. Aparcamientos y Servicios S.A. o preceptivo contrato por un periodo máximo de 30 anos contados a partir da data de aprobación do proxecto de execución do aparcamento, compromentándose a empresa adxudicataria a execución da concesión de servizo público do aparcadoiro situado na praza de Portugal con estricta suxeición os pregos de cláusulas administrativas particulares e técnicas aprobadas polo Concello. Ditos pregos foron aprobados la Xunta de Goberno Local en sesión de data 30 de setembro de 2015.

3º Na data 18 de setembro de 2017, foi presentado no Registro Xeral do Concello pola empresa Empark Aparcamientos y Servicios S.A. o proxecto executivo de reforma e acondicionamento do aparcamento público da praza de Portugal de Vigo, que foi obxecto de estudo polos distintos servizos municipais, así como de requerimentos de rectificación de determinados aspectos.

4º Na data 2 de febreiro de 2018 foi presentado no Registro Xeral do Concello pola empresa Empark Aparcamientos y Servicios S.A. o proxecto definitivo executivo de reforma e acondicionamento do aparcadoiro público da praza de Portugal de Vigo visado polo Colexio de Enxeñeiros de Camiños, Canales e Portos da demarcación de Cataluña, expediente 37642

5º Na data 15 de novembro de 2017 foi emitido informe pola Xefa da Área Técnica da Xerencia Municipal de Urbanismo segundo a cal:

“De conformidade co artigo 8.5. requirirase consulta previa á Comisión de Seguimento do Plan Especial de Edificios a Conservar cando as obras solicitadas en edificios catalogados supoñan unha actuación sobre o exterior. Neste caso, xa que as obras realízanse sobre o espazo exterior e sobre unha edificación non catalogada, non é necesario o trámite de Consulta previa.

En calquera caso os novos acabados exteriores deberán axustarse as texturas cores e materiais establecidos no apartado 8.2.4 das normas urbanísticas do dito Plan Especial: entrepanos enlucidos e pintados en branco e o resto dos cores a utilizar branco, gris, verdemusgo e vermello inglés ou negro. Ademais no caso dos aplacados de granito, non se permiten espesores inferiores a 7 cm”

6º Na data 7 de febreiro de 2018 foi emitido informe polo Enxeñeiro Técnico Industrial da Xerencia Municipal de Urbanismo.

7º O Xefe da oficina de Supervisión de Proxectos e Inspección Técnica de Obras Públicas, con data 7 de febreiro de 2018 emite informe coas seguintes conclusións:

“ A documentación do proxecto de execución considérase completa, desenrola o documento de proxecto básico polo que foi obxecto de concesión segundo resolución da Xunta de Goberno de data 23/02/2017, así mesmo o documento de proxecto de execución adecúase as determinacións que se estipulan no prego de prescricións técnicas particulares aprobado por Xunta de Goberno local de data 02/10/2015.



Concello de Vigo

Quedando o edificio coas seguintes características: Edificio de dúas plantas baixo rasante pola plaza de Portugal, para uso de garaxe aparcamento público, para un total de 193 prazas, das cales, 15 prazas son para motos y 178 prazas de aparcamento para coches destas se plantexan 6 prazas adaptadas y 5 estaran habilitadas para a recarga de coches electricos. Sendo a superficie total, a existente, que se configura da seguinte forma. Sup. Total 5.611,89 m², dos cales 109 m² corresponden a o transformador electrico, y un espacio para uso terciario de 510 m². A diferencia existentes entre a total indicada no proxecto e a indicada no prego, entendese que son meros axustes en canto a util e construída, e dita diferenca non altera a configuración e realidade existente, do conxunto.

As obras propostas teñen un importe para execución material de 927.063,86 €uros y total de 1.334.879,25 €uros, IVE incluído, as mesmas teñen un prazo de execución de 4 meses, sendo os autores do proxecto D. Jose Sierra Garcia y D. Jose Ma Sant Viella, Enxeñeiros de Camiños Canles e Portos, dito proxecto esta datado en Septiembre de 2017, y dispon de visado colexial de data 31/01/2018 y con expediente 37642/PR/610 “

8ª Na data 8 de marzo de 2018 a vista do informe da Intervención municipal o Xefe da oficina de Supervisión de Proxectos e Inspección Técnica de Obras Públicas emite unha ampliación do informe xustificativa da diferenca entre o presuposto do proxecto básico e o presuposto do proxecto de execución presentado pola empresa concesionaria:

“Tendo en conta que o proxecto básico que foi o tivo adjudicación por acordo da xunta de Goberno de data 23/02/2017, consta cun presuposto total IVE incluído de 1.087.220,00 €uros, o mesmo esta aplicado sobre un proxecto básico a nivel de anteprojecto.

Y unha vez levado a realidade, mediante un proxecto de execución, como sinalo no meu informe existen unha serie de circunstancias técnicas que oblligan a uns axustes, que como indico non alteran as características técnicas da concesión, pero ditos axustes técnicos, si alteran o presuposto, elevando o mesmo a importe total IVE incluído de 1.334.879,25 €uros, dita alteración a entendo como meros axustes técnicos de adecuación do proxecto básico a nivel de anteprojecto a realidade do edificio en cuestión.”

9º Ante a solicitude de aclaración formulada pola Concelleira Delegada de transportes se informa que a diferenca polo tanto do importe do orzamento correspondente ao proxecto básico e o proxecto de execución ven derivada dos axustes técnicos de adecuación do proxecto básico ao edificio, así como a inclusión da valoración das melloras ofertadas polo axudicatario na súa oferta e que non estaban incluídas no proxecto básico.

Ademais na data 20 de marzo de 2018 a empresa Empark S.A. concesionaria do servizo do aparcadoiro situado na praza de Portugal presenta escrito ratificándose no orzamento de execución presentado na data 2 de febreiro de 2018, asumindo o novo importe económico resultante.

Entendese que de conformidade co disposto na cláusula 50 nº 2 do prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación da concesión de servizo público do aparcadoiro situado na praza de Portugal “unha vez aprobado polo órgano de contratación o proxecto definitivo de obras, o concesionario deberá presentar, no prazo dun mes, a versión definitiva do Plan económico-financieiro da concesión cos instrumentos de financiamento de que disporá durante o período da mesma“

CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

I.- Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, especificáanse no prego de prescricions técnicas particulares para a contratación da xestión do servizo público en rexime de concesión administrativa do aparcadoiro soterrado da Praza de Portugal, aprobado pola Xunta de Goberno Local de data 30 de setembro de 2015 e de conformidade co disposto nos artigos 123 e 125 TRLCSP e 125 a 137 do regulamento de desenvolvemento, aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

II.- O proxecto de obras, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, axustase as determinacións do prego de prescricions técnicas e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, tal e como resulta da táboa que figura no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos Municipal, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta ubicación no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto.

III.-Figura no expediente informe da Intervención Municipal segundo o cal o expediente non ten que ser fiscalizado por non xerar custes para a administración local.

IV- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación (artigo 121 TRLCSP), que, de acordo coa disposición adicional 2ª. 3 TRLCSP, é a Xunta de Goberno Local.

V- Aprobado o proxecto procederase a efectuar o replanteo do mesmo no prazo de 15 días , de conformidade co disposto na cláusula 5 do prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación da concesión de servizo público do aparcadoiro situado na Praza de Portugal .(artigo 126 TRLCSP).

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO

Aprobar o proxecto executivo de reforma e acondicionamento do aparcamento público da praza de Portugal de Vigo presentado pola empresa EMPARK S.L. na data 2 de febreiro de 2018, redactado por D. Jose Sierra Garcia y D. Jose Ma Sant Viella, Enxeñeiros de Camiños Canles e Portos,pola Enxeñeira de Camiños, Canais e Portos Dna. Trinidad López Rodríguez, con visado colexial de data 31/01/2018 y con expediente 37642/PR/61O e con un orzamento de 1.334.879,25 euros, IVE incluído .

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(273).- PROXECTO DE CONVENIO POLO QUE SE REGULA A SUBVENCIÓN NOMINATIVA Á ASOCIACIÓN VECIÑAL CULTURAL E DEPORTIVA DE LAVADORES POLO DESENVOLVEMENTO DUN PROGRAMA DE DINAMIZACIÓN INFANTIL E XUVENIL. EXPTE. 5130/336.

Visto o informe xurídico de data 7/03/18, e o informe de fiscalización do 16/03/18, dáse conta do informe-proposta do 20/03/18, asinado pola xefa do Servizo de



Concello de Vigo

Xuventude, a concelleira delegada da Área e o concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Ante o informe de Intervención de data 16/03/2018, no que sinalaba a necesidade de incluír no calusulado do convenio a obriga establecida no artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), foi introducida dita obriga na cláusula cuarta e novena do convenio que se acega no presente informe.

Segundo a lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalidade e sustentabilidade da Administración Local, establece no artigo primeiro apartado oito a redacción que terá o artigo 25, mantendo entre as competencias do municipio: "Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre".

O presente convenio está relacionado coa ocupación do tempo libre de nenos e nenas do municipio, polo que a Administración Local en base á citada lei, ten competencias propias para tal fin.

Dende a Concellería de Xuventude prantexamos a sinatura dun convenio de colaboración entre o Concello e o Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva de Lavadores, para o desenvolvemento de actividades de dinamización infantil e xuvenil durante o ano 2018.

O Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva de Lavadores vén colaborando coa Concellería de Xuventude dende 2001 na realización de actividades.

O obxecto do presente convenio é desenvolver un PROGRAMA DE DINAMIZACIÓN INFANTIL E XUVENIL que cubra as necesidades de ocio e tempo de lecer d@s máis nov@s e cun marcado carácter formativo en valores positivos para o seu desenvolvemento integral e a súa socialización.

Este programa será levado a cabo nas instalacións da asociación, axeitadas para o desenvolvemento do mesmo, por contar cun espazo de zona axardinada ao aire libre que facilita o desenvolvemento de ditas actividades.

Que na devandita actividade a subvencionar e na subvención mesma concorren singulares circunstancias de interese público e social polo que o Concello de Vigo, a través da Concellaría de Xuventude, decide apoiar a realización de actividades lúdicas regulares en espazos de lecer educativo destinados a rapaces e rapazas da cidade de Vigo, e ás súas familias, co obxecto de potenciar o desenvolvemento mental, psicomotor, afectivo e sensorial de nenos e nenas, así como fomentar a participación nos distintos ámbitos da sociedade.

Que o Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva de Lavadores é a única entidade que desenvolveu en Lavadores este programa de dinamización infantil e xuvenil dun xeito continuado dende o ano 2001, contando Cun espazo axeitado e con capacidade organizativa para afrontar esta actividade que ten un claro interese público e zonal, figurando no orzamento do presente ano unha partida nominativa específica 3370.489.00.02 cunha dotación de 28.000 €, destinada a tal fin.

Dadas as características desta actividade, así como o lugar no que se desenvolve, o Concello de Vigo entende que a organización da mesma debe recaer na entidade que a ven executando dende fai dezaseis anos, cos seguintes horarios: de luns a venres, en días hábiles, en horario comprendido entre as 16:00 e 20:00 hs. En xuño, a partir das vacacións escolares e en xullo, o horario será de 09:30 a 13:30 h, excepto o mes de agosto que non se prestará o Servizo.

A asociación Veciñal, Cultural e Deportiva de Lavadores destinará á actividade un mínimo de dúas persoas que traballarán en equipo diariamente e de forma conxunta, non podendo por seguridade dos menores asistentes, estar unha sola persoa en ningún momento en que se desenvolva a actividade. Este persoal contará coa titulación de Monitor/a de Tempo Libre e un/ unha deles/as con formación en Grao nalgunha das áreas sociais.

Por todo elo propónse a necesidade da sinatura dun convenio de colaboración para a xestión do programa de dinamización infantil e xuvenil en Lavadores durante o ano 2018. Esta subvención cun importe de 28.000 € establécese a través dun convenio coa Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva de Lavadores.

A normativa aplicable está de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será instrumento adecuado para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos xerais do estado o das corporacións locais, sin perxuízo do que a este respecto estableza a súa normativa reguladora.

Cómpre subliñar que dita entidade é unha das tres coas que a Concellería de Xuventude asinará convenios para o desenvolvemento de actividades de dinamización infantil e xuvenil na cidade de Vigo.

CONVENIO

Na Casa do Concello de Vigo, a

REUNIDOS

Dunha parte, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, en calidade de Alcalde do Concello de Vigo con CIF P3605700-H.

Doutra, D. Eduardo Fernández Pérez, con DNI: 35961107D como presidente da Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva de Lavadores, CIF: G36633618 e enderezo social en Rúa Ramón Nieto nº 302, na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente número 5130/336

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.- Que a entidade Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva de Lavadores ten entre os seus obxectivos a defensa da calidade de vida dos/as veciños e veciñas en todos os seus eidos, a consecución dos medios materiais, sociais, culturais e deportivos que fagan da parroquia



Concello de Vigo

de Lavadores un lugar digno onde vivir e convivir. Estes obxectivos concordan co desenvolvemento do programa de dinamización infantil e

xuvenil que propoñen e coinciden cos da Concellaría de Xuventude no que se refire ao desenvolvemento de actividades lúdicas regulares en espazos de lecer educativo destinados a rapaces e rapazas da cidade de Vigo e ás súas familias, co obxecto de potenciar o desenvolvemento mental, psicomotor, afectivo e sensorial de nenos e nenas, así como fomentar a participación nos distintos ámbitos da sociedade.

II.- *Que o Concello de Vigo a traveso da Concellaría de Xuventude ten entre os seus obxectivos a dinamización xuvenil, así como o potenciar a participación, apoiando iniciativas xuvenís e das entidades prestadoras de servizos á xuventude.*

Que unha das liñas de acción empregadas para cumprir os obxectivos citados é a potenciación de espazos lúdicos para nenas e nenos onde se poida combinar tempo de lecer, diversión e desenvolvemento persoal integral a traveso do xogo, a cal ven a coincidir coa proposta que realiza a Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva de Lavadores, referida ao desenvolvemento da actividade de dinamización infantil e xuvenil, polo que considerase convinte a concesión da subvención solicitada, tendo en conta que a actividade proposta na solicitude de subvención é, como sinala García de Enterría, "a actividade xurídica da Administración pública que comporta o outorgamento de auxilios directos ou indirectos para servizos ou actividades que complementan ou suplen os atribuídos ó ente público".

III.- *Por todo elo, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na aplicación orzamentaria 3370.489.00.02, prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 28.000 euros, a favor da ASOCIACIÓN VECIÑAL, CULTURAL E DEPORTIVA DE LAVADORES.*

IV.- *Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervincentes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é a realización de actividades lúdicas regulares en espazos de lecer educativo destinados a rapaces e rapazas da cidade de Vigo e ás súas familias, co obxecto de potenciar o desenvolvemento mental, psicomotor, afectivo e sensorial de nenos e nenas, así como fomentar a participación nos distintos ámbitos da sociedade.*

V.- *Que a entidade Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva de Lavadores non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, achase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente número 5130/336.*

Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social, que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva de Lavadores o Concello de Vigo e a Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva de Lavadores, conveñen a súa colaboración no ámbito de desenvolvemento da actividade de dinamización infantil e xu-

venil para nenos e nenas de educación primaria (6 a 12 anos), proposta e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

PACTOS

Primeiro.- A entidade Asociación Veciñal , Cultural e Deportiva de Lavadores comprométese a desenvolver a actividade de dinamización infantil e xuvenil en Lavadores e, concretamente, a:

1º.- Ofrecer un espazo de lecer educativo estable e gratuíto, para rapaces e rapazas de educación primaria, con idades comprendidas entre os 6 e 12 anos , no inmovble denominado Villa Galicia, na rúa Ramón Nieto núm. 302, de acordo co programa presentado, de luns a venres en horario 16:00 e 20:00 horas agás nas vacacións de verán que será de 9:30 a 13:30 horas

2º.- Destinar á actividade un mínimo de dúas persoas, que traballarán en equipo diariamente e de forma conxunta, non podendo por seguridade dos menores asistentes , estar unha sola persoa en ningún momento en que se desenvolva a actividade. Este persoal contará coa titulación de Monitor/a de Tempo Libre e un/ unha deles/as con formación en Grao nalgunha das áreas sociais.

3º.- Promover o desenvolvemento cognitivo, psicomotor, afectivo e social das nenas e nenos destinatarios a través do xogo e de actividades lúdicas.

4º.- Favorecer a participación e a integración social das persoas destinatarias, así coma das súas familias.

5º.- Facilitar a adquisición de normas e hábitos saudables e de convivencia entre os persoas destinatarias, así como o desenvolvemento máximo de habilidades e capacidades persoais e grupais.

6º.- Posibilitar o coñecemento da cultura e da lingua galega, a historia da cidade e os recursos dos que dispón.

7º.- Procurar a conciliación da vida laboral e familiar axustando os horarios das actividades ás necesidades e características específicas das familias do contorno.

8º.- Fomentar a educación en igualdade de oportunidades entre nenas e nenos así como promover a coeducación para previr a violencia de xénero.

En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Garantir a prestación adecuada das actividades de dinamización infantil a traveso da supervisión das mesmas polo persoal técnico da Concellería de Xuventude, que será o encargado do seguimento da execución do convenio, así como certificar o seu cumprimento unha vez rematadas as actividades obxecto do mesmo.



Concello de Vigo

2º.- Conceder directamente á Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva de Lavadores unha subvención por importe de 28.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 3370.489.00.02 do orzamento en vigor, co obxecto de coadxudar á financiación da actividade de dinamización infantil no ano 2018.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquer outra administración ou de entes

públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade Asociación Cultural, Veciñal e Deportiva de Lavadores deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada.

Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Co obxecto de facilitar á entidade o pago de salarios de persoal e seguros sociais do mesmo, e tendo en conta que trátase dunha entidade sen ánimo de lucro e cunha economía limitada, posibilitase o pagamento da subvención en dous prazos; o primeiro deles anticipado, á sinatura do presente convenio do 50% do importe total (14.000 €) e outro do 50% restante (14.000 €) á finalización do mesmo, previa certificación de cumprimento. Debido ás razóns anteriormente descritas, non se establecen reximen de garantías dos fondos entregados.

A xustificación do importe total recibido presentarase coa certificación dun técnico do servizo de Xuventude xunto coas facturas orixinais correspondentes aos gastos totais, unha vez rematada a actividade.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), a Asociación Veciñal Cultural e Deportiva de Lavadores está obrigada a relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas.

Para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da LXS establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables,

que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

Quinto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran, na execución da actividade subvencionada, as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción .

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Sexto.- A entidade beneficiaria poderá subcontratar con terceiros ata un 75% do importe da actividade subvencionada.

Non poderan ser subcontratistas as persoas ou entidades a que se refire o apartado 7 do artigo 27 da Lei de subvenciones de Galicia.

Sétimo.- A entidade Asociación Cultural, Veciñal e Deportiva de Lavadores debe dar a adecuada publicidade á financiación municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión do logotipo da Concellaría de Xuventude do Concello de Vigo.

Oitavo.- A presente subvención terá a publicidade prevista no artigo 15 da Lei de subvencións de Galicia.

A presente subvención terá a publicidade prevista no artigo 15 da Lei de subvencións de Galicia.

Segundo a Lei Xeral de Subvencións rexistrarase na Base de Datos Nacional de Subvencións e darase publicidade.

Asimesmo por imperativo da Lei Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e booo goberno tamén se publicará no Portal de Transparencia.

(Cando a publicación dos datos do beneficiario poida ser contraria ao respecto e salvagarda do honor e a intimidade persoal e familiar das persoas físicas, da Asociación Cultural, Veciñal e Deportiva de Lavadores, estas poderán exercer o seu dereito a que tales datos non se fagan públicos).

Noveno.- A Asociación Asociación Cultural, Veciñal e Deportiva de Lavadores deberá **xustificar** o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, dentro do ano natural na que se concedeu **a subvención e antes do 16 de novembro do presente ano.**

A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar:

a) Que os xustificantes de gasto incluídos na conta xustificativa foron aplicados ás actividades subvencionadas.



Concello de Vigo

b) Cando se xustifiquen gastos que constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeito a retención, que foi practicada a pertinente retención, así como que foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.

c) Manifestación doutros ingresos ou subvencións que financien o proxecto subvencionado con indicación do seu importe e procedencia.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos.

A entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

As facturas, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1619/2012/2003, de 30 de novembro polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Non será preciso que nos documentos xustificativos de pago conste de forma expresa que os pagos aos que os mesmos se refiren foron satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de euros; segundo establece a Base 38.4 de Execución, referente á forma de xustificación.

Se a Asociación Cultural, Veciñal e Deportiva de Lavadores solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e se o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

Décimo.- Antes de proceder ao pago da subvención a Asociación Cultural, Veciñal e Deportiva de Lavadores deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

Décimo primeiro.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo comprendido entre xaneiro e 16 de novembro de 2018.

A Asociación Cultural, Veciñal e Deportiva de Lavadores deberá solicitar 3 ofertas nos contratos de subministros e servizos cando o gasto exceda de 15.000€, por aplicación do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, salvo que non exista mercado para ditas contratacións.

Décimo segundo.- A realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención, así como a axeitada xustificación da mesma, será comprobada polos servizos da Concellería de Xuventude. O xefe do servizo de Xuventude emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada, que será incorporado á conta xustificativa para a súa tramitación.

Décimo terceiro.- A Asociación Cultural, Veciñal e Deportiva de Lavadores deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Xuventude e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo cuarto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

O incumprimento da obriga de destinar á actividade un mínimo de dúas persoas, que traballarán en equipo diariamente e de forma conxunta, sen que en ningún caso a vixianza e atención dos menores poida, por seguridade destes, ser prestada por unha soa persoa, configúrase como unha obriga esencial na actividade obxecto da subvención, cuxo incumprimento dara lugar á perda do dereito ao cobro da subvención e o reintegro das cantidades percibidas.

Décimo quinto.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a asociación cultural, veciñal e Deportiva de lavadores da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no título iv da lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no rd 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o regulamento do procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.

Décimo sexto.- A Asociación Cultural, Veciñal e Deportiva de Lavadores está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade sub-



Concello de Vigo

vencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e o IVE, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo ns Públicas e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Xuventude.

A Asociación Cultural, Veciñal e Deportiva de Lavadores poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Xuventude do Concello de Vigo.

Décimo sétimo.- *A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerá pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.*

E, en proba da súa conformidade, asinan o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, a

O Alcalde

Presidente da AVCD de Lavadores

Asdo: Abel Caballero Álvarez

D.Eduardo Fernández Pérez

Por todo o exposto **proponse a Xunta de Goberno Local** a Adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO: "Aprobación do texto do convenio para desenvolver un Programa de Dinamización Infantil e Xuvenil entre o Concello de Vigo e o Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva de Lavadores, que se adxunta o presente expediente.

SEGUNDO: Aprobar o gasto de 28.000 EUROS a favor da entidade Asociación Veciñal de Lavadores CIF: G36633618 con cargo á aplicación orzamentaria 3370.489.00.02 do vixente orzamento.

TERCEIRO: Que por ser unha entidade sen ánimo de lucro e cunha economía limitada se libre a cantidade de 14.000 EUROS correspondentes ao 50% do total á sinatura deste convenio, e o 50% restante (14.000 EUROS) á finalización do mesmo, ao tratarse dunha entidade sen ánimo de lucro con fins estritamente de carácter social non se esixen garantías.

CUARTO: Facultar á Concelleira de Xuventude, Eugenia Dolores Blanco Iglesias para a sinatura do presente convenio"

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e nove minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Olga Alonso Suárez.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez